Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 28/08/2023 08:09:17
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 126

Sesión plenaria
30 de maio de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

1.1 53803 (11/CPP-000127)
Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre políticas de vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

Punto 2. Mocións

2.1 53593 (11/MOC-000158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 41335, publicada no BOPG núm. 386 do 27 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 9 de maio de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

2.2 53613 (11/MOC-000159)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra
Sobre a vivenda pública e protexida (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 52572, publicada no BOPG núm. 483 do 19 de abril de 2022, e debatida na sesión plenaria do 9 de maio de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 41590 (11/PNP-003516)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

3.2 45188 (11/PNP-003836)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 7 deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para reiterar a necesidade de deseñar unha proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade con criterios homologables e uniformes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.3 50219 (11/PNP-004140)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis
Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que garanta a cogobernanza real e efectiva coas comunidades autónomas do ecosistema industrial español, así como dos fondos Next Generation UE destinados á industria
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 458, do 22.02.2023

3.4 51606 (11/PNP-004270)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación da Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 21.03.2023

3.5 53033 (11/PNP-004392)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de explotación da mina de San Fins, en Lousame
Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

3.6 53427 (11/PNP-004432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

Punto 4. Interpelacións

4.1 33049 (11/INT-001669)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

4.2 49972 (11/INT-002388)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre o abandono de explotacións agrarias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.3 50311 (11/INT-002408)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado
Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

4.4 51154 (11/INT-002448)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 53797 (11/POPX-000107)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre os cambios que prevé realizar a Xunta de Galicia para mellorar a eficiencia na resposta do Goberno aos problemas da sociedade galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

5.2 53800 (11/POPX-000108)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre como valora o presidente da Xunta a situación social e económica de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 52851 (11/POP-008142)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa externalización da elaboración da estratexia para abordar o desafío climático e ambiental de Sogama
Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

6.2 45898 (11/POP-006856)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a información da que dispón o Goberno galego sobre a entrada en servizo na rede ferroviaria da nosa Comunidade Autonómica dos trens Avril, que permitan garantir os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno central
Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.3 53790 (11/PUP-000337)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a previsión da Xunta de Galicia de facer un plan de conservación das estradas de competencia autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

6.4 53118 (11/POP-008180)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as previsións respecto da regulación da aprendizaxe do idioma portugués nos centros de ensino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

6.5 53528 (11/POP-008226)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa
Sobre o cumprimento do acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

6.6 49123 (11/POP-007575)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e tres deputados/as máis
Sobre os problemas no centro terapéutico ocupacional público de Souto de Leixa, no concello de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

6.7 52037 (11/POP-008043)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre o impacto que está a supoñer a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos no número de matriculacións neste curso e na economía das familias galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

6.8 52744 (11/POP-008129)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das casas niño sete anos despois da súa posta en funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

6.9 53770 (11/PUP-000336)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante as perdas causadas pola seca na produción agrogandeira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 25.05.2023

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e nove minutos da mañá.

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre políticas de vivenda. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 11.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Arias (S)* (Páx. 19.), *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 22.) *e Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 26.)
Réplica do Goberno*: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 29.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 32.) *Nesta rolda interveñen o señor Ojea Arias (S)* (Páx. 32.), *a señora Fernández Gómez (BNG)* (Páx. .35), a *señora Freire Vázquez (P)* (Páx. 37.) *e a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 38.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas, sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 42.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 45.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Ferro Iglesias (P).* (Páx. 48.)

A señora Queixas Zas (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 50.)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez, sobre a vivenda pública e protexida. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 3.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Arias (S)* (Páx. 56.) e *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 59.)

Nova intervención da señora Fernández Gómez (BNG). (Páx. 62.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas, sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez, sobre a vivenda pública e protexida: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) *comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 66.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 68.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 72.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 76.)

Suspéndese a sesión ás dúas e nove minutos da tarde e retómase ás catro.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ovidio Rodeiro Tato e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para reiterar a necesidade de deseñar unha proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade con criterios homologables e uniformes. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 78.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 81.) e *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 84.)

Nova intervención da señora Díaz Mouteira (P). (Páx. 86.)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que garanta a cogobernanza real e efectiva coas comunidades autónomas do ecosistema industrial español, así como dos fondos Next Generation UE destinados á industria. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) *comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 88.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 89.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 91.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 95.)

A señora Sanz Arias (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 97.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación da Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 100.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 1103.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 107.)

A señora Carreira Pazos (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de explotación da mina de San Fins, en Lousame. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. .112)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 115.) e *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 118.)

Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 122.)

O señor presidente solicítalle ao señor Arangüena Fernández (S) que retire determinadas expresións do seu discurso anterior. (Páx. 124.)

O señor Arangüena Fernández (S) intervén sobre este asunto e retira algunhas das súas palabras. (Páx. 124.)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 127.) Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. González Iglesias (BNG)* (Páx. 130.) e *Sra. Pérez López (P).* (Páx. 133.)

Nova intervención da señora Gallego Sanromán (S). (Páx. 136.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei, do G. P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 138.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ovidio Rodeiro Tato e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para reiterar a necesidade de deseñar unha proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade con criterios homologables e uniformes: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 138.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que garanta a cogobernanza real e efectiva coas comunidades autónomas do ecosistema industrial español, así como dos fondos Next Generation UE destinados á industria: *aprobada por 56 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 138.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación da Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 139.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de explotación da mina de San Fins, en Lousame: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 139.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 140.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e nove minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión. A orde do día xa está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non hai neste momento xustificacións de inasistencias. Entramos na orde do día, co primeiro punto, comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre políticas de vivenda

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

Eu, en primeiro lugar, quero felicitar os próximos alcaldes e alcaldesas que foron deputados e deputadas nesta lexislatura. ¡Parabéns para todos eles! E, tal e como dicía un compañeiro, preparádevos para traballar, que, na política local, se traballa moito, igual que na autonómica. *(Aplausos.)*

Comparezo hoxe a petición propia no Pleno do Parlamento para dar conta da política da Xunta en materia de vivenda e, polo tanto, para dar a coñecer as liñas e os obxectivos que nos marcamos no que queda de lexislatura e, sobre todo, nos vindeiros meses.

Nesta sesión ofrecereilles os datos sobre as previsións do Goberno galego para o segundo trimestre do ano 2023. Explicarei as liñas de traballo, que non poden ser doutro xeito e que han de estar marcadas pola base, e esa base parte do Pacto social pola vivenda e da Estratexia, que recentemente foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia. Espero que esta comparecencia sirva tamén para tratar nesta Cámara o incerto escenario que se abre tras a entrada en vigor o pasado venres da denominada Lei polo dereito á vivenda e que isto me permita, ademais, coñecer as posturas dos distintos grupos sobre o feito de que dende o Goberno central, dende Madrid, se dirixan e marquen unhas competencias autonómicas sen ter en conta en absoluto as comunidades autónomas. Eu agardo que isto cambie máis pronto ca tarde, porque non se ten en conta nin a experiencia das comunidades nin os criterios do sector; en resumo, non se tivo en conta a ninguén.

Fronte a esta imposición, contrasta o traballo da Xunta de Galicia, que é plenamente consciente dun dos maiores problemas que teñen os galegos e as galegas, que é esa inquedanza cando un é novo por emanciparse, por ter unha vivenda; ou, sen ser novo, esa inquedanza que, ao longo da nosa vida, nos pode acarrear ter que pagar un alugueiro ou ter que mercar unha vivenda.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Facilitarlles ás familias e aos galegos o acceso a unha vivenda, sobre todo aos colectivos con máis dificultades, ese é o obxectivo da Xunta de Galicia. E para dar resposta a esta necesidade levamos anos traballando, primeiro cun plan, o Plan RehaVIta 2015-2020 —foi o primeiro plan de vivenda que tivo Galicia—; e dende o ano 2021 co Pacto social pola vivenda, aprobado polo Observatorio da Vivenda de Galicia, onde están representados todos os sectores. Grazas a todo este traballo —traballo de anos—, a política da Xunta en materia de vivenda parte dunha base, e esa base son os cidadáns; e dunha análise, e esa análise son as necesidades que teñen os galegos e as galegas á hora de acceder a un fogar. Iso é algo que contrasta cos recentes e múltiples anuncios electoralistas do Goberno central en materia de vivenda en véspera dunhas eleccións, e é certo que agora xa estamos en vésperas de novo doutras eleccións. Isto contribuíu a que no sector se xerasen dúbidas e tamén se xerase desconfianza entre as administracións públicas competentes e o sector, e iso non é bo para avanzar en materia de vivenda.

Centrándome en Galicia, en primeiro lugar, gustaríame darlles datos sobre o que levamos feito ata o momento en materia de vivenda. O certo é que non hai fórmulas máxicas en vivenda. Non é un simple titular, hai moito traballo de por medio; polo tanto, trátase de solucionar os problemas e de poñer medidas, e esas medidas han de estar planificadas.

Teño que dicirlles que na actualidade a Xunta é propietaria de máis de 3.800 vivendas de promoción pública que están adxudicadas todas elas en réxime de alugueiro. Gustaríame destacar que dende o ano 2009 o Goberno galego mobilizou un total de 4.640 vivendas de promoción pública: 2.359 de nova construción, ou recentemente rehabilitadas, e 2.281 en segundas e sucesivas adxudicacións. Ademais, cualificáronse 5.737 vivendas como protexidas, en colaboración cos promotores privados, que é outro dos eixos que debemos de poñer en valor en materia de vivenda. Investíronse un total de 80,5 millóns de euros para a adquisición de terreos, que levaron tamén traballos técnicos e obras de urbanización para obter o solo residencial do que agora mesmo dispón a Comunidade Autónoma; un esforzo económico co que o Goberno galego puido investir e, polo tanto, ter solo, no caso da Coruña, para 1.100 vivendas protexidas; no caso de Vigo, para 1.600 vivendas protexidas; en Ferrol, para 973 vivendas; en Pontevedra, para 240; e no caso de Lugo, para 370 vivendas protexidas. Ademais, o Goberno galego aforroulle 360 millóns de euros aos galegos, grazas ás desgravacións e medidas fiscais aplicadas neste eido.

Por último, en canto ás axudas e programas postos en marcha por parte da Xunta de Galicia, destináronse un total de 714 millóns de euros a apoiar 140.000 familias galegas no acceso mediante compra ou alugueiro ou na rehabilitación da súa vivenda. Concretamente, convocamos axudas para a adquisición de vivendas, facilitando o acceso a través de axudas á compra de vivendas protexidas e nos cascos históricos. Os menores de 35 anos optaron a axudas para mercar vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes. Iniciouse o trámite —e xa está agora en vigor— para conceder aos menores de 36 anos un aval de ata o 20 por cento cando merquen unha vivenda, e na primeira semana recibimos un total de 50 solicitudes ao respecto. Tamén apostamos pola rehabilitación a través de programas como o Rexurbe, co que adquirimos inmobles en conxuntos históricos degradados —a previsión é obter 157 vivendas— e por axudas a particulares e a comunidades de propietarios con destino á mellora da accesibilidade e á eficiencia enerxética das súas vivendas; por axudas para os concellos

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal e por axudas para a mellora das contornas residenciais de forma integral a través das áreas de rehabilitación integral, as agora denominadas tamén «barrios».

E, por último, apostamos polas axudas ao alugueiro, que entendemos que son fundamentais; alugueiro xeral para reducir o esforzo que teñen que facer as familias cada mes para poder chegar; polo Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero, que cobre o cen por cento da renda, podendo chegar ata cinco anos, e, se se segue nunha situación vulnerable, incluso poder reforzarse esa situación. E teño que facer un inciso no Bono Alugueiro Mozo para menores de 35 anos. Chegamos a un total de 4.000. Viñamos dicindo dende un principio que iamos quedar moi curtos, e houbo un total de 14.400 solicitudes. Eu teño que dicir aquí que foron moi escasos os fondos —que dende Galicia o dixemos dende un primeiro momento— e que vimos de solicitar máis fondos, coñecedores de que en moitas das comunidades autónomas non foron quen de sacar este bono para adiante, entre outras cousas, polas grandes dificultades que entrañaba. E, a pesar de pedir unha e mil veces a simplificación, non acabou de chegar.

Ao mesmo tempo, puxemos enriba da mesa as inxustizas, como que se un xove comparte alugueiro con outro xove e un deles non cumpre cos requisitos, ao final, aínda cumprindo o primeiro, non podía ter acceso a estes fondos. Iso é algo que, sen dúbida, se debe de mudar, por entender que é unha inxustiza.

E agora falamos do que temos previsto ata o ano 2026. Non nos detemos no feito. O pasado mes de marzo aprobamos a Estratexia de vivenda pública e protexida, de aquí ao ano 2026, que ten un orzamento de 250 millóns de euros. Esta estratexia non só parte do Goberno, non só parte da Consellería de Medio Ambiente, senón que parte de algo fundamental, parte dese marco que debería de haber a nivel nacional e que se debe de exportar, que é o marco do Pacto social pola vivenda, que foi asinado en Galicia no ano 2021. Nela fíxanse grandes obxectivos: por un lado, reforzar o actual parque público residencial da Xunta, que neste momento está integrado por 3.800 vivendas. Queremos acadar un 50 por cento máis; polo tanto, chegaremos ás 5.600 vivendas públicas no ano 2026 en réxime de alugueiro. Tamén queremos impulsar a construción de solo público doutras 3.000 vivendas por parte de promotores privados. Para iso hai que reformular a lei que foi publicada no BOE o pasado venres, porque, se non, vai haber unha total parálise; e así o parque público actual acadará parte dos obxectivos que nos marcamos, e, aínda así, non é suficiente. Todas estas vivendas —959— serán de nova construción e en total dividiranse por aquelas zonas onde hai unha maior demanda: na Coruña, 138; en Vigo, 409; en Pontevedra, 76; en Lugo, 128; en Ferrol, 54; en Mos, 24; en Ourense, 70; e, no caso de Santiago, 60. Xa estamos licitando e adxudicando a redacción dos seus proxectos; como exemplo, a semana pasada adxudicamos a redacción dos proxectos para 66 vivendas públicas en Ourense por 530.000 euros. Tamén adxudicamos por 159.000 euros o proxecto para construír un bloque de 18 vivendas públicas en Navia, e formalizamos outro contrato para o proxecto doutro grupo de 18 vivendas tamén no mesmo lugar. Outras 260 serán promovidas por promotores privados e concellos, grazas ás axudas dadas pola Xunta de Galicia, que se van destinar a alugueiro a prezo regulado durante un período mínimo de cincuenta anos, e pasarán a formar parte do parque público de vivenda de Galicia. E 331 serán de titularidade municipal, tamén coas axudas da Xunta

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para incrementar ese parque e destinalo ao alugueiro social en concellos de menos de 20.000 habitantes porque teñen menos recursos e 157 vivendas rehabilitadas nos cascos históricos a través do Programa Rexurbe. De verdade, os que ides ser alcaldes —e xa mo escoitastes en moitas ocasións— marcade prioridades. Esas prioridades teñen que ser as licenzas, para que sexamos quen de rehabilitar esas vivendas nos cascos históricos que están adquiridas e están caendo, que están en añicos. E as adquiridas a entidades como Abanca e Sareb, ata alcanzar un total de 125 inmobles entre as operacións xa realizadas e as previstas. Aquí, unha vez máis, quero facer un inciso. Xa pasou unha campaña electoral, e é certo que vén outra campaña electoral, e, como sabedes, de todas aquelas que se ofrecían da Sareb tan só cinco teñen licenza de primeira ocupación, e a Administración pública, a Xunta de Galicia, non pode mercar nada que non estea perfectamente regularizado.

A través da Estratexia tamén se impulsará a vivenda protexida, é dicir, aquela promovida por empresas privadas e por cooperativas. No marco dela poñeremos á disposición dezasete parcelas; esas dezasete parcelas están distribuídas en Ferrol, A Coruña, Lugo e Pontevedra, ben é certo que a maior demanda e o maior interese neste momento está na Coruña. Pero temos capacidade para un total de mil vivendas.

Seguiremos traballando no acondicionamento do solo nas cidades. E aquí temos o caso de Vigo. En Vigo xa vedes que estamos quitando os proxectos, xa os estamos adxudicando. En vésperas de eleccións municipais chegounos a primeira licenza —¡non era sen tempo!—. Eu agardo que agora, que xa se asentan os gobernos municipais, pois nos axilicen os trámites para que sexamos capaces de entrar, de urbanizar e xa de construír esas vivendas. E na Coruña estamos promovendo o cambio de uso residencial de dúas mazás en Xuxán, porque non ten sentido xa ese uso para incrementar en arredor de cincocentas as vivendas xa proxectadas neste barrio. É dicir, queremos pasalo a residencial, porque era un uso de servizos que agora non ten demanda e non ten razón de ser. E planificaremos novos desenvolvementos de solo público da man dos concellos, que tamén teñen competencias nesta materia, para destinalos á construción de vivenda alí onde haxa demanda.

Por último, quero destacar que só neste 2023 a Xunta de Galicia ten previsto convocar un total de 24 liñas de axudas, axudas e programas de apoio dirixidos a particulares, a concellos e a promotores privados, cunha dotación global duns 140 millóns de euros. Polo momento, xa están convocadas as axudas para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal, tamén están convocadas as axudas de rehabilitación de infravivenda, as de comunidades de vivenda pública, as de compra para persoas mozas para contribuír ao reto demográfico naqueles concellos de menos de 10.000 habitantes, a construción de vivendas para alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes, tamén está convocado o aval para a mocidade, está convocado o Bono de Alugueiro Social e as axudas ao alugueiro normal. No primeiro caso, son 14,9 millóns de euros e, no segundo, 13,7 millóns de euros. E tamén acabamos de aprobar recentemente, no Consello da Xunta, as axudas para a mellora da accesibilidade, que están dotadas de 9 millóns de euros. Estas van saír publicadas o vindeiro venres no DOG e poderán solicitarse a partir do próximo luns. Estas axudas están destinadas a facer os inmobles máis accesibles —sabemos que aínda temos moitos en Galicia que non teñen esa accesibilidade universal que nós demandamos— e estarán abertas polo menos por tres meses. Queremos chegar así a 1.700 beneficiarios, para que melloren as súas vivendas coa

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

instalación de ascensores, de salvaescaleiras ou de ramplas. E tamén queremos mellorar os accesos dende a vía pública e colocar sistemas tecnolóxicos, como poden ser guiados, sinais luminosos, visuais, táctiles ou sonoros; dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior. En resumo, todo tipo de tecnoloxía que favoreza a autonomía dunha persoa.

Tamén se convocarán proximamente as axudas para a rehabilitación enerxética, tanto a nivel de vivenda como a nivel de edificio. No primeiro caso, son 3,8 millóns de euros —tamén foron xa ao Consello da Xunta— e, no segundo, a nivel de edificio, e debido á gran demanda destes fondos no pasado ano e a que se certificou o cen por cento dos fondos europeos, incrementamos ata 36,44 millóns de euros, aos que temos que sumar 2,8 millóns de euros para as axudas destinadas ao libro de edificio —que sabedes que en breve vai ser obrigatorio e, polo tanto, é bo que a xente xa o vaia solicitando—, así como as axudas para as redaccións do proxecto. Non sempre a xente solicitaba estas axudas, porque tes que facer primeiro un proxecto, non sabes se, ao final, che van conceder a axuda, e iso supoñía un custo que eles tiñan que adiantar. Xa o pasado ano decidimos que deberían de subvencionarse os proxectos, e así o estamos facendo na actualidade.

Por suposto, antes do verán, convocaremos as axudas para a compra de vivenda protexida e as axudas para mercar nos cascos históricos. Sabedes que isto está aberto a todo o colectivo. Primeiro, comezaramos cos menores de 36 anos. Ben é certo que había xente que nun momento determinado se foi ás aforas da cidade e que quería voltar. Entón, é bo facilitarlles que volvan aos centros das cidades e aos cascos históricos. E tamén convocaremos as ARI supramunicipais.

Todo este avance de Galicia estase vendo un pouco afectado —un pouco bastante— pola incerteza que se está xerando a nivel estatal. É certo que a Lei polo dereito á vivenda leva uns días en vigor; entrou o pasado venres, e hai moitas preguntas ao respecto por parte do sector. E o que xa está habendo é unha parálise de certos proxectos que se ían levar a cabo e que entenden que con esta non se lles está dando con a seguridade xurídica que necesitan. Por iso, nas últimas semanas a Xunta exixiu en varias ocasións ao Executivo central diálogo coas comunidades autónomas —é primordial ese diálogo coas comunidades autónomas— e a convocatoria dunha conferencia sectorial, que non acabou de chegar e que eu entendo que non vai chegar —digo que non vai chegar porque xa está aí a convocatoria doutras eleccións—. Por suposto, nós exiximos diálogo, goberne quen goberne, porque é a nosa obrigación.

Tamén convocamos de urxencia o Observatorio da Vivenda de Galicia para consultar a todos os axentes, a todas as administracións, sobre a lei —aí está a Fegamp representada—, trasladando ao Ministerio as obxeccións que por parte de todos os integrantes se puxeron enriba da mesa. É de lamentar que non tivemos resposta ningún dos gobernos autonómicos, a pesar de que temos as competencias en vivenda e de que necesitamos e reivindicamos o respecto que merecemos. Non fomos consultados; tampouco fomos informados sobre esta normativa, pero seguiremos no mesmo camiño que emprendemos no seu día.

Por iso, e ante a entrada en vigor dunha lei que suscitou durante a súa tramitación nas Cortes unha gran oposición —foron seis vetos á totalidade e máis de catrocentas emendas—, como

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sempre fai a Xunta, neste momento estamos estudando abrir un proceso de diálogo; é dicir, antes de tomar a determinación de recorrer, da inconstitucionalidade, dende a Xunta o que facemos sempre é sentar e abrir unha bilateral, e agardemos, bueno, que alguén —aínda que haxa convocatoria de eleccións— sente con nós.

¿E por que queremos abrir unha bilateral? Pois porque o estudamos e porque estamos convencidos de que esta norma invade competencias autonómicas, xera confusión normativa en seguridade, ataca directamente o dereito á propiedade, prima os *okupas* fronte aos propietarios e aposta por un modelo intervencionista que Galicia non comparte e por medidas sancionadoras, en lugar de fixar incentivos. Iso vai causar distorsións no mercado e efectos nocivos que van prexudicar tanto a inquilinos como a propietarios. Porque hai veces que só falamos dos propietarios, pero aquí os inquilinos, a clase media, vaise ver moi afectada.

Por todo isto, dende a Xunta estamos preocupados polo impacto que vai ter esta lei en Galicia e estamos preocupados polo mercado da vivenda. Convocouse o Observatorio, un órgano que está representado por todo o sector, dende promotores a axentes inmobiliarios, asociacións, arquitectos e as administracións locais, e tendo en conta as posibles repercusións e esta incerteza xerada, celebrouse a reunión en abril, e o propio Observatorio fixo unhas advertencias que, por suposto, foron remitidas ao Ministerio. Entre esas advertencias —onde digo que están representados os concellos, que tamén as puxeron enriba da mesa—, advírtese do bloqueo que pode xerar esta lei na construción de novas vivendas protexidas por parte dos promotores privados, chegando a ocasionar a total desaparición da nova promoción de vivenda protexida en Galicia, e do impacto negativo que podería ter no mercado do alugueiro, provocando distorsións e efectos mesmo contrarios aos que se perseguen. Por exemplo, o Observatorio advirte de que a obriga de destinar a arrendamento, por tempo indeterminado, o 50 por cento das vivendas protexidas que se constrúan en solo de reserva vai desincentivar a construtores e tamén as cooperativas. O mesmo nos fixeron chegar as cooperativas. Pódense botar a atrás á hora de implicarse neste tipo de promocións ante a falta de expectativas de lograr un retorno económico.

O Observatorio tamén fai fincapé en que a lei invade claramente as competencias autonómicas, incluíndo medidas que alteran e imposibilitan a aplicación de gran parte da planificación pública en materia de vivenda por parte dos concellos e tamén por parte das comunidades autónomas. Ademais, este órgano tamén pon o acento sobre o impacto económico que terá esta lei, ao non ir acompañada de fondos. É que non ten sentido que unha lei de vivenda non teña memoria económica, e esta lei non ten memoria económica.

En definitiva, moitas das medidas propostas establécense cun total e absoluto descoñecemento da realidade existente en Galicia e son contrarias ás políticas públicas que estamos desenvolvendo neste momento.

Tamén é especialmente demoledor o informe emitido polo Consello Xeral do Poder Xudicial en relación coa lei estatal, que hoxe queremos facer público, no que se fai fincapé en que o texto se caracteriza polo «dirixismo» —está traducido ao galego, pero é literal— «de actuacións das institucións autonómicas e locais, de problemático encaixe na orde constitucional de competencias; algo que, segundo alerta o Consello Xeral do Poder Xudicial, xerará,

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sen dúbida, unha situación de grande inseguridade xurídica, ao resultar certamente difícil determinar que norma haberá de aplicarse, se é estatal ou é autonómica» —isto é literal e traducido—.

O Consello Xeral tamén incide, por exemplo, en que as competencias autonómicas, á hora de establecer un índice de alugueiros ou zonas de mercado residencial tensionado, condicionarán decisivamente a aplicación da norma estatal e en que falta a análise de medidas similares en países da nosa contorna que colleitaron fracasos que resultaron evidentes, pero que son moi coñecidos e que non os tivo en conta esta lei.

Este informe conclúe que a vivenda é unha materia de titularidade pública e que as leis autonómicas regulan esta cuestión nas diferentes vertentes. Son as comunidades as que elaboran plans, levan a cabo promoción de vivenda pública e conceden axudas. E que o Estado debe cinguirse a garantir a igualdade de todos os españois no acceso á vivenda, algo que reinvindicamos tamén dende Galicia. Sinala, ademais, que altera o entendemento da propiedade privada da vivenda, e di textualmente que «ten un alcance limitado e farragoso do seu contido, especialmente no relativo ás medidas de contención de prezos na regulación dos contratos de arrendamento», destacando, por último, que «se carga o propietario, e non as administracións, co custo de manter a ocupación da súa propiedade durante un longo período, mentres que non se resolven os casos de ocupación». Este é o informe demoledor que hoxe fago público do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Mención á parte merece o tratamento que lle dá á ocupación de vivendas, neste caso conveniado con Esquerra e con Bildu, no que é o propietario da vivenda o que debe acreditar a vulnerabilidade da persoa que ocupa o inmoble. E non o digo eu; eu estou falando dun informe —informe que é bo que todos coñezamos— que deberá ser emitido, no caso de vulnerabilidade, polos funcionarios dos Servizos Sociais e que non poderá ser recorrido en sede xudicial. E mentres non se teña este informe, o procedemento estará totalmente paralizado, o que demostra unha maior sensibilidade do Goberno central coa ocupación das vivendas que coas persoas que sofren esa ocupación ilegal do seu inmoble. Cómpre lembrar que a lexislación procesual foi modificada polo Estado no ano 2018 para permitir a recuperación inmediata dos inmobles ocupados ilegalmente. Pero agora a Lei de vivenda volve modificala para atrasar o desaloxo e invadir as competencias autonómicas, e faino engadindo numerosos requisitos de admisión de demanda, concretamente, débese especificar se o inmoble é a vivenda habitual dos *okupas*, e isto téñeno que facer os propietarios. Hai que adxuntar unha certificación do Rexistro da Propiedade coa relación de propiedades da parte actora, se o propietario non é gran tedor, hai que adxuntar acreditación de vulnerabilidade económica do ocupante, se é gran tedor, e hai que acreditar que o propietario se someteu previamente a un procedemento previo de conciliación ou intermediación.

Imaxinádevos que lío é todo isto, e como se regulou nunha Lei de vivenda, sen sentarse en absoluto coas comunidades autónomas e nin sequera coa FEMP, que tamén representa os concellos.

Tamén se regulan trámites que non fan outra cousa máis que alongar o proceso. E digo alongar o proceso porque inclúe un prazo de dez días para que as administracións confirmen a

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vulnerabilidade do ocupante; é dicir, os que ides ser alcaldes que saibades que os vosos servizos sociais en dez días teñen que facer esta acreditación. Obriga á presentación dunha proposta de alternativa de vivenda digna en alugueiro social, así como axudas económicas e sociais, algo que tamén han de facer os concellos. E debe emitirse un auto xudicial no que o tribunal sopese e resolva se debe suspender o proceso para que as administracións adopten as propostas e as medidas. Algo que é engorroso á hora de explicar e que intentei facelo sinxelo está moito máis engorroso nesta lei.

E tamén se invaden competencias autonómicas, xa que se regulan aspectos que non son procesuais, obrigando o lexislador autonómico a designar un servizo que emita outro informe a maiores e a regular un procedemento de conciliación e intermediación. É dicir, estes son xulgados paralelos. Algo que antes se facía nos xulgados, fano agora os concellos e as comunidades autónomas, e acaba facéndoo despois tamén o xulgado. Esa é a realidade.

E parece obrigar a que a Administración autonómica faga unha proposta de medidas inmediatas da que antes, por suposto, tamén se encargaban os servizos sociais. Agora di: pois fágao tamén vostede, comunidade autónoma; establecendo, ademais, uns criterios de vulnerabilidade, e ¡ollo! que o 80 por cento dos galegos poderiamos ser vulnerables.

Ademais, a lei tamén prevé medidas punitivas e a intervención no mercado do alugueiro; unhas iniciativas que deberían ser contrastadas previamente con outras experiencias rexistradas a nivel internacional. Pero non saíu ben. Aprendamos dos erros, non volvamos cometer os mesmos, e, de feito, temos o exemplo de distintos países onde o efecto foi o contrario do desexado: reduciuse o número de pisos en alugueiro, a renda media encareceuse e fomentouse o mercado negro —así de claro, o mercado negro— en moito deses países.

Así, ponse de manifesto un informe elaborado pola Comisión Galega da Competencia: Berlín, provocou unha redución da oferta do alugueiro dispoñible para as persoas que buscaban aloxamento de ata un 50 por cento. E no segmento de vivendas non reguladas, o efecto foi o contrario, xa que se incrementou o prezo do alugueiro.

En Suecia produciuse unha redución da oferta que provocou un déficit de vivenda en alugueiro. Ao non haber suficiente oferta, as familias tiveron que optar pola compra, co cal o sacrificio económico aínda foi moito maior. Pero, segundo vos poño o exemplo destes dous países, destas dúas cidades, hai máis exemplos. Temos o exemplo de Francia, onde se copiou o malo, e, ao final, teremos un problema tamén a nivel nacional.

Fronte a esta situación, nós temos clara, dende a Xunta de Galicia, a política de vivenda; unha política que descarta a intervención no mercado, algo que está demostrado que non funciona. Vaian vostedes a Barcelona. Alí intentouse e, ao final, o efecto foi o que foi.

Nós apostamos por medidas que fomenten a posta en alugueiro dos inmobles, que incremente o parque de vivendas, tanto de titularidade autonómica como municipal, que axude os cidadáns a acceder a un fogar tanto en alugueiro como en compravenda e que estea sempre do lado da xente, dos pequenos propietarios, porque ¡ollo! eu quero recordar que aquí, en Galicia, non existen grandes tedores.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, esta lei non nos gusta, porque non lle gusta a Galicia, non lles gusta aos galegos, non lle gusta ao Observatorio, onde están todos representados e non lles gusta aos actores da vivenda, ás asociacións de consumidores, que son quen mellor detectan a problemática da vivenda. É un claro clamor esta lei, e ese clamor é unánime por parte da gran maioría das comunidades autónomas e por parte da Xunta.

E xa co texto definitivo na man, estamos estudando as posibles accións a adoptar en defensa dos intereses da comunidade, que non son outros que os intereses de todos os galegos e de todas as galegas.

Nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Visítannos hoxe os alumnos de 5º de primaria do centro Salgado Torres, da Coruña. Benvidos ao Parlamento e tamén aos seus profesores, que os acompañan.

E continuamos coa comparecencia.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Correspóndelle agora ao Grupo Parlamentario Socialista, e para iso ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Bos días, señor presidente.

Señorías.

Bos días, señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

No Estatuto de autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento da competencia, a Xunta de Galicia deberá establecer políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional. O acceso a unha vivenda digna é un dos problemas fundamentais nestes anos para moitos cidadáns e moitas cidadás e para a mocidade empobrecida e incapaz de independizarse. As cifras sobre o impulso de vivenda pública nestes anos de goberno popular son moi escasas; abonda con coller datos oficiais do Instituto Galego de Vivenda e Solo ou do Instituto Nacional de Estatística.

A construción de vivendas de promoción pública en Galicia segue en niveis moi baixos, cun orzamento de 8 millóns para o 2023. No 2009, no cambio do Goberno, o orzamento era de 52 millóns de euros para a construción de vivendas. Estes datos fan que Galicia ocupe a última posición entre as comunidades autónomas na construción de vivenda protexida en relación coa construída. A nosa comunidade autónoma é das últimas en emancipación da mocidade, só un 15,1 por cento dos xoves galegos e galegas logran independizarse.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A vivenda baleira representa un 21 por cento das vivendas totais rexistradas no catastro. As administracións non están sendo capaces de mobilizar a vivenda baleira nun contexto de axudas económicas á rehabilitación. No 2016 a Xunta creou o Censo de Vivendas Baleiras, propiedade do Sareb e dos bancos para deseñar políticas públicas orientadas á ocupación destas con escaso rendemento. Os prezos da vivenda en propiedade seguen á alza e o mesmo sucede cos alugueiros, que están en máximos desde que hai datos comparables; alugueiros que en certas zonas están asociados ao aumento excesivo de vivendas para uso turístico.

A baixa execución orzamentaria da Xunta nos últimos anos en materia de vivenda é outro problema que hai que resolver para poder dar resposta á falla de vivenda de protección para o alugueiro social, para os xoves e para as persoas máis vulnerables. O Goberno galego tivo e ten plans galegos e estatais e pactos para dar cumprimento suficiente ao mandato constitucional en materia de vivenda. Así podemos lembrar, como lembrou a señora conselleira, o Plan RehaVIta, Plan galego de rehabilitación e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, con catro eixos fundamentais: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas de renovación urbana, a prevención e a exclusión residencial e outras medidas.

O Plan estatal de vivenda 2018-2021 xa prevía programas de axuda ao alugueiro, programas de fomento do parque de vivenda en alugueiro e outros sete programas máis, todos de axudas a xoves, persoas vulnerables, etcétera.

E o Pacto da vivenda en Galicia 2021-2025, centrado en tres liñas estratéxicas, o acceso á vivenda, a rehabilitación e a creación de solo industrial, expoñía a necesidade de elaborar unha programación estratéxica que constitúa unha guía de orientación das actuacións futuras do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

A Xunta, dentro do Pacto da vivenda de Galicia 2021-2025 ten a liña estratéxica de acceso á vivenda con programas de promoción pública de vivendas, construción de vivendas de protección pública e de acceso á vivenda en propiedade, en alugueiro, promoción de vivenda protexida, axudas á adquisición e alugueiro de vivendas.

O Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025, cofinanciado entre o Goberno central e galego, ten entre outros programas o de axuda ao alugueiro de vivenda, o incremento do parque público de vivenda e a posta a dispor da Xunta e dos concellos de vivenda libre para alugueiro como vivenda alcanzable ou social.

No ano 2023, dentro do Plan de recuperación con fondos europeos, destínanse 29,23 millóns de euros a Galicia para incrementar o parque de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente sostibles. Nos últimos catorce anos, as políticas de vivenda, tanto de construción de vivendas para persoas vulnerables como as políticas para favorecer o acceso ao alugueiro, mostran un desleixo total na súa execución, a pesar do incremento orzamentario que se está a realizar polas distintas administracións tanto con fondos propios, estatais ou europeos.

No Rexistro de Demandantes de Vivenda hai máis de 15.000 demandantes, e o 83 por cento solicitan vivenda de promoción pública. O número de demandantes de vivenda de alugueiro

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no rexistro da Xunta triplica os inmobles ofertados. A demanda de axudas ao alugueiro da Xunta duplica xa os beneficiarios previstos. No ano 2023, na convocatoria de axudas para alugueiro, 8.500 galegos pediron a subvención para custear a metade do seu arrendamento. Ata o de agora son 750, e esperan chegar a 4.000; é dicir, á metade da demanda rexistrada. No que vai de lexislatura son 468 as vivendas de protección rematadas. Segundo datos do Ministerio de Transporte, no 2014 había 268 vivendas de protección e no primeiro semestre do 2022 había 12 vivendas de protección construídas.

O Goberno galego contaba con construír, no ano 2022, 2.293 vivendas, das que 512 eran de promoción pública, 65 eran rehabilitacións, a través do Plan Rexurbe, e 1.716 vivendas públicas en relación co solo residencial.

Ao longo de 2023, a ausencia de indicadores de seguimento impide saber con exactitude canto hai de verdade nas afirmacións feitas polo señor Feijóo, presidente da Xunta, na presentación do anterior pacto.

A porcentaxe de poboación que vive do alugueiro está a aumentar, sendo máis elevada nas familias con rendas reducidas nas zonas urbanas, e, sobre todo, entre a mocidade. Este sector é o que se está a ver máis afectado polo alto incremento dos prezos dos últimos anos. Hai un incremento do 30 por cento do prezo das vivendas dende o 2015, de aí a urxencia de construír vivenda de promoción pública para adicala ao alugueiro en persoas vulnerables ou en risco de pobreza. O mercado do alugueiro en todas as urbes está moi lonxe de dar resposta ao número de solicitudes inscritas no Rexistro da Xunta. A falla de vivendas dispoñibles para o seu alugueiro está a provocar, ademais, un importante aumento dos prezos dos arrendamentos, e é fundamental incentivalo para pór vivendas á disposición dos máis xoves en núcleos de localidades de menos de 5.000 habitantes para recuperar o dinamismo demográfico, dando cobertura a un arrendamento accesible para lograr a emancipación das persoas novas, priorizando as familias con fillos. Débese tamén aumentar a accesibilidade de vivenda para persoas en situación de vulnerabilidade no medio rural. A mellora do reto demográfico pasa por priorizar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade.

Os socialistas levamos tempo manifestando a escasa execución do Programa 451B, de acceso á vivenda. Así, no ano 2022 a execución do Programa de acceso á vivenda foi do 23,4 de obrigas con respecto ao crédito inicial, ou do 8,8 por cento de obrigas respecto do crédito vixente, valores realmente negativos e preocupantes; datos oficiais que se contrapoñen cos que manexa a Xunta de execución orzamentaria, acadando sobre o 70 por cento.

Xa rematado o primeiro trimestre do 2023, sería bo coñecer o investimento real de cada programa, e o resultado e a influencia que tivo para os galegos e as galegas, por descoñecer os aspectos e valores concretos que se pretendían acadar, o que impide levar a cabo unha avaliación de implementación que permita coñecer a adecuación práctica do marco teórico e efectuar as modificacións necesarias cando se constate que a aplicación práctica non se corresponde cos obxectivos que se pretendían acadar.

Recentemente, o Goberno do Estado aprobou a primeira Lei de vivenda —como recordou a conselleira de Vivenda—. Esta lei está motivada para responder ás necesidades das persoas

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e dos fogares con máis dificultades de acceso, por enriba de todo os dos xoves, para que realicen os seus proxectos vitais accedendo a unha vivenda a prezos accesibles, mellorando a súa capacidade de emancipación. Esta é unha das reformas recollidas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia e un dos fitos acadados pola Comisión Europea para o desenvolvemento dos fondos Next Generation EU. Esta lei activa mecanismos para incentivar a oferta accesible, sobre todo nos xoves e colectivos vulnerables, para evitar a vivenda baleira, de contención e baixada dos prezos de alugueiro en zonas declaradas tensionadas, e así incrementar o parque de vivenda en alugueiro social.

Dentro da lei hai novidades, como a declaración de mercado residencial tensionado, co fin de aplicar medidas efectivas para favorecer o acceso á vivenda. A Xunta podería declarar zonas de mercado residencial tensionado onde exista un risco de oferta insuficiente. Hai un procedemento baseado en criterios obxectivos que determinará a aplicación de medidas encamiñadas a equilibrar e diminuír os prezos do alugueiro. A vixencia será de tres anos e exerce accións sobre os prezos, limitándoos nestas áreas, onde a carga media do custo do alugueiro ou da hipoteca, máis as subministracións básicas, supere o 30 por cento da renda media dos fogares, ou que o prezo, tanto de compra como de alugueiro, aumentase polo menos tres puntos enriba do IPC nos últimos cinco anos anteriores á declaración de área tensionada. En Galicia, a provincia da Coruña ten un 44 por cento dos fogares dentro desa nova definición de área tensionada; Pontevedra ten o 26 por cento; Ourense, o 24 por cento; e Lugo presenta o 19 por cento dos fogares dentro desa área tensionada. Se atendemos a Santiago, o 82 por cento dos fogares están nestas zonas. Dos 17 códigos postais que existen na capital galega, 9 cumpren os novos criterios; os aloxamentos corresponden aos barrios do centro, quedando fóra desa definición os barrios periféricos. A pesar de todo, a última palabra para que nas zonas tensionadas se estableza un tope á suba do alugueiro tena a Xunta. E Rueda, a pesar da necesidade de frear o aumento dos prezos do alugueiro, pon obxeccións á aplicación da nova lei.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Bos días.

Señora conselleira, vostede dirixe un auténtico transatlántico das políticas públicas, como é a política de vivenda. É un transatlántico pola súa importancia para a vida da xente, polo orzamento que poden alcanzar as políticas de creación de vivenda e porque a vivenda é un dos piares fundamentais do Estado de dereito, a pesar de que o Partido Popular se negue a que sexa un dereito efectivo. A vivenda é, como a sanidade ou a educación, un dos dereitos que dan sentido e corpo á Administración pública; mais, ao igual que pasa na sanidade e na educación, o Goberno Popular sabotea a súa propia nave, as súas propias posibilidades.

Primeiro de todo, cando entraron na Xunta, en 2009, mandaron parar o motor das políticas de vivenda, que é a creación de vivenda protexida. Ese motor vostede sabe que é unha ma-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quinaria grande, pesada, porque para ver as vivendas finalmente habitadas antes houbo que adquirir e preparar solo, houbo que licitar proxectos, adxudicar obras e construír as vivendas. Lograr unha vivenda protexida é un proceso dilatado no tempo; por iso, cando vostedes chegaron á Xunta de Galiza e mandaron parar, non se freou en seco a maquinaria, senón que a nave seguiu avanzando pola inercia de proxectos que xa estaban en marcha. Así, no ano 2010 iniciáronse 2.965 vivendas protexidas en Galicia, pero nos anos seguintes vemos como a máquina vai freando: no 2010, pasouse a 900; 400 o seguinte ano; 100 no seguinte; 140 en 2014; 5 vivendas protexidas en todo o país en 2015; 4 en 2016; 5 en 2017; e 2 en todo o país en 2018. Vostedes pararon a maquinaria pública da creación de vivenda protexida, que se freou por completo entre os anos 2015 e 2018. E agora téñena ao ralentí, cunha media de 200 vivendas protexidas por ano en toda Galiza. É dicir, que nestes momentos en todo un ano, con 2 ou 3 promocións de edificios, dende a Xunta de Galiza xa dan por cuberta a demanda de vivenda protexida para todo o país.

E na súa intervención, hoxe, igual que fai outras moitas veces, intenta manipular a realidade da vivenda protexida. Para iso o que dá son datos da vivenda protexida dende o ano 2009, nos que se computan os proxectos que se iniciaran no Bipartito, co único obxectivo de maquillar os datos. E fronte á súa manipulación, están os datos incontestables. Dun ritmo que oscilaba entre as 2.000 e 4.000 vivendas protexidas na etapa do Bipartito, pasaron a ser practicamente nulas as vivendas protexidas. Vostedes aprovéitanse desas políticas do Goberno anterior para maquillar os seus datos. Pero para ver cales foron as políticas reais do Partido Popular nesta materia hai que quitar da ecuación os proxectos que herdaron. Se sumamos o total de vivenda protexida dende o ano 2013 —é dicir, na última década—, apenas alcanzan as 1.100 vivendas protexidas en todo o país. Nunha década fixeron menos do que se facía nun só ano no Bipartito. E estes son datos do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, que, por certo, señora conselleira, quero recordarlle que hai que acudir a organismos estatais, porque o Observatorio de Vivenda de Galiza non fai ningún tipo de informe nin ten ningún tipo de información pública sobre a situación da vivenda protexida en Galiza. *(Aplausos.)* Enténdese mellor cando se escoita a súa intervención, vendo que o que prefiren é facer sempre un remexido de cifras, antes que facilitar o acceso aos datos, porque evidenciarían que o seu proxecto político é, en definitiva, a eliminación de vivenda protexida.

Pero se a situación da vivenda protexida é dramática, a da vivenda pública é moitísimo peor. Dende o 2015 apenas se iniciaron 22 vivendas de promoción pública en todo o país; en oito anos 22 vivendas de promoción pública, só o 2 por cento da vivenda protexida foi de promoción pública. E esta situación contrasta enormemente coa demanda real que hai. Das 16.000 familias que están no Rexistro de demandantes de vivenda, o 82 por cento piden vivenda pública. E o que lle preguntamos, señora conselleira, non é polas promesas de cara ao futuro, senón: ¿cantas vivendas públicas, desa suposta estratexia que teñen, se van facer este ano? ¿Cantas se compromete vostede a que no remate do 2023 estean rematadas? Porque agora están en campaña electoral e fan promesas para o 2026, para a próxima lexislatura. E o que dicimos é que se comprometan agora que están no Goberno, porque para a seguinte xa sabemos que non confían nada, ademais, en que vaian saír —só houbo que ver onte a Rueda botando contas e indeciso—. Por iso, o que lle pedimos son compromisos para este ano. *(Aplausos.)* ¿Cantas vivendas públicas novas vai haber este ano? *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, ademais, resulta que cando vostedes pararon o motor da nave —esa vivenda protexida—, viña de fronte un temporal, que era a burbulla dos prezos do alugueiro. Dende o 2014 a actualidade do prezo medio do alugueiro en Galicia aumentou en 110 euros ao mes, pero, se imos ás cidades, vemos que os datos son moito máis elevados; por exemplo, na Coruña, hoxe supón pagar 2.100 euros máis ao ano polo alugueiro. E, ademais, este temporal, esta crise, tiña unhas características propias, e é que, á diferenza da crise inmobiliaria de 2008, afecta principalmente o alugueiro, en lugar das hipotecas; afecta especialmente sectores que acoden á vivenda en alugueiro, que son normalmente xente cunha situación de máis vulnerabilidade económica.

Na anterior crise, cando a presión se centraba na vivenda en réxime de compra, o feito de que a xente accedese ao alugueiro con prezos máis baixos permitía unha maior accesibilidade. Pero nesta nova crise o aumento dos prezos do alugueiro deixa moita xente sen posibilidade de comprar e sen posibilidade de alugar; é dicir, sen ter garantida a posibilidade de acceder a unha vivenda. E dende a Consellería, por máis que se vía como os prezos non paraban de subir, alí quedaron, á deriva, sen vivenda protexida que ofrecer, e cada vez o número de persoas que demandaban vivenda protexida era maior, cada vez o número de persoas que necesitaban axuda da Administración pública para garantir o acceso a unha vivenda era maior, e canta máis xente pretendía acceder a ese barco público das políticas de vivenda a máis xente lle negaban a axuda. Non hai neste momento ningún programa propio da Xunta para axudar a mocidade á emancipación co pago do alugueiro. *(Aplausos.)* Non hai ningún programa propio... Non, se vostede vén queixarse do bono estatal para a emancipación. Di que cre vostede que 4.000 persoas son poucas. Pois poñan vostedes cartos, fagan vostedes políticas propias, que teñen as competencias en materia de vivenda. *(Aplausos.)*

Non hai tampouco ningún programa da Xunta para axudar co pago das rendas a xente en situación de vulnerabilidade. O único programa, o único, é o Bono de Alugueiro Social, que está concibido como unha xincana macabra, porque, para recibir a axuda da Xunta, pon como condición que se execute o desafiuzamento da familia, que, logo de quedar na rúa esa familia, logre que alguén lle alugue unha vivenda a prezo de mercado, e só despois, se a vivenda non supera uns prezos que non están axustados á actual burbulla de prezos —só entón—, a Xunta dá unha pequena axuda mensual. Na práctica, as familias que acaban desafiuzadas pregúntanse: e agora que estou na rúa, ¿como consigo que alguén me faga un contrato se non teño traballo? Por non falar xa das persoas que sofren outro tipo de discriminación á hora de buscar un piso no mercado libre, como, por exemplo, persoas racializadas ou con poucos recursos. Non deixan vostedes que a xente acceda ás políticas públicas.

E por se fose pouco, a propia consellería sabotea algúns dos programas de reforzo que veñen do Plan estatal de vivenda, como é a axuda do alugueiro. ¿Por que vostedes non convocaron esta axuda o ano pasado? ¿Por que non a convocaron no ano 2020, no medio dunha pandemia, cando era con fondos do plan estatal? Pero a maior sabotaxe é sobre todo a que fan vostedes ano tras ano aos seus propios orzamentos, porque, do pouco que prometen, nin tan sequera o cumpren. Voulle traer algúns exemplos, señora conselleira, do que realmente fan; non do que prometen ou do que anuncian, senón do que fixeron o ano pasado: programa Bono de Alugueiro Social: orzamento, 2,7 millóns; executado, 1,7. ¿Saben por que sobra orzamento? Porque vostedes poñen unhas condicións para que a xente non poida solicitalo.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Programa de acceso á vivenda, había tres partidas que sumaban un orzamento de 13 millóns: executado, 2,5 millóns. Construción de vivenda de promoción pública: orzados, 6 millóns; executados, 3. Programas de axuda á rehabilitación e vivenda social: había 3 partidas que sumaban 7,6 millóns de euros; executados, cero. Programa para a creación de solo residencial: orzados, 8 millóns de euros; executados, 3.

Vostede hoxe vén aquí gabarse da creación de solo falando de Navia, de Xuxán. *(Aplausos.)* ¿Cal é a realidade do que fixeron, señora conselleira? *(Aplausos.)* Porque vostede vén aquí e di: en Navia faremos 1.600 vivendas protexidas. ¿Que fixeron nestes trece anos? Díganos. ¿Cantas conseguiron poñer en marcha en Navia? ¿Cantas? Claro, é que ten que falar de futuribles.

En materia de rehabilitación, máis do mesmo. Programa Rexurbe: orzado, 10 millóns de euros; executado, 1,6. E vostede vén aquí e di: o Programa Rexurbe é un programa de éxito, porque prevemos facer cento e pico vivendas. É que vostede non ten que vir aquí dicir canto prevén facer nun futuro incerto, vostede ten que vir aquí e render contas do que fixeron e comprometerse a cuestións concretas. E a realidade é que vostedes non conseguiron rehabilitar máis de 9 inmobles, cando prometeron en campaña electoral 3.000 vivendas rehabilitadas baixo este programa. *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* Axudas á rehabilitación, casas de mestres: 2 millóns orzados; 0,5 executados. Axudas Rehaluga para vivenda baleira —bueno, o seu, co da vivenda baleira, é un drama porque todos os programas que sacan son un auténtico fracaso—. *(Aplausos.)* Programa Rehaluga, 150.000 euros orzados, cero executados. Axudas en núcleos rurais: 100.000 euros orzados, cero executados.

Vostede parou o motor da vivenda protexida, négase a prestar auxilio a quen máis o necesita e sabotea o depósito, coa gasolina necesaria, para que funcione a nave, que son os orzamentos públicos, porque vostedes nunca cumpren. Vostede, señora conselleira, é a artífice de boicotear a maquinaria pública da que dispón. Agora, o peor é que o temporal que tiñamos empeora, porque á suba dos prezos do alugueiro hai que sumarlle o aumento dos tipos de interese. E a única solución que vostede atopa é vir aquí buscar responsables noutro lugar, vindo a falar da Lei estatal de vivenda, cando as competencias en materia de vivenda son responsabilidade única da Xunta de Galicia. (*Aplausos*.) A situación da vivenda é responsabilidade súa, e o problema do acceso á vivenda é unha consecuencia da súa neglixente actuación.

Non temos unha consellería á altura. Vostede abandonou a nave, desertou das competencias, vai vostede remando nunha lancha salvavidas rumbo á terra, mentres intenta convencernos de que non ten ningunha responsabilidade neste naufraxio.

Nada máis. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Begoña Freire Vázquez.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días a todas e a todos.

Señorías.

Señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, grazas pola súa comparecencia nesta sesión plenaria, por informar e por dar conta da política da Xunta de Galicia en materia de vivenda, un tema transcendente para o conxunto dos galegos e galegas e, por tanto tamén, para o Goberno galego.

A conselleira deu datos do feito, explicou novos obxectivos no marco do Pacto social pola vivenda de Galicia; datos que son froito do traballo constante, da experiencia e do compromiso da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Goberno ao apostar por un modelo cun marcado carácter social para facilitar o acceso á vivenda, especialmente dirixida aos que máis o necesitan.

Hai dous plans sobre a mesa: o Plan RehaVIta 2015-2020 —que foi o primeiro plan de vivenda deseñado por un goberno galego, por un goberno do Partido Popular— e o Pacto social pola vivenda 2021-2025, deseñado con todos os seus axentes, avaliando liñas e accións de programas, cunha completa planificación e cun enfoque transversal e de mellora continua. Esa planificación e traballo constante demostrouse efectiva, como avalan os datos aos que se referiu a conselleira: a mobilización e posta á disposición de 4.640 vivendas de promoción pública, 5.737 vivendas cualificadas como protexidas e un investimento de 80,57 millóns de euros para a adquisición de terreos e desenvolvemento de solo residencial. Desenvolvemento de solo residencial, que, ademais do esforzo económico, supón un traballo urxente de xestión para poñer solo á disposición de máis de 4.200 vivendas protexidas nas cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Pontevedra e Lugo.

Dende o ano 2009, o Goberno galego destinou os 714 millóns de euros a apoiar máis de 140.000 familias galegas no acceso á vivenda mediante compra ou alugueiro ou na rehabilitación. Os datos están aí, e esa é a realidade. O Goberno galego do Partido Popular pode facer balance de catorce anos de goberno, en cambio, o Bipartito —Xunta, PSOE e BNG— non pode facer balance, señora conselleira; non pode facer balance porque non fixo nada, e por riba de non facer nada, o saldo foi negativo. Endebedaron as Xestur; iso foi o que nos deixaron en só catro anos de desgoberno; débeda que o seguinte goberno da Xunta do Partido Popular e os galegos —o conxunto dos galegos e galegas— tiveron que pagar en nada menos que dez anos; tardamos dez anos, ata o ano 2019.

Referíase tamén a conselleira a eses novos obxectivos, á Estratexia de vivenda pública e protexida de aquí ao 2026, estratexia deseñada no marco do Pacto social pola vivenda e que xa avanzara a conselleira na súa comparecencia de orzamentos neste Parlamento; estratexia que conta cun orzamento de 250 millóns de euros.

Tamén ao impulso da vivenda pública protexida e ao reforzo da aposta do Goberno galego polo desenvolvemento de inmobles de promoción pública para a súa posta á disposición en

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

réxime de alugueiro a prezos accesibles e a través de diferentes vías, para incrementar nun 50 por cento o actual parque público residencial da Xunta ata acadar as 5.600 vivendas de promoción pública. Detallou a conselleira a onde van esas vivendas de nova construción: 959 vivendas promovidas directamente pola Xunta de Galicia na Coruña, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ferrol, Mos, Ourense e Santiago; outras 260 promovidas por promotores privados e concellos, que pasarán a formar parte tamén dese parque público de vivendas, destinando ese alugueiro a prezo regulado durante un período mínimo de cincuenta anos; máis de 300 vivendas de titularidade municipal en concellos de menos de 20.000 habitantes; 157 vivendas rehabilitadas no marco do Programa Rexurbe; e 125 inmobles adquiridos a entidades como Abanca e a Sareb. E ademais de aumentar a súa oferta pública residencial, a Xunta de Galicia tamén impulsa a construción de vivenda protexida, poñendo á disposición de cooperativas e promotores solo residencial xa urbanizado e promovendo novos desenvolvementos en parcelas da súa propiedade ou en colaboración cos concellos, alí onde se concentra a maior demanda de vivenda: 17 parcelas á disposición en Ferrol, A Coruña, Lugo e Pontevedra para máis de mil vivendas.

Os datos, os recursos e os proxectos anunciados dan fe do inxente traballo realizado e do compromiso da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para facilitar o acceso á vivenda aos galegos e galegas.

Hai vinte e catro liñas de axudas de programas dirixidos a particulares, concellos e promotores privados neste ano 2023, cun investimento de 140 millóns de euros. Un amplo abanico de liñas de axudas que permiten desenvolver unha política ao pé da rúa e adaptado á sociedade galega para dar resposta ás súas necesidades; liñas de axudas e programas que están enmarcados nese Pacto social pola vivenda a que nos referiamos. Un pacto impulsado polo Goberno galego, que naceu do consenso e implicación do sector e dos consumidores, todos representados no Observatorio de Vivenda de Galicia.

E vou ler textualmente un posicionamento dun grupo desta Cámara ao respecto deste Pacto social pola vivenda: «A orientación deste plan a nós parécenos basicamente correcta, porque, ademais, está aliñada con plans que se teñen posto en funcionamento en distintas comunidades autónomas, con independencia incluso de cal sexa a orientación política dos gobernos que as sustentan, porque incluso a orientación tamén está aliñada con programas que se teñen posto en funcionamento noutros estados». Estas son palabras do actual portavoz dos Socialistas de Galicia, do señor Álvarez, na Comision 2ª deste Parlamento de Galicia, en data 3 de marzo de 2021. Este Pacto social pola vivenda, do que se dotou Galicia —e que a vostedes, señores e señoras do Partido Socialista de Galicia lles parece correcto—, está sendo atacado e ameazado polo Partido Socialista, polo Goberno central dirixido por Pedro Sánchez; ameazado e atacado por esa Lei estatal de vivenda que acaba de entrar en vigor, esa lei que levaba anos en tramitación, atascada no Congreso dos Deputados, e que se desbloqueou grazas a Esquerra Repubicana de Cataluña e Bildu. Bildu, si, ese partido que levaba nas súas listas electorais etarras condenados e co que tamén é habitual que o BNG comparta listas electorais.

A deriva do Goberno do Estado é de tal calibre que a política de vivenda a deciden os populistas e os independentistas, socios de Sánchez. Nunca, nunca, ningún goberno fixo tanto

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dano como o Goberno de Sánchez. Coa Lei do «si é si», máis de mil agresores sexuais beneficiados pola redución (*Pronúnciansе palabras que non se perciben.*)... —se non paran de falar, é que me interrompen—. Coa Lei —dicía— do «si é si», máis de mil agresores sexuais beneficiados pola redución de penas, e máis de cen excarcerados, na rúa, e aínda queda por ver as súas totais consecuencias. Coa Lei estatal de vivenda, en vez de favorecer o acceso á vivenda, é a lei «antivivenda». É unha lei intervencionista, tramitada e aprobada de costas ás comunidades autónomas, como xa sinalou a conselleira en diferentes ocasións, que son as que teñen as competencias; e unha lei que non vai dar solución aos problemas de acceso á vivenda, senón todo o contrario, vai restrinxir a oferta de vivenda e encarecer os prezos, como así ten acontecido nas experiencias onde se puxeron en marcha ese tipo de experimentos. Fálase da regulación das zonas tensionadas, da limitación do prezo dos alugueiros, de recargas do IBI nas vivendas baleiras, que poden chegar ao 150 por cento, e repercutindo as responsabilidades —o que é gravísimo— nos propietarios, cando debían recaer nas administracións públicas; e do que é tan grave, legalizando a *okupación* —con k—. É unha lei onde só saen beneficiados os *okupas* ilegais e a «*inquiokupación*», con máis dificultades para o propietario para desaloxar os pisos ocupados e invertendo a carga da proba, derivando ao propietario a carga de proba se o *okupa* utiliza a vivenda como vivenda habitual, entre outros; unha auténtica proba diabólica. Chégase ao absurdo de que unha persoa que cobre 1.800 euros ao mes de soldo e alugue unha vivenda por 1.500 euros/mes é considerado vulnerable, e o desafiuzamento non pode iniciarse antes do transcurso de dous anos. Mesmo se chega ao absurdo de que se unha persoa ten pagado só un mes de renda, o propietario teña que aguantar mínimo dous anos para iniciar o desaloxo, sen recibir nada a cambio e pagando os recibos da luz e auga.

E voulles poñer un exemplo real: o caso de María. María é propietaria de cinco pisos nun edificio; tres deles con inquilinos cunha renda que rolda os 300 euros de media. Son contratos antigos, que non foi actualizando no tempo, e aos que non lles subiu a renda por axudar os seus inquilinos; incluso a un lle baixou a renda 100 euros no ano 2011 na época de crise. Por outro inmoble cobra unha renda de 450 euros e a outra vivenda tena desocupada porque tivo que desafiuzar o inquilino por falta de pago, o que, por riba, lle enganchou a luz ilegalmente, e María ten problemas para facer un novo contrato coa compañía subministradora. María ten 94 anos, e hoxe é unha persoa dependente que precisa de atención as 24 horas do día, precisa dunha persoa que a atenda e a coide, á que, loxicamente, ten que pagar o seu salario, e María non ten pensión, nunca cotizou, o que ten é froito do esforzo do seu traballo e do do seu marido e os seus recursos proveñen das rendas deses cinco inmobles, que están nun edificio ao que xa hai anos tivo que rehabilitar fachadas, cuberta e fiestras, entre outros.

Pero María é unha «gran tenedora», segundo a «Lei antivivenda» que acaba de aprobar o Goberno de Sánchez, e se lle ocupan ilegalmente unha vivenda, precisaría do aval do *okupa* para aclarar se está ou non en situación de vulnerabilidade. O caso é que María se atopa con dificultades para pagar á persoa que a ten que atender e coidar. Repito, nunca, señorías, nunca, ningún goberno fixo tanto dano como o Goberno de Pedro Sánchez.

Pouco tempo me queda, pero teño que dicirlle á señora Fernández que ten bastante cara ao vir aquí e dicir o que dixo, porque, dende logo, os que boicotean e sabotean son vostedes. E

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

voulle poñer un exemplo: o Goberno do BNG de Pontevedra construíu un aparcamento en vez de construír, nunha parcela que lle cedeu a Xunta de forma gratuíta, 50 vivendas de promoción pública. Esa é a realidade. Polo tanto, os que boicotean e os que sabotean son vostedes. Por tanto, coidado coas palabras que din. *(Aplausos.)*

E o Bipartito non promoveu vivenda pública, señora Fernández. Non sei onde estaba vostede naquel momento, pero ten que repasar os datos, porque, dende logo, o Bipartito non promoveu ningunha vivenda pública. O Bipartito limitouse a rematar as promocións que xa estaban iniciadas polo Goberno anterior ou a iniciar aquelas outras que xa foran programadas na etapa en que Núñez Feijóo era conselleiro responsable de vivenda. Incluso algunhas foron iniciadas con Núñez Feijóo como conselleiro e rematadas con Núñez Feijóo como presidente. Por tanto, coidado co que se di, e repase os datos.

E por último, para rematar, non falou o señor Ojea destes anuncios que tivemos nos últimos meses a respecto de tantas vivendas e de solo residencial da Sareb, de Defensa, da Sepe, que ía poñer á disposición o Goberno de Pedro Sánchez. A verdade é que me sorprende que non fixese referencia nesta tribuna a estes anuncios.

Eu pregúntome —e déixoo para que o pensen— que se o Goberno central leva cinco anos gobernando e tiña á disposición tantas vivendas e tanto solo residencial para promover todas as vivendas —miles e centos de vivendas que anunciou durante esa campaña electoral—...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: ...—remato, presidente—, a verdade, ¿como se chama iso? Eu penso que neglixencia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señorías, quero agradecer as súas intervencións nesta comparecencia. É certo que me gustaría que fosen produtivas, e vexo que son bastante improdutivas, pero sempre o Goberno debe intentalo. É difícil moitas veces, ou case imposible, atopar ese debate sosegado, ben é certo que uns son máis sosegados que outros.

Señora Fernández, vostede vén aquí e dálle o mesmo dicir unha cousa que outra. Eu creo que a última vez falou de dúas vivendas, pero despois debeuse dar conta da metedura de pata e, entón, hoxe non sei se falaba de 19... As 19 eu creo que as entregamos na Tinería xa só o ano pasado, de rehabilitación. Pero é unha contradición en si mesma porque empeza dicindo unha cousa e remata dicindo a contraria. Dixo que as únicas vivendas públicas que

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se fixeran foron aquelas que estaban planificadas polo Bipartito, e xa lle acaban de dicir que non planificaron vostedes ningunha. É que pasaron catro anos e aínda aquel que planificou, que foi Alberto Núñez Feijóo, tivo que rematalas despois como presidente, despois deses catro anos de parálise.

Pero, por outro lado, di que é complicado porque hai que mercar os sitios, despois hai que urbanizalos... Con todo, a min dime: ¿cantas vai rematar vostede neste ano 2023? Xa lle digo eu que están para entregarse o próximo mes 40. Póñolle un exemplo: en Xuxán, 40, para o mes, que están xa rematadas.

Por outro lado, di que canto traballaron vostedes, IGVS e Xestur, no ano 2009. ¿Sabe o que deixaron IGVS e Xestur? Un endebedamento de 280 millóns euros, froito do desastre de planificación económica que tivo o BNG e o PSOE. ¡E menos mal que só foron catro anos! Tamén lle podo dicir que está pagado, que agora non hai débeda e que si se está construíndo vivenda pública e que si se está apoiando a promoción. *(Aplausos.)*

Do que non falaron vostedes é de se estaban de acordo ou non con esta lei, porque é que xa está no BOE e, polo tanto, hai que cumprila, porque as leis toca cumprilas, independentemente de que a min me gustaría que se puxesen ao meu carón e que dixesen se hai que ir a unha bilateral, porque despois de ver o informe demoledor do Consello Xeral do Poder Xudicial, que xa non é o informe da Xunta de Galicia, que é un informe onde están advertindo ao Goberno central, a lóxica é que se puxesen do lado da Consellería. E gustaríame, ademais, irme con esa claridade de se vostedes cren que si, que hai que seguir con esta lei, porque seguir con esta lei, por exemplo, señora Fernández e señor Ojea, significa que vai haber áreas tensionadas, por exemplo, en Friol, en Curtis, no Vicedo ou en Coles. Pero podémonos atopar con que en Santiago temos unha rúa, si, a seguinte, non e a seguinte, si. ¿E como se vai organizar isto? ¿Como se vai argallar iso? Á parte de que ¡ollo! xa lles digo de boas a primeiras que non habería ningún investidor nesas zonas que delimitaramos como tensionadas. É a realidade dunha lei, que, por certo, é froito dos pactos do PSOE con Esquerra e con Bildu, pero que lle puxo a alfombra vermella ou branca, non sei, ao BNG, porque se abstivo, e son cómplices de todo isto.

Miren, Galicia ten un pacto pola vivenda, e nese Pacto pola vivenda eu creo que hai que respectar a todos os que están alí, porque son libres e representan a toda Galicia. E digo que representan a toda Galicia porque están dende os arquitectos, aos promotores, aos construtores, aos concellos e ás asociacións de consumidores, e eu creo que é bo respectalos. Pero ese pacto que ten Galicia créame que debería de exportarse e que debería ser o pacto que debería de haber a nivel nacional, onde, efectivamente, señora Fernández, hai outra das contradicións. Claro que temos competencias, claro que as exercemos e claro que a Xunta de Galicia cofinancia. ¿Ou cre vostede que o Pacto pola vivenda a nivel nacional é froito de que nos pasan uns cartos e xa está? Non, non, cofinánciase o 30 por cento, e, a pesar de cofinanciar, márcannos pautas de certos programas, que, efectivamente, son un fracaso.

De todos os xeitos, eu diríalle que, á parte de que sería bo que se informase sobre o que fixeron vostedes durante o Bipartito, de como quedou Xestur e IGVS, debe informarse de que hai plans que son bianuais, señora Fernández, porque hai concellos —e un é o de Pontevedra,

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que volve saír outra vez agora á palestra— que poden tardar ata un ano en dar unha licenza dun ascensor para accesibilidade. Imaxine vostede se non lles deixo a esa xente que sexa bianual, pois non chegarían nunca a esas axudas, señora Fernández.

Polo tanto, é certo que temos un problema coa vivenda, pero este problema vai ir a máis, e digo que vai ir a máis porque non vai haber promoción pública de vivenda porque os promotores e as cooperativas non van querer facela —así nolo trasladaron e así llo trasladamos nós ao Ministerio—. Correuse moito por unhas eleccións. Agora é certo que eu non sei o que van facer, ou, se xa se disolveron as Cortes, pois non farán nada. Entón, créame que xa o terá que arranxar Alberto Núñez Feijóo, que é máis que coñecedor das problemáticas da vivenda. *(Aplausos.)*

E tamén, por certo, non lle entendín moi ben. ¿Que dixo?, ¿que estaba nervioso o señor Rueda? O señor Rueda está feliz. É que vostedes son capaces de dicir que gañaron unhas eleccións cando hai un candidato en Santiago que ten 11 concelleiros e a do BNG ten 6 —creo recordar—, e dixéronme que era a gran gañadora. ¡É que son vostedes capaces de dicir calquera cousa! *(Aplausos.)* Será a alcaldesa por un pacto, pero ganadora, ganadora non é. Así acostuman vostedes a soltar as noticias, e dálles o mesmo; dálles o mesmo unha cousa que a outra. Iso é no ámbito político. Aí poden dicir o que lles dea a gana, pero, falando de vivenda, señora Fernández, si é certo que hai que ser moito máis serios.

E falando de seriedade, os feitos son concretos. Hai diálogo, por suposto, co sector, e isto tradúcese en axudas, en axudas de 714 millóns de euros para 140.000 familias ás cales chegaron esas axudas; tradúcese en 4.640 vivendas de promoción pública; tradúcese nesas 2.359 —que, segundo a señora Fernández, tanto son 3 como son 19—; tradúcese nos 80 millóns de euros, efectivamente, para a promoción e a urbanización de solo.

E vénme aquí dicir que levo non sei canto tempo falando de Navia. A ver, señores, ¿é que para un plan, un plan sectorial, cinco meses, señora Fernández? É que dependemos dos concellos.

Pero tamén me vén falar aquí do Programa Rexurbe. Eu espero que o próximo alcalde de Ferrol axilice, porque non pode ser doutro xeito. Temos 19 inmobles mercados e levamos tres anos agardando polas licenzas, despois de ter presentado o proxecto e de que os técnicos lle desen o OK ao proxecto, e non as quixeron quitar para adiante. Ferrol perdeu cada ano tres millóns de euros e Vigo perdeu cada ano 7 millóns de euros. E fíxese que, sen ter as licenzas correspondentes de urbanización, xa quitamos a licitación esas urbanizacións.

Pero, bueno, en fin, ás veces non somos todo o serios que deberiamos. Aínda así, dígolle que o problema da vivenda é en varios eidos e, polo tanto, nós traballamos tamén en varios campos. Sacamos o Programa de vivendas vivas. ¿Sabe vostede por que a xente que ten pisos ás veces os ten parados e non nos saca a alugueiro? Porque ten inseguridade. Por iso, sacamos ese Programa de vivendas vivas, porque, adheríndose a el, a través desas xestorías, asesorías ou entidades inmobiliarias, garantirémoslles un seguro de pago, un seguro para os posibles desperfectos que poidan ter e un seguro para que teñan a Asesoría Xurídica por se teñen problemas con eses inquilinos.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As licenzas de primeira ocupación, tamén, señora Fernández. Hai inmobles que tardan ata dous anos para unha licenza de primeira ocupación. Modificouse a lei e, polo tanto, agora xa só é necesaria unha declaración responsable. Estamos modificando o Decreto de habitabilidade, de maneira que hai baixos comerciais que poden ser unha vivenda. Ese é outro dos obxectivos marcados. Por suposto, acabamos de conveniar e de asinar co Consello da Avogacía de Galicia, prorrogando un ano máis para que fagan esa guía, porque é imposible que unha persoa que teña un inmoble, se llo ocupan, sexa capaz de saber que é o que ten que facer. Polo tanto, aí está esa guía, e un teléfono, o 900 121 121, que atendeu o pasado ano cen familias; cen familias como esa señora, como María, que ten ese recurso nun alugueiro. Pero ¡ollo! tamén está o Consello Galego de Avogacía para asesorar os vulnerables; os vulnerables, que non os delincuentes, que aquí hai que diferenciar entre os vulnerables que axudamos e os delincuentes que perseguimos, porque é a lóxica que así se faga.

Polo tanto, a min gustaríame ter claridade sobre o que a vostedes lles gustaría que fixésemos con esta Lei de vivenda. Nós témolo claro, e esa claridade é a que emprendemos: primeiro, eido do diálogo, e, se non hai diálogo, pois non nos queda máis que proceder a recorrer.

Agora Galicia certificou o cen por cento de todos os fondos europeos, señora Fernández e señor Ojea. Galicia solicitou o anticipo do seguinte ano, sendo conscientes de que moitas das comunidades autónomas non fixeron o mesmo traballo que fixo Galicia. Galicia adiantouse e dixo que os fondos para os xoves eran poucos, que había que simplificar. Tamén somos coñecedores de que hai moitas comunidades autónomas que, debido á dificultade, non puideron chegar a eses xoves; polo tanto, nós queremos máis recursos. E Galicia, señora Fernández, cando non convoca as axudas de alugueiro, é porque se asina no mes de xuño co Goberno o Pacto pola vivenda, o Plan pola vivenda. E se se asina no mes de xuño ou xullo e se convocan no mes de agosto, comprenderá que non lles dá tempo. O que fixemos foi convocalo ao ano seguinte co dobre de fondos, pero tendo a posibilidade de que aqueles que tiñan alugado o ano anterior puidesen tamén ser beneficiarios desas axudas. Polo tanto, deixen de dicir verdades —ou mentiras— a medias e sexan serios e sensatos coa vivenda.

Eu, por suposto, estarei ao seu dispor para informar no eido da vivenda, non para facer política coa vivenda.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Presidente.

O Goberno galego deuse conta tarde, por certo, de que a vivenda é un problema real e de que é necesario poñer medidas para intentar resolvelo o máis pronto posible. O colapso do Rexistro de Demandantes é unha referencia que non se pode obviar.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os resultados que presenta a Xunta dos distintos programas de vivenda desenvolvidos nos catro eixos de axudas públicas á vivenda —Pacto da vivenda 2021-2025, Plan de recuperación, transformación e resiliencia, Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 e a Lei do dereito a unha vivenda— son de moi baixa execución e non resolven a falla de vivenda protexida e para un alugueiro, como nolo indican os case dezaseis mil demandantes.

A disposición de vivendas da Sareb para o seu alugueiro como vivendas sociais, recollido no Plan estatal de vivenda 2022-2025, é unha das solucións posibles, como así o considera tamén o Goberno do Estado coa posta á disposición de máis de 21.000 vivendas reais, señora Freire, para concellos e comunidades autónomas da Sareb, destinadas á vivenda de alugueiro social para xente vulnerable. Outra solución prevista é a promoción de 43.000 vivendas de nova construción ou de rehabilitación a través dunha liña ICO de 4.000 millóns de euros de fondos europeos.

Tamén aprobou a compra de solo a Defensa para construír en Galicia 486 vivendas en Ferrol, A Coruña e Pontevedra, dentro do Plan de vivenda en alugueiro accesible, para poñer á disposición de concellos o solo público necesario para o desenrolo da vivenda de protección pública adicada á promoción de alugueiro social e a prezos accesibles. A dispoñibilidade de vivenda baleira que teñen os bancos e a Sareb fai que a Xunta deba adquirirlle á Sareb inmobles para adicalos a vivendas de alugueiro social, incrementando o parque de vivenda pública residencial e garantindo un teito a persoas en situación de vulnerabilidade ou que sufrisen un proceso de execución hipotecaria.

Un dos programas estrela do actual Goberno para a rehabilitación é o Rexurbe —como se comentou aquí—, no que a Xunta compra inmobles moi deteriorados ou en completo estado de abandono para logo rehabilitalos e convertelos en vivendas de promoción pública para o alugueiro dos inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda. Tui, Ferrol Vello, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Ourense, Ribadavia, Lugo e Ribadeo son xa áreas Rexurbe. Dende a primeira convocatoria, actuouse en 76 edificios, que poden ser, máis ou menos —como dixo a conselleira—, 150 vivendas; valores certamente escasos, motivados —segundo a Xunta— por problemas de axilidade urbanística dos concellos. Prevían 3.000 vivendas na anterior campaña electoral; co cal, de 3.000 a 150 eu penso que hai un déficit importante.

Alberto Núñez Feijóo, actual presidente do Partido Popular e anterior presidente da Xunta, logo da aprobación da Lei de vivenda, incidiu na necesidade de máis construción de vivendas e tamén afondou no medo das ocupacións ilegais, na liña do feito mentres estivo á fronte da Xunta. A falla de políticas públicas en materia de vivenda e o recorte de medidas sociais que axuden a familias en risco de exclusión social a facer fronte aos gastos derivados do uso ou da adquisición dunha vivenda son motivos obxectivos que poden influír no incremento da ocupación de vivendas.

En relación coa xestión do anterior presidente e do actual —o señor Rueda— en materia de vivenda, obsérvase un escaso balance: hai unha media de 300 vivendas protexidas ao ano, fronte ao redor das 3.000 en décadas anteriores, e en cinco anos non se fixo ningunha vivenda protexida nova de alugueiro. Cando chegou ao Goberno galego, había un plan para construír unhas 37.000 vivendas protexidas nunha década. Daquela tratábase de manter o

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mesmo incremento das dúas décadas previas co Goberno do Partido Popular de Fraga. Desde o 2018 o Goberno central transferiu á Xunta de Galicia preto de 300 millóns de euros para actuacións de vivendas, edificios e barrios. E este compromiso orzamentario vai ter continuidade este ano e os vindeiros, co obxectivo de rehabilitar 25.000 vivendas en Galicia e de construír 1.200 vivendas sociais.

Xa rematado o primeiro trimestre de 2023, sería bo coñecer o investimento real de cada programa e o resultado e a influencia que tivo para os galegos e as galegas por descoñecer os aspectos e valores concretos que se pretendían acadar e que impiden levar a cabo unha avaliación de implementación que permita coñecer a adecuación práctica do marco teórico e efectuar as modificacións necesarias cando se constate que a aplicación non se corresponde cos obxectivos que se pretendían acadar. As políticas de vivenda do Goberno e do Plan de recuperación están orientadas a lograr que a vivenda sexa un dereito de verdade para os galegos e as galegas e non só un artigo da Constitución. Estas medidas teñen gran valor nas empresas, concretamente no sector inmobiliario, que ten un peso moi importante ou moi relevante na economía e no emprego. A idea do Goberno do Estado é de que o 20 por cento da vivenda sexa pública. Na actualidade, soamente é o 3 por cento, sendo un dos países da Unión Europea con menor proporción de vivenda de propiedade pública, e —insistimos— aquí en Galicia as cifras aínda son máis dramáticas.

A nova Lei de vivenda —tan deostada, como se acaba de comprobar neste momento nesta sesión e que, por certo, é a primeira norma ao longo da democracia que desenrola o dereito constitucional a unha vivenda digna e axeitada— dá instrumentos ás administracións competentes para limitar o prezo dos alugueiros e aumentar a oferta da vivenda pública e privada a prezos accesibles, atendendo a persoas e fogares que teñen maiores dificultades de acceso nos ámbitos nos que exista maior tensión no mercado. Esta lei está motivada para responder ás necesidades das persoas e dos fogares con máis dificultades de acceso, por enriba de todo aos xoves, para que realicen os seus proxectos vitais accedendo a unha vivenda a prezos accesibles, mellorando a súa capacidade de emancipación. Como xa comentei, inclúe a declaración de zonas de mercado residencial tensionado, co fin de aplicar medidas efectivas para favorecer o acceso á vivenda. A Xunta podería declarar zonas de mercado residencial tensionado onde exista risco de oferta insuficiente.

Diferéncianse nesta lei propietarios particulares e grandes tenedores, titulares de 10 vivendas residenciais ou de 5 vivendas nas zonas tensionadas. O límite dos prezos dos grandes tenedores vai asociado a un índice de contención, e a actualización anual dos contratos vai do 2 por cento en 2023 ao 3 por cento no 2024, e posteriormente haberá un novo índice inferior ao IPC que tope os aumentos da renda. Prohíbense os desafiuzamentos sen data e hora determinada, podéndose aprazar o proceso máis de dous anos, e dálles ás comunidades autónomas e aos concellos instrumentos para evitar os desafiuzamentos inxustificados. O equilibrio entre o arrendador e o arrendatario sae reforzado cunha prórroga extraordinaria dun ano por vulnerabilidade social ou económica recoñecida, e os gastos de xestión inmobiliaria serán a cargo do arrendador.

En resumo, esta lei activa mecanismos para incentivar a oferta accesible —sobre todos dos xoves e colectivos vulnerables, para evitar a vivenda baleira—, de contención e a baixada dos prezos do alugueiro en zonas declaradas tensionadas...,

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor OJEA ARIAS: ...e así incrementar o parque de vivenda en alugueiro social.

Pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Eu tamén considero, señora conselleira, que con vostede é bastante improdutivo o debate, porque xa no anterior pleno lle preguntei unha e outra vez cantas desas promesas de 1.800 vivendas se compromete vostede a facer este ano, nesta lexislatura. Non para as seguintes, non para o futuro —que non sabemos nin sequera se vostedes van estar gobernando—, senón cantas se comprometen a facer para este ano. *(Aplausos.)* E é imposible. Vostede fala de 40 vivendas en Xuxán. Entón, ¿é que vostedes só teñen pensado iso neste ano? Vostede é incapaz de dicirnos a cantas se compromete neste ano; a ver se o consigo na seguinte intervención.

Dende logo, o que se evidenciou na súa comparecencia é que vostede non viña aquí nin falar de vivenda protexida, nin do que fixo a Xunta —porque non ten, a verdade, moitos éxitos que presentar—; vostede viña falar da Lei estatal de vivenda. Xa o dixo ao principio: veño aquí coñecer as opinións dos restantes grupos. Pois nós imos darlle a nosa opinión. Podía tamén pedirnos opinión sobre o Plan de vivenda. É unha pena que para esas cousas non nola pida, que niso ten competencias. Pero imos darlle a opinión sobre a Lei estatal de vivenda.

Nós consideramos que esa lei ten algúns avances en canto ao recoñecemento ao dereito á vivenda, pero consideramos que é insuficiente, porque podería avanzar moitísimo máis, por exemplo, en afianzar o dereito subxectivo á vivenda; poderíase avanzar moitísimo máis en blindar a transferencia gratuíta do parque inmobiliario da Sareb —que, por certo, vostede non quere que sexa gratuíta; vostede está de acordo, xunto co Goberno estatal, en que volvamos pagar por uns inmobles polos que xa pagamos—; e podería ser moito máis avanzada no que ten que ver co compromiso efectivo para evitar desafiuzamentos. En todas estas cousas a Lei estatal queda curta, mentres que, por outra banda, si que entra a regular cuestións que exceden o marco das súas competencias e que son competencias propias; é dicir, que renuncia a actuar naquilo que si que pode mudar e, porén, nos aspectos nos que non ten competencias, apenas marca unhas directrices, que non deixan de ser unha declaración de intencións. *(Aplausos.)*

Nós consideramos —e así xa o fixemos público— que isto é un corpus lexislativo máis pensado para a campaña electoral que para ser efectista, por iso nos abstivemos, porque cremos que o dereito á vivenda tiña que garantirse por lei. Pero a nosa posición está nos antípodas

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da posición do Partido Popular, que está en contra, en xeral, de calquera actuación en materia de vivenda, nin no plano das competencias estatais, nin no plano das competencias autonómicas.

Vostede dixo que lle parecían mal, por exemplo, os cambios que se introducen a respecto dos desaloxos, e a realidade —por moito que vostedes fagan moitos aspaventos— é que a lei tampouco muda gran cousa respecto da situación actual; entra a actuar en cuestións de mínimos que teñen que ver con reducir o sufrimento das familias —por certo, cuestión que, ademais, está indicada nos informes da ONU que tiña que modificarse, que tampouco é unha cuestión ¡vamos! dun goberno bolivariano; non, os informes da ONU xa advertían de que esta situación non se podía permitir—. E eu pregúntolle, que se inclúa, por exemplo, a obrigatoriedade de dicirlle a unha familia o día e a hora á que vai ser desaloxada, ¿a vostede parécelle mal? ¿Que prefería, que fose como agora, que a xente estaba na súa casa, nunha situación de incerteza, sen saber que día ía acabar na rúa? ¿Que é o que lle parece mal disto? *(Aplausos.)* ¿Prefire a situación actual? ¿Ou que cando haxa situacións... *(Aplausos.)* —claro, esta é a realidade das cuestións de mínimos que se cambian— de vulnerabilidade con menores na vivenda as administracións teñan que intentar darlles unha alternativa habitacional? ¿A vostede isto parécelle mal? ¿Que prefería, a situación actual, onde a xente ía á rúa e as administracións miraban para outro lado e tan tranquilos, que é o que fai a Xunta de Galiza, que non ten políticas ante os desafiuzamentos? *(Aplausos.)*

E vostede incluso chegaba a dicir que lle parecía un lío todo isto da aplicación da distinción entre grandes propietarios e pequenos propietarios. É fácil de entender: un gran propietario que ten vivendas baleiras está incumprindo a función social da vivenda e, por tanto, ten que ter unhas responsabilidades sociais. E o único que fai esta lei é exixir que se abra unha mediación. Nin sequera obriga a unha resolución concreta da mediación, simplemente a que se abra un período de mediación. ¿Vostede que prefería?, ¿que fose como agora, que a xente vai á rúa sen ningún tipo de alternativa? A maioría de cuestións —ademais, que vostede puxo como que son grandes cambios— xa se están aplicando, e eu pregúntolle se vostede o que preferiría sería a situación como a que ten agora na actualidade, onde teñen vostedes un censo de vivenda baleira, onde están inscritas as vivendas baleiras de entidades financeiras e das súas filiais inmobiliarias, e non fan nada. ¡Non fan nada con ese Censo de Vivendas Baleiras! *(Aplausos.)*

Dende logo, está claro que o tema da vivenda se colou en campaña, que o Partido Socialista utilizou a vivenda como unha estratexia electoral con moito artificio, pero que cando imos á letra pequena falta e é insuficiente. Pero o Goberno galego fai exactamente o mesmo: campaña electoral; é todo fume. Vostedes prometen 1.800 vivendas públicas hoxe, cando fixeron en oito anos 22. *(Aplausos.)* E insístolle no dato, dende o 2015 fixeron 22 vivendas de promoción pública. *(Aplausos.)* Se quere, o próximo día tráiolle aquí os datos oficiais, se non os ten. *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Estame dicindo que non houbo 22 vivendas de promoción pública en oito anos? *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* Vale. Estaría moi ben que o próximo día me trouxese os documentos, ¡estaría moi ben! Iniciáronse 22 vivendas de promoción pública en oito anos. É que os datos son públicos. Eu convido a calquera a que entre a buscalos.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede, por certo —xa llo dixen na anterior sesión—, chegou a pedir a dimisión da ministra de Transportes por anuncios falsos. ¿Que é o que está facendo vostede, señora conselleira? Anuncios falsos unha e outra vez coa vivenda, coa vivenda protexida. Outra vez vén de anunciar 1.800 vivendas e é incapaz de comprometerse hoxe aquí outra vez a dicirnos cantas vai facer para esta lexislatura.

Eu vólvolle insistir: díganos cantas van facer para esta lexislatura. E temos a proba do algodón de se isto é un anuncio falso ou non: na seguinte moción pedímoslle ao Grupo Popular e ao Goberno que se comprometa a dar eses datos. Veremos que vota o Partido Popular, se a favor ou en contra. Se vota en contra de dar os datos dos seus propios compromisos, xa saberemos que é todo fume.

A ver se temos máis sorte na seguinte intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, eu, ao fío da intervención da señora Fernández, voulle facer tamén unha pregunta. A súa portavoz, a señora Pontón, anunciaba tamén —cando o señor Sánchez anunciaba as vivendas da Sareb— e dicía que en Galicia había 3.000 vivendas da Sareb dispoñibles. Néstor Rego falaba de 1.200 e o presidente Sánchez falaba de 1.200. Eu quería preguntarlle se sabe a señora Pontón onde están esas 3.000 vivendas da Sareb que ela dixo que estaban dispoñibles en Galicia, á disposición dos galegos e das galegas. Esa é a pregunta que eu tamén quería facerlle.

Falaba o señor Ojea do solo de Defensa. Mire, non vou detallar aquí todas as parcelas ofrecidas en solos de Defensa, pero voulle falar dunha que si coñezo moi ben: unha parcela na Maestranza, na Cidade Vella da cidade da Coruña. De tres, esa parcela foi a única que o Ministerio de Defensa non logrou vender. ¿A quen? A promotores privados para construír, pagando evidentemente e subastando ese solo. Foi a única que o Ministerio de Defensa non logrou vender e que ademais está destinada a zona verde. Ese é o exemplo dos anuncios ao *Plan Fume* de Sánchez, señor Ojea. *(Aplausos.)*

Dende logo, é fácil criticar cando precisamente os que critican fan todo o contrario; crítica construtiva, dende logo, aquí ningunha, todo demagoxia. Pero vou poñer algúns exemplos actualizados da súa política de vivenda, da política de vivenda dos grupos da oposición, en concellos onde gobernan.

O Partido Socialista en Vigo leva máis de catro anos —referíase a conselleira— poñendo trabas e impedimentos, boicoteando a ampliación do solo residencial en San Paio de Navia, en Vigo, onde se prevé a construción de 1.600 novas vivendas. Con independencia do anterior Plan xeral de ordenación municipal, que obrigou á tramitación dun novo plan parcial, o último plan parcial presentado, a modificación do plan parcial, para a ampliación dese solo

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

residencial, tardou nada máis e nada menos que catro anos e un mes. ¿Como se pode tardar máis de catro anos para a aprobación dun plan parcial e como se pode tardar dous anos para aprobar un proxecto de urbanización? E a día de hoxe a conselleira ten só unha aprobación dos tres proxectos de urbanización presentados.

Iso, dende logo, si que é unha auténtica irresponsabilidade. Ano a ano, a consellería orzando 7-8 millóns de euros para executar a urbanización dese solo residencial e para executar a construción de vivenda pública en San Paio de Navia *(Aplausos.)* Por tanto, falen co alcalde socialista do Concello de Vigo.

Exemplos tamén temos do BNG. Construír un aparcamento nunha parcela cedida gratuitamente pola Xunta de Galicia e destinada á construción de vivenda pública, dende logo, eu penso que non sei como se pode chamar iso, cando ademais aquí veñen falar e criticar, falar da vivenda pública, ben, dun modo, sinceramente, con datos falsos e totalmente demagóxicos.

Pero tamén podemos poñer outros exemplos. O de Xuxán, no que os atrasos, os atrancos e as paralizacións deste barrio na Coruña son debidos a una mala política e a unha mala decisión dun goberno bipartito, dun goberno bipartito do Partido Socialista e do BNG, que adxudicaron en plena campaña electoral a urbanización dese polígono a unha empresa por 45 millóns de euros, en plena campaña electoral e ademais en plena xornada electoral. Iso é o que motivou todos os atrasos no barrio de Xuxán, na Coruña. Por tanto, señorías, lecciónns, as xustas, porque vostedes teñen moito que calar.

Falaba a conselleira da posición dos grupos, que servise para presentar a posición dos grupos ao respecto da coñecida Lei de vivenda. Dende logo, a postura do grupo parlamentario xa é coñecida. Nós non compartimos medidas restritivas e penalizadoras que pretende a lei estatal. En cambio, o Partido Socialista e o BNG comparten pois o posicionamento desa lei. Un titular recente: *(A señora Freire Vázquez mostra un documento.)* Lei de vivenda —este é o clamor do sector e da sociedade—, inxusta, alarmante, irresponsable, populista e invasiva. Unha Lei de vivenda que eu lle chamo Lei da antivivenda, porque non vai servir para solucionar o problema do acceso á vivenda, con medidas restritivas, penalizadoras, intervencionistas, que, ademais, o único que vai conseguir, como xa se sabe e todo o mundo di, é encarecer e paralizar a construción de vivenda e encarecer os prezos da vivenda e restrinxir a oferta.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Peche da comparecencia, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Quero rematar, señor presidente, como comecei: a Xunta de Galicia ten un pacto, un pacto social pola vivenda, un pacto que asinou no ano 2021, un pacto que segue vixente, e, xunto

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

con ese pacto, unha estratexia, unha estratexia ata o ano 2026, que, señora Fernández, señor Ojea, ao igual que a señora Freire, poden consultar; por un lado, está a páxina de transparencia da Xunta de Galicia, onde saen as licitacións e as contratacións dos distintos proxectos, e, por outro lado, está o DOG, onde saen publicadas as bases, e polo tanto aí deben facer vostedes os seus cálculos.

Por suposto, loitamos polo dereito á vivenda. Tamén loitamos por algo fundamental, que é o dereito á propiedade privada.

Temos distintos plans. Por un lado, está o Plan estatal de vivenda; por outro lado, están os fondos europeos, que temos executados; e, por outro lado, está a estratexia.

Nesa estratexia falamos dun incremento do 50 por cento ata o ano 2026. ¿Por que se fala ata o ano 2026? ¡Home!, pois porque se se licita agora a redacción dun proxecto de vivendas, digo eu que lle hai que dar un tempo, ¿non?, señora Fernández, seis meses polo menos para a redacción dese proxecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ¿como que ningún? Non sei se vostede di 21, se 2021, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ningún. O tema é que se licita, se contrata, se dan seis meses e despois se executa. Esa é a realidade, sen máis. E, efectivamente, claro que poden ser dous anos, ¿por que non van ser dous anos?

E tivemos unha pandemia, efectivamente, onde tivemos que estar ao carón das empresas, entre outras cousas porque nin sequera tiñan os materiais suficientes.

Pero cando vimos aquí e falamos de ata onde chegamos e de onde vimos, dicimos que dende o ano 2009 se construíron 2.359 vivendas, e resulta que non lles serve iso, e dicímoslles que dende aquí ata o ano 2026 imos incrementar 1.800 vivendas, e temos orzados 250 millóns de euros. Esa é a realidade das políticas da Xunta de Galicia en relación coa vivenda.

Pero non quedamos aí e investimos 80 millóns de euros para obter solo residencial, e cando vemos que é necesario o cambio de uso, propoñémosllelo aos concellos; se os concellos nos tardan dous, tres ou catro anos, señora Fernández, ao final o problema estánllelo derivando aos seus veciños; nós non temos competencia á hora de cambiar o uso. Como exemplo, temos Xuxán, onde hai que cambiar un uso porque era terciario, era para servizos, e necesítase a construción de 500 vivendas máis no caso da Coruña.

E eu o que agardo é que, despois das eleccións municipais e cando xa estean constituídos os gobernos, utilicen as leis, e, cando digo utilizar as leis, poñemos á disposición a Xunta Consultiva de Urbanismo, por se teñen algún problema de interpretación e para que non tarden dous ou tres anos en quitar adiante un plan parcial.

Por suposto, si que tamén lles pedimos aos concellos que, cando lles cedemos terreos residenciais, pois despois non os convertan en aparcamentos.

Poñémonos á disposición dos concellos e dámoslles axudas tamén aos concellos, neste momento 8,2 millóns de euros, para poder solicitar, e teñen axudas de ata 50.000 euros por vivenda cons-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

truída, ao que hai que engadir un préstamo sen xuros a devolver en oito anos por se queren cofinanciar eses 50.000 euros. Esas son as realidades das políticas de vivenda de Galicia.

E gustaríanos seguir construíndo vivenda pública. E para seguir construíndo vivenda pública hai que ter seguridade xurídica e todas as parcelas que quitamos para que se presenten os promotores e para que se presenten as cooperativas. Neste momento xa nos trasladan que se vai paralizar, e vaise paralizar porque é imposible con esta lei, señora Fernández, porque é unha lei da que di vostede que fai pequenos axustes. ¡Home!, pequenos axustes cando hai un informe demoledor —é demoledor— do Tribunal da Competencia, pero non só iso, senón do poder xudicial, eu non o tildaría de pequenos axustes.

Por outro lado, tamén lle digo: non xogue vostede coas persoas vulnerables. As persoas vulnerables nós estamos con elas, non hai ningunha persoa con fillos na rúa, señora Fernández, nin unha soa persoa con fillos na rúa *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*. Nós protexemos os vulnerables, axudamos os vulnerables; o que non contemplamos son os delincuentes *(Aplausos.)*. E non mesture vostede unha cousa coa outra, porque é un tema máis que delicado, porque na Consellería de Política Social, xunto coa consellería que ten as competencias en materia de vivenda, hai persoal as vinte e catro horas do día, no tema de vulnerables con cativos, ao igual que o temos tamén con vítimas de violencia de xénero. Non queda ninguén na rúa, nin á 1 da mañá nin á 1 do mediodía, nin ás 3 da madrugada. E, polo tanto, hai que ter un respecto por esa xente que está de garda e vixilancia durante as vinte e catro horas.

Polo tanto, creo que é bo falar con propiedade, e falar con propiedade é contribuír a que as cousas se fagan mellor, pero non defenestrar as políticas que se están levando a cabo.

Polo tanto, amparados única e exclusivamente nese informe, demoledor, do Consello Xeral do Poder Xudicial, preocúpanos que se incremente o prezo do alugueiro; preocúpanos que cada vez haxa máis vivenda baleira que acabe sendo unha vivenda turística, algo que si tiñan que regular nesta Lei de vivenda e que non fixeron e que solicitamos todas as comunidades autónomas, porque ha de ser homoxénea en todas as comunidades, e non se fixo, e ao final que non se siga construíndo vivenda.

Iso é ao que vai dar lugar esa lei, que di vostede que fixo pequenos axustes, fronte ao que di o Consello Xeral do Poder Xudicial, que acusa de dirixismo de actuacións das institucións autonómicas e locais, de problemático encaixe na orde constitucional de competencias, por non recordarlle que di que resulta certamente difícil determinar que norma haberá de aplicarse, se estatal ou autonómica, e quen a ten que aplicar. E eu, se vostede non o coñece, de verdade que lle recomendaría que procedera á súa lectura, porque así vería que non hai pequenos axustes.

Nós continuamos na idea, e esa idea é cumprir os nosos compromisos; non son compromisos dunha campaña electoral; non había ningunha campaña electoral cando se asinou o Pacto social pola vivenda, non había ningunha campaña electoral cando levamos a Estratexia da vivenda pública ao Consello da Xunta; rebatemos cando cremos que se nos está tomando o pelo, e, por suposto, poñémolo enriba da mesa.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É unha tomadura de pelo que se nos veña falar aquí da Sareb, é unha tomadura de pelo que vostede me diga que nós non queremos esas vivendas gratis. Perdoe, é que esas vivendas non se ofrecen gratis endexamais, é que levamos dende o ano 2015 pagando os alugueiros á Sareb, dende o ano 2015. Claro, é que había que pagala, ou, se non, a Sareb non llelas cedía ás comunidades autónomas; igual que en Galicia, no País Vasco, en Navarra, en Castela e León, en Castela-A Mancha ou en Aragón. É o mesmo sistema.

E decidimos mercar 40, polo cal os galegos e as galegas pagaron 3,5 millóns de euros, e de repente aparecen os señores do PSOE falando de 3.000 e despois báixanas a 1.200, e, cando empezamos a analizar, resulta que as únicas dispoñibles eran 40, e desas 40 só 5 tiñan licenza de primeira ocupación.

Pero vostedes estiveron ao seu carón en todo ese transcurso, non vimos que alzaran a voz, o único que dixeron é: cédanllelas ás comunidades autónomas. ¿Ceder que? Se moitas delas son cascallos, se a gran maioría están fóra de ordenación, se non cumpren co código técnico. En realidade, ¿vostedes queren esas vivendas para as persoas que necesitan un alugueiro?

A Xunta de Galicia quere vivendas decentes, que é o que está propoñendo e poñendo enriba da mesa. Polo tanto, seguiremos a vía de diálogo e, de non obter diálogo, pois a Xunta de Galicia o que fai é defender os galegos e as galegas, e haberá que dar un paso máis.

Moitísimas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Continuamos coa orde do día, punto 2º, mocións.

Corresponde debater unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas, sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine, no punto 2, o seguinte texto:

«Ao tempo, traballar en colaboración con outras administracións, especialmente a local, na elaboración dunha estratexia para potenciar o uso do galego entre o alumnado fóra das aulas.»)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Moi bo día, señorías.

Na interpelación que lle trasladamos ao conselleiro no último pleno requirímolo para unha pregunta moi directa: ¿está o Goberno da Xunta a deseñar un plan específico para superar a debilidade de coñecemento e a perda de uso do galego, tal e como recolle o Plan estratéxico de Galiza 2022-2030, e garantir a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos? Preguntámosllo porque o contido recollido nese Plan estratéxico, aprobado recentemente neste parlamento cos votos a favor do Partido Popular, a respecto do que di sobre política lingüística do Goberno do PP, é unha emenda á totalidade da mesma. Insistimos: este plan recolle literalmente esa debilidade na competencia e tamén o retroceso no uso da nosa lingua, que se retrocede, evidentemente, e compromete o seu futuro.

Din os versos do poeta Manuel María que un poema é un ser vivo que fala. Pois ben, a lingua tamén é un ser vivo que fala e que, se non se alimenta correctamente, cala e morre. Esa lingua que non atopaba a pequena Moraima cando quería comunicarse con Siri, ¿lembran?, desesperadamente interpelaba tamén e Siri non respondía.

O alimento da lingua é a política lingüística axeitada que se empregue. E diso queremos falar na moción que propoñemos hoxe á aprobación desta cámara, dese alimento necesario para que a nosa lingua, o galego, supere ese pretérito imperfecto que todos os datos avalan e habite nun presente continuo para un futuro certo.

Queremos, polo tanto, falar, e falamos na nosa moción, de que o galego vaia a máis, de que nos coloquemos a favor do galego, asegurando que as novas xeracións, como as que agora nos acompañan neste debate neste hemiciclo, teñan tamén garantido o dereito ao coñecemento e ao seu uso.

A nosa moción consta de tres puntos —como vostedes ben saben—, que non nacen do acaso, da improvisación, nin moito menos da ocorrencia, senón do contraste observador da realidade, da análise académico-científica, sempre —e, por suposto, na interpelación anterior apelamos aos estudos das universidades galegas, da Real Academia Galega, do Consello da Cultura Galega e tamén do rigor estatístico oficial: Instituto Galego de Estatística e Instituto Nacional de Estatística—, sempre, por suposto, avalados polo rigor. Unha moción que nace desa composición de lugar que procede do interese e da preocupación que temos no Grupo Parlamentario do BNG ante a ausencia de avaliacións oficiais e das consecuentes intervencións por parte do Goberno. Porque as cousas —sabémolo ben— suceden sempre por algo, hai razóns.

A ninguén se lle escapa que ao longo dos catorce anos do Goberno o Partido Popular trouxo a esta cámara múltiples aprobacións de leis co obxectivo de modificaren outras anteriores, pola vía ordinaria, pola vía extraordinaria, pola porta grande ou pola porta de atrás. Sen ir máis lonxe, en días moi recentes, acaban de rexistrar un proxecto de lei de modificación da

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lei de patrimonio de Galiza; enténdese que este procedemento responde a criterios, como mínimo, de necesidade de adaptación á realidade, cada vez máis cambiante e á que unha administración e un goberno responsábel sempre debe atender e dar resposta.

No entanto, sorprende que a respecto da política lingüística o Partido Popular non mudase absolutamente nada en catorce anos de goberno, como se a realidade sociolingüística fose inmutábel, unha foto fixa sen ningún tipo de evolución e para a que sempre fose politicamente xustificábel facer o mesmo, é dicir, atendela como se atende unha doenza crónica sen posibilidade de solución.

Non vou volver reiterar hoxe aquí o relatorio de probas irrefutábeis que avalían o resultado da política lingüística do Partido Popular a respecto do ínfimo uso do galego en moitos ámbitos e en moitos contextos de comunicación.

Por exemplo, falabamos da prensa escrita, e aproveito para preguntarlles ás súas señorías cantos xornais, cantas revistas len en galego ao día, quincenalmente, mensualmente. Por exemplo, da súa presenza, da presenza do galego, por parte das aseguradoras; reparen, por favor, en cantos dos seus seguros están redactados, por exemplo, en galego. Das sentenzas sobre o ámbito xurídico; ¿cantos xuíces, cantas xuízas coñecen vostedes que redacten esas sentenzas en galego?; o mesmo, no caso de teren tamén sentenzas, ¿cantas delas están en galego? Por suposto, dos medios audiovisuais; ¿cantos ven ao día en galego, malia seren medios galegos? O mesmo, pregúntenlles aos fillos, fillas, netos, netas, aos pequenos, á mocidade: ¿cantos ven, que contacto teñen con medios audiovisuais en galego? Ou dos xogos e dos xoguetes; ¿cantos xogos?, ¿cantos xoguetes teñen vostedes agasallado que teñen o galego como lingua de comunicación e de xogo?, ¿cantas bonecas teñen agasallado que lles falen a esas crianzas en galego? Todo isto sábeno, sábeno perfectamente, por iso tamén saben que é moita hora de reaxir.

Seguro que o conselleiro, por responsabilidade, nos está vendo hoxe, aínda que non nos acompañe no hemiciclo, e por isto tamén quero preguntarlle que lingua é a que vostede, como conselleiro, escoita moi maioritariamente nas crianzas, na infancia, na adolescencia, nesas visitas fotoxénicas polas que habitualmente pasea polos centros educativos galegos.

¿Pode negar, desde a experiencia directa, que o 24 por cento —como din os datos oficiais— das menores de 14 anos non saben falar galego —así o recoñecen— ou teñen serios problemas para poder ter unha comunicación fluída e correcta en galego? ¿Pode negar as palabras da escritora Ledicia Costas, que nun artigo moi recente nestes días pasados no *Faro de Vigo* se amosaba moi preocupada recoñecendo visitar, neste caso, centros maioritariamente concertados, onde mesmo o profesorado de Galego se expresaba única e exclusivamente en castelán co alumnado e coa propia escritora, que estaba de visita no centro?

¿Como se pode refutar, como pode refutar o señor conselleiro, a sentenza da Real Academia Galega cando afirma que a escola é un axente desgaleguizador? O conselleiro non respondeu á nosa pregunta naquel momento, nese pleno, e hoxe continuamos con esta moción. Limitouse á estratexia do sabio, tamén coñecido como zorro de Arteixo: «moito que dicir e pouco que contar», sempre sabio Arsenio Iglesias.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Conformouse con vir a esta cámara a mal disimular que non teñen previsto ningún tipo de actuación, ningún tipo de planificación e de intervención a favor do galego, tal e como lles indica o seu propio Plan estratéxico 2022-2030, tal e como lles pide a súa propia regulamentación, que non pide máis que atender ao marco legal que no seu día, ademais, deseñou o propio Partido Popular: a Lei de normalización lingüística, do señor Fernández Albor; o Plan xeral de normalizaión da lingua galega, de Manuel Fraga; e a Carta europea das linguas minorizadas, asinada por Aznar como presidente do Goberno español.

Están vostedes, señorías do Grupo Parlamentario do Partido Popular e do Goberno, convertidos nuns auténticos disidentes ou desertores da lingua *(Aplausos.)*.

Sentiu o conselleiro —iso si— nas súas dúas intervencións a necesidade de facer o que fan habitualmente desde o Goberno: falar do modelo BNG, da nosa defensa do plurilingüismo en positivo, desde o galego, o modelo que subscribimos e defendido no seu día por un gran coñecedor sociolingüista tamén —entre outras moitas funcións—, Agustín Fernández Paz: chegar ao plurilingüismo sen arrombar no faiado o galego, como está a facer o Partido Popular.

Falou da importancia de que nós llo estamos a transmitir xa á sociedade. Nese camiño seguimos, porque, efectivamente, sabemos que a inmensa maioría da sociedade galega é aliada do galego no presente e no futuro, como no BNG, e así o recoñeceu. Niso estamos e, desde logo, niso seguiremos.

Tamén aproveitou para dar unha volta rápida —non sei se o lembran— por Euskadi e por Cataluña, ¡como non! Calquera sabe que sempre están Cataluña e Euskadi moitísimo peor que Galiza en todo, ¿non? Pero esqueceulle unha información moi importante, que é a que nós queremos e é a que nós propoñemos hoxe na nosa moción: conseguir un titular coma este do pasado mes de marzo: *(A señora Queixas Zas mostra un documento.) «El uso del euskera aumenta en Euskadi con 261.000 hablantes más que hace treinta años.»* Este é o camiño (*Aplausos.*) e esta é a proposta do BNG: que o galego aumente e non que siga día a día minguando.

E, finalmente, nesa intervención si chegou o tempo para o anuncio, como vén sendo habitual —e digo ben: para o anuncio—, non para o Plan estratéxico polo que nós preguntabamos, porque o único que anunciou como acción solta habitual —tamén vén sendo frecuente— foi un *spot*, un *spot* para o Día das Letras Galegas. Aí está recoñecido o futuro do galego e aí morreu tamén o Plan estratéxico para a lingua do Partido Popular.

A actitude do BNG é propositiva, coma sempre, a favor do galego, porque no BNG somos inconformistas, porque non nos resignamos nin aceptamos mirar cara a outro lado, como habitualmente fan desde o Partido Popular. Por iso traemos aquí hoxe esta moción, con tres puntos que queren ser ese necesario punto e á parte que está a demandar a maioría da sociedade galega e que calquera dos sociolingüistas con responsabilidade política nesta consellería asinaría, a non ser que para ter o carné do Partido Popular ou traballar no Partido Popular en materia de planificación sociolingüística sexa imprescindíbel renegar do galego, mesmo en contra do que falan os seus propios votantes.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

Perdón, perdón, que me esquecín. Teño que saudar os alumnos, que son de 2º e 4º da ESO do centro de Mondariz, que hoxe nos visitan, e tamén os profesores que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Benvidas e benvidos tamén ao alumnado deste centro de Mondariz.

Nós debatemos hoxe unha moción que contén tres puntos moi concretos que, ben, con leves variacións, realmente xa foran debatidos neste mesmo pleno, non vou dicir con escaso éxito, senón que con nulo éxito. Eu agardo que hoxe teñan máis sorte. Pola nosa banda xa adiantamos o noso voto favorable, igual que tamén fixeramos a anterior vez.

E facémolo porque, en efecto, e tal e como xa ten ademais o noso grupo parlamentario manifestado en moitas ocasións, para o PSdeG a lingua é —ou debera ser— unha materia transversal en todas as políticas públicas dun país coma o noso. Debemos loitar pola súa normalización, pola cada vez maior concienciación do seu uso, porque sexa entendido o galego como un dos maiores bens patrimoniais que temos, e por iso hai que pular para promocionar e conservar o noso idioma.

Nós lamentamos profundamente que nin o Goberno galego —repito: o Goberno galego— nin o Partido Popular, e tampouco este grupo parlamentario, compartan esta reflexión ou este sentimento, á vista das votacións que se teñen producido arredor desta materia aquí nesta cámara. Moi ao contrario, a dereita, aquí e fóra tamén de Galicia, segue a ter pensamentos acomplexados sobre as linguas propias dos territorios, que ven ademais como ferramentas de confrontación política, observándoas con medo, en vez de velas como o que son en realidade, que son ferramentas que afortalan a identidade dun país e, polo tanto, a súa cultura. E eu pregúntome que ven de malo niso, que hai de malo, que hai de malo en ter estas ferramentas que afortalan a identidade dun país.

Miren, o escenario presente e futuro para a nosa lingua non é nada alentador, por moito que tenten facernos crer que si que o é. A realidade é teimuda e, á espera dos datos deste ano do Instituto Galego de Estatística, temos os recentes do INE, que advirten que, se hai tres anos o galego era a lingua maioritaria da metade da poboación, dende este mes pasado de decembro éo o español.

Puidemos gañar —e non o discuto— en certo prestixio da nosa lingua, pero, aínda sendo así, cada vez son menos os seus falantes e cada vez é menor tamén a idea de que o galego é útil nas nosas vidas.

O modelo lingüístico do Partido Popular de Galicia non está funcionando, e por iso, precisamente por iso, non se atreven vostedes a realizar absolutamente ningún informe que avalíe

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a situación actual. Tería que darlles vergoña que sexan outra institucións e outros organismos —eles si, eses si, fondamente preocupados polo estado da nosa lingua— os que teñan que fornecernos dos datos necesarios. E as súas conclusións —xa o saben— non permiten anunciar, dende logo, nada bo, moi ao contrario.

E é que, efectivamente, como di esta iniciativa, o Plan estratéxico 2022-2030 asume unha situación de desigualdade do galego, e fíxense que, ademais, o fai cos datos de 2018, non con datos actuais, nos que segundo eses datos aínda a lingua maioritaria do noso país era o galego. E xa dixemos aquí tamén: ese plan formula, no seu eixo para o fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos prioritarios e estratéxicos, unha serie de retos.

Entre estes retos aparecían, o primeiro —ben, un deles—, conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos se o desexar. Pois ben, novamente a realidade é moi teimuda, porque no noso país isto non é posible; non é posible vivir en galego no ámbito educativo, con ese malogrado decreto do plurilingüismo; tampouco é posible no ámbito xudicial, tal e como ademais advirte o Consello de Europa; e non é posible tampouco no ámbito sanitario; non hai máis que ver todas as queixas que recibe, mes a mes, a Mesa pola Normalización Lingüística.

Outro dos retos era conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos. Eu entendo aquí que o Goberno ou non sabe cales son os sectores estratéxicos ou non conseguiu máis funcións e usos e máis espazos. Xa nos dirán qué se realizou neste apartado.

Logo hai outro reto, que é aquel de promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega, que esfarele prexuízos, reforce a súa autoestima e aumente a súa demanda. Claro, aquí temos perlas dabondo, pero dabondo, ¡eh!, que, lonxe de ser anecdóticas, dan conta da postura do Partido Popular. Podemos lembrar o actual presidente nas manifestacións de Galicia Bilingüe; o incidente acontecido en Baiona o verán pasado cando o PP local se alporizaba porque o pregón das festas era en galego, habendo como había tanto *español de ben* por alí; ou, máis recentemente, a campaña en español do señor Verea, buscando tamén supoño que o voto máis conservador da *xente de ben*, só por poñer algún exemplo; ou cando, precisamente, o señor Rueda, sen ser aínda presidente, dicía que, se para promocionar Galicia, había que dicir «*Sangenjo*», pois nada, dicimos «*Sangenjo*».

Eu non sei exactamente como pensan responder a este reto, quédalles xa case pouco tempo, ben, efectivamente, pouco tempo no Goberno tamén, pero tamén poucos anos por diante para conseguir estes retos de cara ao 2030.

Outro dos retos que se plantea sería o de reforzar a política lingüística de promoción, coñecemento e uso do galego. Nós preguntámonos como pensan facer fronte a este reto, se xa a priori negan todos os indicadores negativos que existen.

Mire, o Goberno galego está errando na política lingüística á que está obrigado polo noso Estatuto, polo noso Estatuto e tamén por unha lei. Sábeno, pero tanto lles ten. É máis, case podemos dicir que diso se trata, de errar, de errar a sabendas.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E falabamos da lei, e nós efectivamente tamén concordamos en que estaría ben comezar un proceso para modificar a Lei de normalización lingüística logo de corenta anos, máis de corenta anos, tempo dabondo para marcar novos obxectivos acordes coa nova realidade.

E, sendo as tres cuestións que se formulan nesta moción moi necesarias, permitan que queiramos poñer o foco no segundo punto, que ten que ver coa educación, e que tamén nós temos reclamado neste parlamento, precisamente nos mesmos termos que se plantean nesta iniciativa, porque nós tamén coidamos que é preciso, é urxente, preciso e urxente, un pacto social e político para establecer un novo modelo lingüístico educativo.

O Consello da Cultura Galega —xa se dixo aquí—, as universidades, a Real Academia, a Mesa pola Normalización Lingüística, os sindicatos de ensino, as asociacións de docentes de galego e mesmo o Consello de Europa alertan de que a escola en Galicia está a funcionar, despois dese Decreto do plurilingüismo, como un axente desgaleguizador, non galeguizador, desgaleguizador, e coinciden en que non só non están garantidas as competencias en galego coas que debe contar o alumnado ao remate de cada etapa educativa, senón que, ademais, contribúen a que o alumnado abandone o uso do galego e tamén que non se incorporen novas persoas falantes.

Saben ben que a Real Academia Galega elaboraba, hai menos de dous anos, un estudo sobre a competencia bilingüe dos escolares galegos ao finalizar a etapa educativa obrigatoria, e iso co fin de medir o cumprimento do obxectivo establecido na nosa lei, na nosa propia lei, de que o alumnado debe rematar esa etapa con capacidade para empregar de forma correcta, axeitada e eficaz as dúas linguas oficiais de Galicia. E é nese informe onde se constatan —digo— con rigor científico, co rigor científico esixido, que existe un acusado desequilibrio en detrimento do galego, e alertan —e estas non son palabra nosas, senón dese estudo— dunha situación pouco alentadora para o futuro da nosa lingua.

Nós preguntámonos por que lle custa tanto ao Goberno galego, ao Partido Popular, a este grupo parlamentario, asumir que chegou o tempo de sentar, de avaliar a situación actual, de escoitar propostas, de consensuar; por que lles custa tanto abrir un diálogo sen máis ánimo que o de construír un espazo de convivencia no que aseguremos o prestixio e, por tanto, a pervivencia futura da nosa lingua, comezando pola escola. Non o entendemos. Eu asegúrolles que para nós a cerrazón do Goberno galego é neste sentido inexplicable.

O último minuto que me queda quería dedicalo a explicar a nosa emenda, que é unha emenda de engádega ao final do punto 2, precisamente ese punto que ten que ver co modelo educativo. Nós pensamos que, mesmo que a escola, efectivamente, ten que ter un papel galeguizador, tamén é importante pór o foco naqueles espazos nos que cada vez máis nenas e nenos comparten momentos de lecer, como poden ser as actividades extraescolares ou deportivas nos propios centros educativos —de aí que sexa unha engádega—, porque entendemos que sería oportuno, tal e como ademais indican varios estudos —o traballo que fai a Real Academia Galega no concello de Ames por exemplo dá conta disto—, avanzar na igualdade do galego en colaboración con outras administracións, especialmente ademais a local, nunha estratexia que asegure, ben, unha certa continuidade do modelo lingüístico das aulas, pero fóra delas.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós —xa para rematar—, unha vez explicada a emenda, rogamos ao Grupo Popular que abandonen esa posición de trincheiras e asuman que é necesario abrir un novo marco de diálogo con ánimo construtivo co que todas e todos non nos enganamos, realmente, e co que finalmente quen vai gañar tamén sería a nosa lingua.

Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don José Luis Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Bo día a todos, señorías.

Señoría Noa Díaz, eu non entendo por que a molesta que un candidato noso faga unha parte da súa campaña en castelán e unha parte en galego; el é totalmente libre para decidilo; de todos modos, dígolle que o noso candidato Borja Verea non é bilingüe, senón que é trilingüe. O que pasa é que talvez o que máis a molestaron foron os resultados que el tivo en Santiago. *(Aplausos.)*

Mire, o que nos une como galegos é o orgullo pola nosa lingua e a nosa cultura, pois estes dous elementos son os que nos permiten entendernos perfectamente. Por iso o Goberno galego trata de garantir que todos os galegos e as galegas poidamos empregar a nosa lingua con liberdade e en calquera ámbito.

Este ano, dentro duns días, como saben, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, cumprirá os corenta anos. Unha norma que establece o galego como a lingua propia de Galicia, unha lei aprobada no primeiro Parlamento de Galicia por unanimidade, por un consenso entre todos os deputados e deputadas de distinta forzas, que, como dixo Ramón Piñeiro, foron capaces de aparcar as súas diferenzas para devolver a plenitude de dereitos á nosa lingua.

Se facemos memoria e pensamos como era a situación da nosa lingua hai esas catro décadas, todos temos que recoñecer que se produciu un gran cambio, tanto a nivel de coñecemento como de desenvolvemento e de preservación. Vostedes seguen co discurso da catástrofe perpetua, pero, como dicía, se voltamos a vista atrás, ese discurso queda totalmente desacreditado.

Todos os pasos dados foron posibles grazas a unhas políticas que puxeron o foco no consenso, o bilingüismo cordial e o respecto á legalidade. En Galicia temos ese modelo, un modelo lingüístico que os cidadáns coñecen, e que veñen avalando reiteradamente, como saben, un modelo que se sostén sobre principios como a igualdade, o respecto á lei, garantindo os dereitos de todos os cidadáns, a convivencia harmónica dos dous idiomas oficiais de Galicia e a liberdade para que cada un poida empregar a lingua que desexa en calquera ámbito.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As linguas son unha riqueza, e nesta última década, sen imposicións e con respecto, acadamos o maior índice de coñecemento do noso idioma, do galego.

Ademais, en Galicia acontece un fenómeno singular: as galegas e os galegos —xa llo recordou aquí o conselleiro— séntense, maioritariamente, tanto galegos como españois; de feito, cando se lles pregunta, non só é que a maioría diga sentirse tan galegos como españois, senón que a porcentaxe de galegos que se senten así foi aumentando ao longo dos anos, estando hoxe preto do 70 por cento.

Tendo en conta isto, non se pode apostar por unha comunidade monolingüe. Galicia é bilingüe, sen problemas e sen conflitos. En Galicia hoxe non existe un problema lingüístico e a lingua non é un motivo de liortas nin de confrontación. Somos unha comunidade bilingüe, na que a inmensa maioría da poboación entende, fala, le e escribe en galego e en castelán.

Respecto, liberdade, coñecemento, convivencia, uso en calquera espazo. Ese é o modelo de Galicia. Creo que é un modelo de éxito, é o modelo que nós, o noso partido e o noso Goberno, defendemos.

O que non sabemos é cal é o seu modelo, o modelo que vostedes propoñen, señorías do Bloque Nacionalista Galego. ¿Están vostedes a favor do respecto, do consenso lingüístico, da defensa da lingua propia baixo o marco da Constitución e do noso Estatuto de autonomía, ou prefiren a confrontación? ¿Apostan pola convivencia das dúas linguas oficias e o plurilingüismo ou consideran que é superior un sistema no que pensan que se pode obrigar a falar unha lingua por decreto? ¿Cren que as galegas e os galegos deben poder escoller a lingua na que falan con liberdade ou prefiren un modelo de control político sobre a nosa lingua? ¿Cren que se deben empregar ambas as linguas no ensino con carácter vehicular, cun modelo de equilibrio, ou prefiren unha inmersión total nunha soa lingua? ¿Cren que un goberno debe, ou non, respectar a liberdade das persoas para que unha sociedade bilingüe se poida expresar con liberdade?

En definitiva, non sabemos cal é o seu modelo. O noso está claro, está encima da mesa. Vostedes aquí intentan trasladar unha mensaxe de moderación e ás veces afirman que están a favor do plurilingüismo —volvérono recordar—, outras que aspiran a ser como Luxemburgo, un sistema educativo no que conviven catro idiomas distintos, e non obstante ás veces no Congreso dos Deputados proclaman que Galicia será pronto unha República libre e soberana. Señorías do BNG, o que é certo é que en todas as súas declaracións políticas sempre buscaron o monolingüismo.

A Xunta de Galicia, no ano 2010, aprobou o Decreto de plurilingüismo, para que os mozos e as mozas de Galicia puideran aprender galego, castelán e unha lingua estranxeira na escola. Hoxe os datos avalan a eficacia deste decreto. Por moito que digan vostedes, a lingua galega consolidouse como a maioritaria, produciuse maior incremento de falantes desde que existen estatísticas e medran os usos bilingües, o emprego con normalidade das dúas linguas cooficiais, reforzando a idea de que en Galicia existe realmente esa cordialidade lingüística.

Datos do Instituto Galego de Estatística, onde case o 97 por cento ou o 98 por cento dos cidadáns entenden o galego, o falan e saben lelo. O último informe de PISA evidencia que Ga-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

licia é a comunidade autónoma onde o alumnado fala as dúas linguas cooficiais con maior facilidade, chegando a un 96 por cento.

Hai pouco máis dun mes, tamén saben —dicíao, entre comiñas, a señora Noa Díaz— que o galego subía trece posicións no indicador de linguas máis prestixioso do mundo, o Barómetro Calvet, que publica o Ministerio de Cultura de Francia cada cinco anos. Situounos nese baremo no posto 37 entre as linguas con máis peso do mundo.

E todos estes indicadores son o resultado dunha política moi activa de planificación, promoción, dinamización e fomento do galego, dentro e fóra das aulas. O Goberno galego puxo en marcha moitas iniciativas. No 2010 crea a Rede de Dinamización Lingüística, da que forman xa parte máis de 240 concellos. Entre 2019 e 2022 estivo vixente o Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, e, como xa lles anunciou o conselleiro na interpelación, presentarase unha reedición deste plan. Outra iniciativa foi o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico e moitos outros programas de dinamización en todo o territorio.

No ámbito da proxección internacional, afondamos no cumprimento da Lei Paz Andrade. De feito, xa son máis de 5.000 os galegos e galegas, e non só alumnos de ESO e Bacharelato, senón os das escolas oficiais de idiomas e os da EGAP, que estudan portugués, máis de 5.000.

O Goberno galego segue avanzando no coñecemento tamén dos topónimos de Galicia e tamén segue apostando pola formación e a acreditación do galego. A través do proxecto Nós pronto formaremos parte dos usos tecnolóxicos. O galego estará ao nivel das grandes linguas do mundo.

Todas estas iniciativas mostran o traballo feito pola Xunta de Galicia. Pero non somos conformistas, señora Queixas, nós tampouco somos conformistas. O Goberno galego seguirá dando cumprimento a este Plan estratéxico de Galicia, que sitúa a lingua como un ámbito prioritario de actuación, porque os galegos e as galegas queren o noso modelo de convivencia, de respecto á lei e de liberdade, pois sen respecto á lei non pode existir a liberdade real. Un modelo co que, sen confrontacións e liortas lingüísticas, se acadou o maior índice de coñecemento do galego da nosa historia.

Por todo isto, no Partido Popular temos o compromiso político de defender o galego, sen atacar a ninguén, entendendo que nos define como pobo e que o bilingüismo é unha realidade e unha riqueza para todo o pobo de Galicia.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Ferro.

Peche polo grupo autor da moción. Ten a palabra dona Mercedes Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, en primeiro lugar, teño que agradecer, como en ocasións anteriores que xa trouxemos aquí este debate, o voto favorábel do Grupo Socialista e, por suposto, aceptar esa proposta de engádega do punto 2, porque ten toda a razón de ser e completa moitísimo máis o sentido global desta moción. Polo tanto, agradecida incluso pola inclusión, porque o marco extraescolar sabemos que é fundamental e determinante para acompañar o escolar.

En relación coa intervención do señor Ferro, bastante repetida da intervención do señor conselleiro, voulle facer unha pregunta para cando falaba da Lei de normalización lingüística: ¿a vostede válelle un traxe seu de hai corenta anos? Non, estou segura de que non. A min non, á sociedade galega tampouco *(Murmurios.)*, e, como a sociedade galega evoluíu, ao galego tampouco lle vale o marco actual da Lei de normalización lingüística. *(Aplausos.)*

Sorpréndeme que vostede ratifique, porque estou segura de que non o acredita así, sorpréndeme que vostede acredite que o resultado da política lingüística do Goberno é positivo, cando sabe perfectamente que todos os índices din que é negativo. E vostede cualifícao como un modelo de éxito. Eu creo que, efectivamente, é así. É un modelo de éxito, porque é o modelo no que vostedes acreditaron e puxeron en marcha en 2009, da man e abrazados do sector máis ultra, máis antigalego e máis cheo de autoodio; efectivamente, de éxito, pero precisamente para que o galego retrocedese e non avanzase.

E cando vostede di que nós queremos unha Galiza soberana e dona de si, efectivamente, señor Ferro, pero plurilingüe e desde o galego, sen abandonar o galego. Esa é a Galiza que queremos. *(Aplausos.)*

E cando vostede di que Galiza é bilingüe, pois eu tamén vou discordar. Non é bilingüe, realmente é como mínimo trilingüe. O que pasa é que o portugués para vostedes no Partido Popular tampouco existe. Xa o volvemos ratificar hai moi pouco cando o secretario xeral de Política Lingüística veu intervir para facer o balance anual do desenvolvemento do portugués e quedou máis claro que nunca que cada vez retrocede o número de alumnado e o número de centros.

E da problemática que se está a poñer aos centros agora mesmo neste curso, na organización do curso que vén, para implantar portugués nos centros educativos, xa falaremos outro día, señor Ferro, que é un debate moi interesante.

¿E sobre o traballo de toponimia, no que di que seguen vostedes desde o Goberno da Xunta? Pois xa que seguen preocupados polos topónimos, recórdenlle tamén ao seu candidato á alcaldía do Concello da Coruña, ao señor Miguel Lorenzo, que o topónimo da Coruña é A Coruña, e non outro; recórdello tamén. *(Aplausos.)*

Ben, eu vou ler a moción que traemos a aprobación, porque o señor Ferro non se manifestou se vai votar a favor ou en contra, non me quedou moi claro, pero quero que todo o mundo o teña claro, para logo cando chegue o momento da votación.

O que nós demandamos é, en primeiro lugar, deseñar, desde o consenso, sempre, un plan específico para superar a debilidade recollida no Plan estratéxico de Galiza 2022-2030, a

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

respecto do estancamento —letra cursiva, é dicir, literal— *do uso habitual do galego, co obxectivo de conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos*, *que tome como punto de partida o Plan xeral de normalización da lingua galega*.

Segundo punto: *Convocar, antes de rematar o actual período de sesións, unha mesa de traballo cos axentes sociais, educativos e sindicais para consensuar as bases dun novo modelo lingüístico educativo para avanzar na igualdade para o galego no ensino*, ao que, por suposto, sumamos a proposta de engádega para o ámbito local e extraescolar que propón o Grupo Socialista.

E o terceiro: *Iniciar un proceso de diálogo conducente á actualización da Lei de normalización lingüística de 1983, adaptada ao contexto sociolingüístico actual.*

Iso é o que nós solicitamos e sometemos a aprobación. Polo tanto, vostedes valorarán se votan a favor ou en contra do consenso e de garantir os dereitos para a aprendizaxe e o uso do galego conforme o marco legal. Nin máis nin menos que iso. Os que están fóra da lei son vostedes no Partido Popular, porque a están incumprindo sistematicamente. *(Aplausos.)*

Dicía unha viñeta moi recente, de hai poucos días, do humorista Xosé Lois, o Carrabouxo. Tiña dous protagonistas e un dicíalle ao outro: «Adeus, Letras Galegas». E o outro dicía: «¿Cando volven? » E o primeiro dicía: «Dentro dun ano». E o outro dicía: «A ver cando quedan». Eu pensei que o acto de contrición que demostraran no último pleno sobre o inmediato Día das Letras Galegas igual lles facía, efectivamente, recapacitar. Podía ser que o 17 de maio os iluminase, que quedase algo do exemplo de Fernández del Riego, a quen nos seus discursos oficiais tanto laurearon, mais vese que non. Vese que seguen aparentemente teimando no negacionismo, atados de pés e mans á complicidade do señor Rueda co sector máis ultra, reafirmándose na quebra de consenso que vostedes sementaron desde o ano 2009 e, sobre todo, na indiferenza ante a ausencia de coñecemento que está a incapacitar para exercer a liberdade de uso.

Dicía Fernández del Riego que a lingua vén ser a expresión cultural máis completa dun país. Non sei se vostedes no Partido Popular están de acordo con esta afirmación. E dicía tamén: Queimamos as nosas vidas en defender a cultura do país, porque lingua e cultura van da man e unha non existe nin é representada sen a outra.

Vostedes dá a impresión, polo seu discurso, pola súa intervención, de que no PP...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: ...—remato— queren seguir queimando as súas vidas en prohibir aprender o galego desde varias materias, desde os primeiros anos da escola infantil, en difundir a galegofobia, como vimos agora o propio 17 de maio...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...por parte de dous tertulianos da CRTVG, en pagar inxentes cantidades de diñeiro público a xornais que non cumpren cos fins de acrecentar a información en galego, ou en ignorar e privar do exercicio do dereito...

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...a tantas familias que denuncian que os seus fillos entran na escola falando galego e saen falando castelán.

Nós pedímoslles que fagan algo, que actúen —remato—, que muden o rumbo e retomen o consenso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Queixas.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

(Aplausos.)

¿Da emenda? Sabe que hai unha emenda rexistrada. Non dixo nada.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)

Continuamos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez, sobre a vivenda pública e protexida

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas e, para defendela, ten a palabra dona Alexandra Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

O problema máis importante estrutural que ten a vivenda en Galiza é a falla de parque público de vivenda. Esta anomalía é resultado de que, no conxunto do contexto español, pois dende a etapa do desarrollismo se limitase por completo o papel das administracións públicas en canto ao impulso de vivenda. A Administración quedou nun segundo plano, actuando sempre como simple intermediaria ou dinamizadora do sector inmobiliario, do sector da construción, pero sen optar realmente a crear un parque propio significativo de vivendas.

O parque público é irrisorio no conxunto do Estado se o comparamos con outros países do contexto europeo. Nos Países Baixos o parque público representa o 29 por cento respecto do total construído; en Escocia, en Irlanda do Norte, en Austria chegan ao 24 por cento de parque público de vivenda, 21 por cento en Dinamarca, un 17 por cento en Inglaterra e en Suecia, un 16 por cento en Francia e en Gales, un 14 por cento de parque público de vivenda en Noruega, 11 por cento en Finlandia, 9 por cento na República Checa e en Irlanda, 5 por cento en Bélxica e en Suíza, un 3 por cento en Italia e Alemaña, un 2 por cento en Portugal; e, por detrás de todos estes países, ao final está o Estado español, co 1,1 por cento de vivenda pública respecto ao total da vivenda; e logo despois, ao final de todo isto, está Galiza, cun 0,3 por cento de parque público de vivenda.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, vendo estes datos, quen nos escoite pode preguntarse: se non hai vivenda pública, ¿a onde foron parar todos os cartos que se destinaron ás políticas de vivenda nas últimas décadas? E a explicación está en que no conxunto do Estado español, en lugar de construírse vivenda pública, optouse por un modelo de vivenda protexida que se asentaba sobre dous piares: que a promoción recaía en mans das empresas privadas en lugar de na Administración pública e que as vivendas se destinarían á venda e non ao réxime de alugueiro, de forma que as administracións se limitaban única e exclusivamente a subvencionar con fondos públicos as promocións privadas a cambio de que se limitasen os prezos de venda durante un período de tempo, pero, pasado este período, pasaban a ser de novo vivenda libre. E este foi o modelo que se privilexiou durante as últimas décadas.

Investimos moitísimos cartos en subvencionar a promoción destas vivendas, que, efectivamente, serviron para ofrecer a compra de vivenda máis asequible nese momento, pero que non deixan un patrimonio *ad futurum*. E este paradigma, en lugar de camiñar no aumento progresivo do parque de vivenda, o que fai é exixir a inxección de fondos públicos permanente para continuar subvencionando a compra de vivenda.

¿E que pasou coa vivenda protexida nos últimos anos, en concreto en Galiza? Pois que, coa chegada de Feijóo ao Goberno, a parálise da vivenda protexida foi total. Pasamos das 2.000-4.000 vivendas protexidas que se facían na etapa do Bipartito a que co Partido Popular houbese anos en que en toda Galiza se fixesen apenas 2 vivendas protexidas.

Por máis que a conselleira tratase de ocultar os datos utilizando as cifras dos primeiros anos de goberno do Partido Popular, nas que recollían e herdaban as políticas que se impulsaban por parte do Goberno anterior, a realidade é que levaron a vivenda protexida á práctica desaparición.

Pero se, ademais, nos preguntamos que tipo de vivenda protexida foi a que se fixo, vemos que o modelo que privilexiou o Partido Popular foi o da vivenda protexida de promoción privada e en réxime de venda. Así, dende 2015 apenas o 2 por cento da vivenda protexida no noso país foi pública. O ano pasado os promotores privados construíron 255 vivendas protexidas, mentres que a Administración pública apenas fixo 8 vivendas públicas.

Se nos preguntamos polo tipo de vivenda protexida que fixo, temos que preguntarnos tamén se estas se adxudicaban para un réxime de venda ou en alugueiro. E o que observamos é que, de todas as vivendas protexidas no noso país, tanto as públicas como as privadas, apenas houbo vivenda protexida en réxime de alugueiro.

En 2015 houbo cero vivendas protexidas en alugueiro, cero en 2016, cero en 2017, 1 en 2018, cero en 2019, 11 en 2020, cero en 2021 e 3 vivendas protexidas en alugueiro en 2022. E agora enténdese ben, moito mellor, con estas cifras enriba da mesa, por que a conselleira se queixaba na súa intervención anterior de que a lei estatal lles exixise unha reserva do 50 por cento da vivenda protexida destinada para alugueiro, porque, se fose polo Partido Popular, sería o cero por cento permanentemente. E é precisamente en réxime de alugueiro o réxime no que acceden as persoas con menos recursos, xa que non teñen opción de comprar e necesitan a vivenda protexida en alugueiro. Pois só optaron a 15 vivendas protexidas en alugueiro en oito anos, cando hai 16.000 persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Son unhas cifras irrisorias, ademais, se as comparamos coas 450 vivendas protexidas en alugueiro que se facían nun só ano na etapa do Bipartito. Por tanto, o saldo do Partido Popular é a paralización da vivenda protexida en xeral, e da pouca que fixo, practicamente todas foron por parte de promotores privados para a súa venda.

E este modelo de impulso da vivenda protexida o que fai é perpetuar esa lóxica da dinamización da construción de nova vivenda sen que a Administración pública incremente o seu parque inmobiliario. E aquí está o problema: ten que haber máis vivenda protexida con carácter xeral pero, ademais, hai que inverter esta proporción apostando por que sexa a Administración pública a que promova e impulse as vivendas e que logo as alugue a prezos asequible para incrementar o seu parque público.

E, ademais, esta é unha reflexión que está cada vez máis estendida, porque a ese vello modelo da vivenda protexida vénselle cada vez máis as costuras. De feito, o propio Ministerio da Vivenda do Estado, no seu Observatorio de Vivenda e Solo, facía nun informe unha crítica de que ese incremento notable de vivendas construídas tivo só a clara intención de incentivar a construción para destinar á propiedade, pero que agora, unha vez que esas vivendas deixan de estar suxeitas a protección e recuperan o valor de mercado, as vivendas perden o seu carácter social co que foran promovidas, e que había que —o que acaba concluíndo ese informe— revisar ese modelo.

E dende o Bloque apostamos por camiñar cara ás políticas de promoción pública de vivenda que nos sitúen en parámetros homologables ao contexto europeo. Dende o nacionalismo esta vén sendo unha reivindicación histórica, que o Partido Popular rexeita sistematicamente. Pero, claro, chegan as eleccións e o Partido Popular compromete o contrario do que fai. Acaban de anunciar esas 1.800 vivendas públicas para 2026 cando nos últimos anos construíron en oito anos 22 vivendas públicas.

Na comparecencia anterior da conselleira vimos claramente como se negaba a dicirnos cantas desas vivendas que prometen estarán concluídas este ano. De feito, a propia conselleira o que facía era pór a venda antes da ferida, porque dicía: ben, non podemos dar cifras porque só levamos seis meses con esta proposta, cando non é certo. Esta proposta responde ao Pacto social da vivenda que corresponde ao período 2021-2025, é dicir, que levan dende o ano 2021 cun programa de vivenda do que aínda non saben cantas vivendas poden concluír este ano.

Por todos estes motivos, con motivo deste anuncio, presentamos esta moción na que exiximos transparencia e compromiso respecto desa promesa das 1.800 vivendas para 2026.

O primeiro que lle exiximos nesta moción ao Goberno é que faga público ese documento da Estratexia para a promoción pública de vivenda, se é que ese documento existe, porque o único que coñecemos é unha nota de prensa e intervencións da conselleira nas que se nega a dar máis información.

O segundo que exiximos son datos da evolución do parque público de vivenda en Galicia, porque é unha vergoña que non exista ningún dato público, nin por parte da consellería nin por parte do Observatorio da Vivenda de Galiza, sobre cantas vivendas públicas se fixeron

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por anos, onde están situadas, baixo que programas, se son obra nova ou se foron a través de rehabilitación. Porque a única información que temos neste momento vén do Estado.

O terceiro que solicitamos nesta moción é saber cantas vivendas públicas foron vendidas nos últimos anos, porque os datos apuntan a que a Xunta está privilexiando a venda dese patrimonio de vivendas protexidas.

En cuarto lugar, queremos compromisos concretos, porque, se o Goberno fixo 22 vivendas públicas en oito anos, dificilmente resulta crible que vaian facer 1.800 dentro de tres. E, como isto parece pura propaganda electoral, pedímoslles que se comprometan a especificar cantas van facer cada ano, de que orzamento vai dispor e onde se van localizar. E, ademais, pedímoslles que faga un informe anual de seguimento e cumprimento dos compromisos adquiridos.

Fíxense que o que lles pedimos é básico: que dean os datos e que especifiquen como van sacar adiante esa promesa de vivenda pública. O voto da bancada popular vai revelar se é un *bluf* ou se hai algo de certo nese anuncio.

Eu pediríalles ao Grupo Popular e ao Goberno da Xunta que teñan respecto, que teñan coidado con eses 16.000 familias que están agardando por vivenda protexida durante anos e anos e que non xoguen coas súas necesidades, coas necesidades básicas da xente, con anuncios que non cumpren.

Queremos unha Galiza que teña dunha vez un parque público de vivenda digno.

Nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Ojea.

¡Ah, perdón! Saudar os alumnos do centro Rosalía de Castro, de Padrón, que son os que hoxe nos acompañan na visita ao Parlamento, e tamén os seus profesores. Moitas grazas por vir ao Parlamento.

E agora ten a palabra, si, o señor Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Bos días outra vez.

Saudar os alumnos de Padrón. Benvidos.

O Pacto da vivenda de Galicia 2021-2025 expoñía a necesidade de elaborar unha programación estratéxica que se adapte ás peculiaridades da nosa Comunidade e constitúa unha guía de orientación das actuacións futuras do Instituto Galego da Vivenda e Solo na que se definan

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as directrices básicas de política de vivenda e solo na comunidade autónoma e que se materializará en función das dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio a través do desenvolvemento normativo que sexa preciso.

Este pacto foi asinado entre a Xunta e axentes públicos e privados implicados no sector residencial da Comunidade e o documento expresa a estratexia para a promoción de vivenda pública e impulso da vivenda protexida, é dicir, aquela construída sobre solo residencial público por empresas privadas ou cooperativas.

Segundo o Goberno galego, o obxectivo deste pacto era mobilizar 1.080 millóns de euros entre fondos públicos e privados e así chegar a 70.000 familias. A Xunta destinará 433 millóns de euros nos seguintes cinco anos, que son procedentes de distintas administracións (estatal, europea e propia).

Certamente, son cantidades importantes, pero os resultados acadados ata o de agora son insuficientes por completo. As familias con menos ingresos cada vez teñen máis dificultades para acceder a unha vivenda. Os prezos disparáronse. Segundo os datos do Observatorio de Vivenda de Galicia, dende 2015 o prezo dos alugueiros aumentou un 29,7 por cento, superando o 35 por cento no conxunto das sete cidades.

En Galicia máis de 253.000 persoas presentan carencias materiais severas ou que implican un empeoramento do acceso a unha vivenda digna, accesible e axeitada na poboación máis vulnerable. No Rexistro de Demandantes de Vivenda hai máis de 15.000 demandantes e o 83 por cento deles solicitan vivenda de promoción pública. O número de demandantes de vivendas de alugueiro no rexistro da Xunta triplica os inmobles ofertados.

A demanda de axudas ao alugueiro da Xunta duplica xa os beneficiarios previstos. No ano 2023, na convocatoria de axudas para alugueiro, 8.500 galegos e galegas pediron a subvención para custear a metade do seu arrendamento. Ata o de agora aprobáronse 750 e esperan acadar ou esperan chegar a 4.000, é dicir, a metade da demanda presentada.

A política pública de vivenda en Galicia está debilitada, aínda máis nas vivendas de promoción pública construídas directamente polo Goberno. Este discreto balance de vivenda protexida é aínda menor se nos referimos á vivenda para o alugueiro. O Goberno galego estivo ata seis meses sen a construción de ningunha vivenda de promoción para o alugueiro. No que vai de lexislatura, son 468 as vivendas de protección rematadas. Segundo datos do Ministerio de Transporte, en 2014 había 268, no primeiro semestre de 2022 había 12 vivendas de protección.

A Xunta, dentro do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, ten a liña estratéxica de acceso á vivenda con programas de promoción pública de vivendas, construción de vivendas de protección pública, acceso á vivenda en propiedade ou en alugueiro, promoción de vivenda protexida, axudas á adquisición e alugueiro de vivendas, etc.

O Goberno galego quere chegar ao ano 2026, despois de dous anos, cun parque público residencial de 5.600 vivendas, é dicir, incrementar un 50 por cento o parque actual e engadir

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.800 vivendas novas en catro anos. Hoxe, como referencia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo ten 3.780 vivendas para alugueiro a prezos asequibles e para demandantes inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda.

No ano 2023, dentro do plan de recuperación con fondos europeos, destínanse 29,23 millóns de euros a Galicia para incrementar o parque de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente sostibles. A Xunta de Galicia debe avanzar na execución dos fondos europeos, xa que de aí dependen os novos investimentos.

As políticas de vivenda, tanto de construción de vivendas para persoas vulnerables como de políticas para favorecer o acceso ao alugueiro nos últimos catorce anos, indican unha falla de execución deste tipo de vivendas por parte da Xunta, a pesar do incremento orzamentario que se está a realizar polas distintas administracións, tanto de fondos propios, estatais, como europeos.

A Xunta contaba con construír no ano 2022 2.293 vivendas, das que 512 eran de promoción pública, 65 rehabilitacións a través do Plan Rexurbe e 1.716 vivendas públicas en relación co solo residencial. A maio de 2023, a ausencia de indicadores de seguimento distintos do orzamento por liñas do ano 2021, así como os seus valores asociados, impide saber con exactitude canto hai de verdade nas afirmacións feitas polo señor Feijóo, presidente da Xunta, na presentación do anterior pacto.

A porcentaxe de poboación que vive do alugueiro está a aumentar, sendo máis elevado nas familias con rendas reducidas nas zonas urbanas e sobre todo entre a mocidade. Este sector é o que se está a ver máis afectado polo alto incremento dos prezos nos últimos anos. Hai un aumento do 30 por cento dos prezos das vivendas desde 2015. De aí a urxencia de construír vivenda de promoción pública para adicala a alugueiro de persoas vulnerables ou en risco de pobreza. O mercado de alugueiro en todas as urbes galegas está moi lonxe de dar resposta ao número de solicitudes inscritas no Rexistro da Xunta.

A falla de vivenda dispoñible para o seu alugueiro está a provocar, ademais, un importante aumento dos prezos dos arrendamentos. A suba do euríbor e o endurecemento do financiamento hipotecario deixa máis dun 56 por cento das unidades familiares galegas fóra do segmento de poboación que pode ter unha vivenda en propiedade, co que o incremento de demanda de vivendas en arrendamento nos próximos meses está garantido.

Co fin de dar solucións a este problema, aprobouse a Lei de vivenda no Congreso dos Deputados e no Senado. É a primeira norma ao longo da democracia que desenrola o dereito constitucional a unha vivenda digna e axeitada. Trátase dunha lei transversal rigorosa, sólida e compacta que blinda a función social que debe cumprir a vivenda. Esta lei está motivada para responder ás necesidades das persoas e os fogares con máis dificultades de acceso, por enriba de todo os xoves, para que realicen os seus proxectos vitais, accedendo a unha vivenda a prezos asequibles e mellorando a súa capacidade de emancipación.

Esta é unha das reformas recollidas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia e é un dos fitos acadados pola Comisión Europea para o desenvolvemento dos fondos europeos

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Next Generation. Dá instrumentos ás administracións competentes para limitar o prezo dos alugueiros e aumentar a oferta de vivenda pública e privada a prezos asequibles, atendendo a persoas e fogares que teñen maior dificultade de acceso nos ámbitos nos que exista a maior tensión no mercado. Esta lei activa mecanismos para incentivar a oferta asequible, sobre todo nos xoves e colectivos vulnerables, para evitar a vivenda baleira, e de contención e baixada dos prezos de alugueiro en zonas declaradas tensionadas, e así incrementar o parque de vivenda en alugueiro social.

Segundo a Federación de Empresas Inmobiliarias, Galicia necesita con urxencia máis de 20.000 vivendas de protección oficial no mercado de vivenda como plan de choque para atender ás necesidades de quen non pode ter unha vivenda en propiedade no mercado libre e ten dificultades para chegar a fin de mes polo custo do alugueiro. Ademais, subliña as dificultades que atopan os mozos e mozas de menos de 29 anos.

Para intentar minimizar os problemas, é necesaria colaboración entre administracións (central, autonómica e local), con políticas activas en materia de vivenda, con programas para os que para levalos a cabo é moi importante a xestión e, sobre todo, a execución en tempo e forma dos programas.

De aí que nós esteamos de acordo coa moción presentada polo BNG e que imos apoiar.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Popular, señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo a todos e a todas, señorías.

Dende logo, señora Fernández é moi cansino, a verdade, que veña sempre co mesmo discurso, co mesmo argumentario totalmente demagóxico e con datos que son falsos, totalmente falsos.

Mire, o Goberno do Partido Popular si promoveu vivenda pública, non así o Bipartito; xa llo dixen e xa llo expliquei; pode volver repasar os datos. En promoción de vivenda pública o Bipartito, PSOE e BNG, limitouse a rematar as promocións que xa estaban iniciadas polo Goberno anterior ou a iniciar aqueloutras que xa foran programadas na etapa en que Núñez Feijóo era conselleiro responsable de vivenda.

Algunhas das vivendas, precisamente, como as 384 vivendas de promoción pública de San Paio de Navia, foron iniciadas por Núñez Feijóo como conselleiro e rematadas con Núñez Feijóo como presidente da Xunta de Galicia. Outras vivendas iniciadas ou programadas antes do Bipartito foron as de Belvís, en Santiago de Compostela, ou Eirís e Mesoiro, na Coruña.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, precisamente, que fale o Bipartito da vivenda protexida, cando precisamente foi o Bipartito PSOE-BNG o que, coa Lei de vivenda de 2008, descualificou automaticamente todas as vivendas anteriores a 1978, a verdade é que, ben, xa se sabe que din unha cousa e fan outra.

Miren, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tanto hoxe na súa comparecencia a petición propia como na interpelación do pleno pasado, deu cumprida resposta de cal é a política da Xunta de Galicia en materia de vivenda; política de vivenda que parte da base, nace das necesidades que teñen os galegos e galegas á hora de acceder a un fogar e que é unha das súas principais inquedanzas, e, por tanto, tamén do Goberno galego. E tamén deu cumprida resposta na liña concreta á que hoxe se refire esta moción, a liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida, do que se fixo e do que se vai facer. E os actos e a realidade están aí.

Dende o ano 2009 a Xunta de Galicia mobilizou 4.640 vivendas de promoción pública, 2.359 de nova construción ou recén rehabilitadas e 2.281 en novas adxudicacións. Cualificáronse 5.737 vivendas como protexidas en colaboración cos promotores privados e investiuse unha cantidade de máis de 80 millóns de euros en desenvolvemento de solo residencial. Na Coruña, solo para 1.100 vivendas protexidas; Vigo, solo para 1.600 vivendas protexidas; Ferrol, solo para 976 vivendas protexidas; Pontevedra, solo para 240 vivendas protexidas; e Lugo, solo para 370 vivendas protexidas. Estes son os datos e non os que inventa vostede.

E, como a Xunta de Galicia segue a traballar, o Goberno galego aprobou a Estratexia de vivenda pública protexida de aquí a 2026, no marco do Pacto social pola vivenda, cun orzamento estimado de 250 millóns de euros, para reforzar o actual parque público residencial da Xunta, integrado por algo máis de 3.800 vivendas, nun cincuenta por cento, ata acadar as 5.600 vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro. 1.800 vivendas de nova construción van incrementar o actual parque público residencial, delas 959 promovidas directamente pola Xunta de Galicia, na Coruña, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ferrol, Mos, Ourense e Santiago. Outras 260 promovidas por promotores privados e concellos, pero que van formar parte do parque público de vivendas con destino ao alugueiro. Outras tantas de titularidade municipal, vivendas tamén rehabilitadas a través do marco do programa Rexurbe e adquiridas tamén ás entidades como Abanca e Sareb, ata acadar un total de 125 inmobles. Xa dicimos: 1.800 vivendas de nova construción van incrementar o actual parque público residencial.

E, ademais de aumentar as vivendas de promoción pública, a Xunta tamén impulsará a vivenda protexida, a promovida por empresas privadas ou cooperativas, e nese marco póñense á disposición 17 parcelas en Ferrol, A Coruña, Lugo e Pontevedra, con capacidade para máis de 1.000 vivendas.

Ademais, séguese a traballar no acondicionamento de solo nas cidades de Vigo e A Coruña; Vigo, con case 1.600 vivendas públicas e protexidas previstas en San Paio de Navia; na Coruña, promovendo o cambio de uso a residencial de dúas mazás en Xuxán, para incrementar ao redor de 500 as vivendas xa proxectadas neste barrio.

E planifícanse novos desenvolvementos tamén de solo público de man dos concellos, que tamén teñen competencias na materia, segundo a Lei de bases de réxime local, para destinalos a construción de vivenda alí onde haxa demanda.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, señorías, a Xunta de Galicia e o Partido Popular investiu todo o esforzo en facer vivenda pública protexida durante todos estes anos que leva gobernando e nos que os galegos e galegas lle outorgaron a súa confianza, catorce anos de confianza, señora Fernández, e seguirao facendo.

E claro que se podía ter feito máis, e máis axiña, vivenda pública. Podería terse feito máis vivenda pública se a Xunta do Partido Popular, cando chegou ao Goberno, non tivera que pagar a débeda que vostedes —o Bipartito— deixaron ás Xestures: 280 millóns de euros. Podería terse feito máis axiña vivenda pública se os concellos de determinadas cores políticas non boicoteasen e non demorasen a aprobación dos proxectos da Xunta nesta materia e o outorgamento de licenzas urbanísticas. Porque, para desenvolver solo residencial, construír e rehabilitar, señora Fernández, fai falta tramitar documentos urbanísticos, e o outorgamento de licenzas e a aprobación dos instrumentos urbanísticos sabemos que dependen dos concellos.

Podería terse feito tamén máis axiña vivenda pública se o Goberno municipal bipartito PSOE-BNG na Coruña non decidise adxudicar en maio de 2011 as obras de urbanización do Parque Ofimático, hoxe barrio de Xuxán, á empresa Acciona por máis de 45 millóns de euros en plena campaña electoral, o mesmo día da xornada de reflexión, algo que non podían facer, porque había recursos xudiciais, recursos pendentes dos propietarios do solo. Unha mala política, unha mala xestión que conlevou a anulación do procedemento de adxudicación por sentenza no ano 2015, anos de atrasos e demoras, aos que se sumou a incompetencia dos gobernos municipais da Marea Atlántica e do Partido Socialista. E se non fose pola implicación da Xunta no desenvolvemento do ámbito e no aporte de solucións aos problemas, adiantando mesmo incluso as cotas de urbanización para que o concello puidese levar a cabo as obras de urbanización, aínda estariamos cun barrio residencial sen vivendas e con edificios de cooperativas construídos e desocupados, porque non se lles podía ter outorgado a licenza de primeira ocupación.

Hoxe os veciños da Coruña vemos como o barrio de Xuxán avanza, onde están construídas vivendas por cooperativas de vivendas, onde están construídas vivendas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, pero o camiño recorrido foi longo: oito anos de atrasos por culpa da mala política do PSOE e BNG.

Podíase ter feito máis axiña vivenda pública en Vigo tamén, onde a Xunta de Galicia ten proxectadas 1.600 vivendas. Pero Vigo demorou inxustificadamente catro anos e un mes a aprobación definitiva da modificación do Plan parcial de San Paio de Navia, xullo 2016 ata xullo de 2020. Isto é indecente, señorías.

E con respecto aos proxectos de urbanización das tres fases de ampliación de Navia, que foron presentados ao concello en abril e maio de 2021, a Xunta só ten resposta ao proxecto de urbanización do polígono 1, precisamente o 12 de abril de 2023; dous anos para un proxecto de urbanización; indecente.

E despois veñen falar aquí de execución, cando a Xunta se ve obrigada, ano tras ano e de forma consecutiva, a facer modificacións orzamentarias nesas partidas que xa están orzadas

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para o desenvolvemento de solo, para obras de urbanización e para a construción de vivenda pública, o que veu facendo —e non é unha novidade— no caso de San Paio de Navia.

E isto é moi grave, demorar inxustificadamente os proxectos da Xunta por puro interese partidista. Pero, mentres os vigueses esperan polas vivendas que constrúe a Xunta, o Concello, do Partido Socialista, non constrúe nin unha; en 2007 prometeu construción de vivenda e non fixo ningunha. E na Coruña igual, nada, cero.

Claro que se podía ter feito máis axiña se non fora por eses atrancos. E poderiamos poñer moitos máis exemplos, pero a pesar de iso *(Murmurios.)*... É que hai un ruído de fondo que, de verdade, é bastante incómodo falar.

Dicía: esas fotografías xa as ensinou a conselleira, pero eu vou facelo outra vez *(A señora Freire Vázquez mostra unha serie de fotografías.)*. Isto é vivenda pública en Ferrol, señora Fernández, señor Ojea; estoutra fotografía é de vivenda pública en Vigo; e estoutra fotografía que lles vou ensinar é de vivenda pública en Vigo —a señora Fernández non mira, despois dirá o que lle parece—. Isto tamén é vivenda pública no barrio da Tinería, en Lugo; esta fotografía tamén é vivenda pública no casco vello de Vigo; esta, tamén de vivenda pública en Xuxán, na Coruña; e esta tamén é vivenda pública en Betanzos. Poderiamos ensinar moitas máis.

E remato xa. Na moción solicítase a publicación de datos correspondentes ao período que vai dende 2015. No período 2015-2020 executouse o Plan rehaVIta, do que a Xunta xa deu conta neste Parlamento de Galicia por medio dun balance que foi presentado polo propio director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo en comisión parlamentaria. Por outra parte, en 2021 aprobouse o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, co consenso de todos os colectivos que interveñen no sector da vivenda e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia. E, como saben, froito do acordo unánime acadado na Comisión 2ª, existe o compromiso da Xunta de presentar ao Parlamento, antes de que remate o ano actual, un balance de execución dos dous primeiros anos do dito Pacto de vivenda, é dicir, do executado nos anos 2021 e 2022. A moción do BNG volve solicitar datos que ben xa están publicados ou ben para os que existe o compromiso para a súa publicación antes de que remate o presente ano. Polo tanto, imos rexeitar a súa proposta.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Grupo autor da moción, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Ben, eu creo que non é serio contrapoñer datos con fotografías. *(Aplausos.)* Eu estou un pouco farta xa de dar os datos, pero ben, terei que insistir novamente. Durante a etapa do Bipartito

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facíanse entre 2.000-4.000 vivendas protexidas por ano; chegou o Partido Popular en 2009 e mandou parar. Herdaron moitos proxectos de vivenda protexida que xa estaban en marcha. Por tanto, nos anos 2009 e 2010, aínda as cifras de vivenda protexida seguían sendo algo aceptables. En 2010 houbo 2.900 vivendas protexidas, pero no ano 2011 pasou a 900, 400 en 2012, 100 ao ano seguinte, 140 no seguinte, e logo xa pasamos ao deserto de 5 vivendas protexidas en 2015, 4 vivendas protexidas en 2016, 5 en 2017, 2 en 2018. Vostedes paralizaron por completo a vivenda protexida.

E é que os datos son irrefutables. O que vostedes fan é manipular eses datos, aproveitarse dos investimentos que se fixeran co Goberno anterior e calcular o cómputo dende 2009 para intentar maquillar algo os datos. Esta é a realidade da vivenda protexida en Galiza.

E eu creo que o titular que poderiamos sacar da moción de hoxe é que o Partido Popular vai votar en contra hoxe, nesta moción, de revelar o seu propio plan para construír 1.800 vivendas públicas, porque o que pedimos nesta iniciativa é que vostedes concreten as promesas. O único que lles pedimos é transparencia, e vostedes van votar en contra. ¿Que teñen que ocultar entón? ¿Por que non queren dar máis datos? Porque detrás da propaganda non hai absolutamente nada. *(Aplausos.)*

Tiñamos moitísimas razóns para pensar que isto era un *bluf*. Vostedes prometen as vivendas para 2026, pero non queren asumir ningún compromiso para este ano. Así, isto serve para axitar os anuncios electorais en plena campaña, pero despois sabemos que, se volven gobernar vostedes, van volver de novo para o caixón, e que, se vostedes non chegan a gobernar, que esperemos que sexa así, non teñen que render contas ante ninguén. O Partido Popular, que hoxe vai votar en contra de explicarnos cantas vivendas van facer cada anualidade, está confirmando as sospeitas de que ese anuncio era un engano electoral.

A segunda sospeita que tiñamos é que aprobaron un plan de vivenda para o período 2021-2025 sen concrecións, e tardaron dous anos, dous anos ata agora, para dicirnos cantas vivendas públicas ían facer. ¿Que fixeron nestes dous anos? A nada. ¿Alguén pode crer que vostedes teñan vontade de facer 1.800 vivendas ao abeiro deste plan se o ano pasado fixeron 8 vivendas públicas e no 2021 ningunha, nas dúas primeiras anualidades deste plan fixeron en total 8 vivendas públicas, e agora din vostedes que na segunda metade do período van facer as 1.800? ¿Que credibilidade teñen, ¡por favor!? *(Aplausos.)*

¿Que credibilidade teñen vostedes cando teñen que vir aquí a render contas do plan anterior de vivenda e vostedes presentan —xa volo dixen noutras intervencións— un documento de rendición de contas manipulado, onde se dicía que se fixeran as 900 vivendas públicas prometidas e onde se estaban computando segundas adxudicacións, é dicir, cambio de inquilinos de vivendas que xa existían, e vostede hoxe volveu coa mesma manipulación cando deu datos de mobilización de vivendas públicas? Utilizan o termo «mobilizamos» non sei cantas vivendas públicas para en realidade incluír aí, outra vez, cambio de inquilinos. Pero ¡por favor!, é que seguen coa manipulación dos datos.

E a cuarta pista tamén de que non é moi fiable esta propaganda das 1.800 vivendas é que non hai orzamento. ¿Como van vostedes poñer en marcha esas 1.800 vivendas públicas se

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en 2021 tiñan unha partida de máis de 7 millóns de euros e executaron 4 para vivenda de promoción pública e o ano pasado orzaron 6 e executaron 3 millóns de euros? ¿Como van vostedes pór en marcha 1.800 vivendas públicas con 3 millóns de euros *(Aplausos.)*, que con iso se fai unha ducia e media de vivenda pública? ¿Alguén pode crer ese ritmo de investimento?

E a quinta pista é que vostedes, cando falan da Estratexia de vivenda pública, falan en abstracto, non se sabe moi ben onde van ir esas vivendas, pero, cando baixamos ao concreto, cando imos a lugares concretos, onde se está discutindo que vivenda protexida se vai facer, como por exemplo o caso de Navia, vostedes néganse a que alí se faga vivenda pública, porque das 1.600 vivendas protexidas de Navia vostedes só comprometeron 8 para pública; despois de que trouxeramos este debate, subiron a 200; 200 de 1.600. Só o 12 por cento da promoción será promoción pública, cando o 80 por cento das persoas que están no Rexistro de Demandantes piden vivenda pública. Entón, cando baixamos ao concreto, vemos que vostedes non teñen ningún compromiso coa vivenda de promoción pública.

E se a todo isto lle sumamos que vostedes hoxe van votar en contra de publicar e detallar esa suposta Estratexia de vivenda pública, pois creo que non se necesita máis para saber que esta é outra mentira electoral do Partido Popular. E, a diferenza do Partido Popular, o soberanismo di o que fai e fai o que di. *(Aplausos.)* E nós apostamos por un modelo de vivenda pública que nos achegue ao contexto europeo, porque cremos que hai que ter políticas de vivenda ambiciosas. Por iso cremos que no inmediato temos que alcanzar o 5 por cento de vivenda pública, pero seguir avanzando pasiño a pasiño para incrementar esa porcentaxe, para parecernos máis a países como Escocia, cun 24 por cento de vivenda pública, coa excepción española, que apenas ten un 1 por cento. Mentres o Partido Popular vota en contra de facer efectivas as súas propias promesas, no BNG estamos preparados para transformar nunha realidade as políticas públicas de vivenda en Galiza.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematados os debates, procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de Dª Mercedes Queixas.

¿Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas Zas, sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez, sobre a vivenda pública e protexida.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos ao punto seguinte, proposicións non de lei, pero antes damos a benvida aos alumnos de 5º e 6º do CEIP Plurilingüe Álvaro Cunqueiro, de Mondoñedo, á directora e aos mestres que nos acompañan. Benvidos ao Parlamento galego.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a avanzar na execución das medidas recollidas no Plan Xeración Cultura, aprobado en Consello da Xunta en xaneiro de 2023, para seguir apoiando a cultura galega de xeito integral e dar traslado ao Parlamento de Galicia do progreso das diferentes accións que contempla o propio plan.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, ten a palabra, por tempo de dez minutos, dona Noa Díaz Varela.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Ben, ía darlles a benvida aos alumnos e ás alumnas, pero xa vexo que marchan; case a despedida, si, efectivamente.

Ben, nós traemos a esta sesión plenaria unha proposición non de lei que obedece á dinámica á que xa nos ten acostumados o Goberno galego a respecto dos seus plans estratéxicos, que aproba un tras outro para ilos metendo finalmente nun caixón interminable; non acerto a saber que envergadura ten ese caixón, porque finalmente non executan nada e moito menos o avalían, claro. Poderiamos dicir tamén que responde a unha estratexia de ir vagando polo mundo, polo Goberno sen rumbo ningún.

Neste caso, ese plan, o documento do que falamos, ten que ver coa cultura, e é que disque que para afrontar os retos da cultura galega a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da súa Secretaría Xeral de Cultura, impulsaba no ano 2018 a Estratexia da cultura galega 2021, un documento traballado co sector, que marca —ou marcaba— as principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia para os vindeiros anos. O documento sustenta os piares básicos no libro, o audiovisual, as artes escénicas, a música, as artes plásticas e visuais, o patrimonio cultural e as institucións da memoria como poden ser bibliotecas, arquivos, museos e fundacións de autor.

Con esa estratexia perseguíanse —perséguense ou perseguíanse, porque, claro, non o sabemos moi ben— uns obxectivos xerais que, co foco en tres retos prioritarios que teñen —ou tiñan— que ver pois por exemplo coa consolidación dunha visión social da cultura como valor esencial —xa aquí o Partido Popular negouse a que isto fose posible na época da pandemia, pero, ben—, para o desenvolvemento social e a valoración da lingua galega como instrumento clave da nosa identidade cultural e activo útil para a cidadanía, estimular a produción e distribución cultural, facilitar o acceso á cultura e favorecer a participación da sociedade no seu financiamento, promover a cooperación institucional e a boa gobernanza; tamén, consolidar o tecido industrial creativo, impulsar a salvagarda e a difusión do patrimonio, avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural, potenciar o posicionamento da cultura galega na sociedade dixital; a novena era apoiar a innovación e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos; e a décima era continuar co proxecto da Cidade da Cultura de Galicia.

Ese reto si que sabemos que está máis que conseguido, por suposto, por suposto en detrimento doutros espazos culturais, mesmo da propia cidade de Santiago e mesmo tamén de centros de titularidade da Xunta de Galicia, o que xa é o colmo, como xa puxemos de manifesto nesta cámara respecto do CGAC, do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Á vista está que a estratexia é —ou era— ambiciosa e efectivamente respondía a unha visión integral da nosa cultura, pero temos que recoñecer que, unha vez máis, supervisada punto a punto, a súa meirande parte, practicamente máis do 90 por cento, está sen executar. Diría máis: boa parte da acción cultural do Goberno galego dálle as costas a esta estratexia, asumindo nas accións que está desenvolvendo agora o Goberno situacións de partida que non se corresponden co escenario que quedaba plasmado na propia estratexia; un auténtico despropósito.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa o vimos, por exemplo tamén, esta mañá, hai escasamente unha hora, coa cuestión da lingua, pero tampouco en patrimonio nin nos servizos públicos culturais, que vemos como esmorecen cada día, e só por poñer algún exemplo.

Pero ben, imos aos feitos obxectivos. O proceso de elaboración desta Estratexia da cultura galega 2021, ben, tiña tres fases: unha primeira, de encontros territoriais informativos, na que participaron máis de cen axentes culturais, e tamén a elaboración por parte do Consello da Cultura Galega dunha diagnose sobre a cultura galega, que efectivamente realizou. Despois había unha segunda fase, de reunión das mesas sectoriais, nas que, seica —digo seica—, o Goberno galego dicía que participaron 490 persoas concretamente. E unha terceira, de redacción, exposición pública e revisión, levada a cabo entre marzo e xuño de 2019, co fin de redactar o documento final.

E ata aí é o que sabemos, non sabemos absolutamente nada máis. Porque logo desta terceira fase nada se soubo desta estratexia, deste documento, que parece realmente que non culminou nun documento final de traballo de vital importancia para as industrias e os axentes culturais do noso país.

Certo é que, cando comezaba esta lexislatura, membros do Goberno galego os primeiros meses si que falaban desta estratexia e ademais enmarcaban accións en materia cultural dentro dela. Pero, poucos meses despois, esas referencias desaparecían e nunca máis volveron facer mención deste documento, extenso e ao noso modo de ver certeiro, sobre o escenario cultural galego, que obviamente, como reclamamos nesta iniciativa, pensamos que debe ser actualizado aos novos tempos.

E, se traemos esta proposta aquí, é precisamente porque non comprendemos como é que o Goberno galego reúne, unha vez máis, o sector da industria e da creación cultural do noso país, que de maneira concienciuda e voluntarista traballa nun plan pensado obviamente para ser desenvolvido, para ser executado, e en breve espazo de tempo o ningunea desta maneira, ningunea ese traballo, e tamén está ninguneando o propio sector.

Porque, como digo, nin o documento final existe, cando menos non é público, nós non o atopamos. Ao único que temos acceso é a ese borrador, que inclúe propostas, parece que inclúe propostas, que inclúe achegas e que tampouco sabemos se están todas incorporadas a ese documento que ten colgada a consellería na súa páxina web.

E isto que dicimos hoxe xa lles digo, señorías, que non é unha ocorrencia desta deputada, está confirmado por axentes do sector, que xa sen sorpresas, lamentablemente, máis ben con resignación, asumen que de novo traballaron nun proxecto que non vai ver a luz —ou si—.

Ou sexa, a nós gustaríanos que ao mellor o Grupo Popular nos dixese en que momento estamos, se podemos sabelo. ¿Considera o Goberno galego que a Estratexia da cultura galega 2021 xa non ten sentido? ¿Ou é que pensan que xa está cumprida, a pesar de non estar culminado o documento? E, de ser así, ¿onde está a avaliación? Porque, ademais, tal e como marca a propia estratexia, durante a súa execución deberíase dispor dun procedemento, dos

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

instrumentos de seguimento que permitan determinar o grao en que os contidos están a se desenvolver e a súa eficacia. Ademais, tamén —e estou lendo literalmente— «para intervir con flexibilidade» —ollo, «intervir con flexibilidade»— «para se adaptar ás novas circunstancias que se presenten.» Ou sexa, hai —ou había— marxe para reaccionar ante a pandemia —entendo—, e así queda reflectido neste documento.

E, xa como colofón, o documento contempla —ou contemplaba— un informe anual que se elabora —ou elaboraría— durante o seu período de vixencia con toda a información significativa sobre o avance da posta en marcha das súas previsións, e que, ademais de a todos os sectores da cultura galega, será —di este documento, ou sería, dicimos nós— enviado ao Parlamento de Galicia.

Pois ben, chegados a este punto, diante de tanta incerteza respecto desta estratexia, necesaria non só pola importancia da nosa industria de creación cultural senón tamén —repito— porque este documento foi froito dun traballo concienciudo cos axentes do sector, parece obvio comezar un novo proceso, ou rematar o comezado, ou actualizalo. Tanto nos ten, o que vostedes queiran, pero había que situar este documento como eixo, como o que planteaba o secretario xeral de Cultura, que era o eixo que ía marcar a estratexia, que ía marcar a acción cultural do noso Goberno nos vindeiros anos.

A cuestión é que nós confiamos en que efectivamente sexa un instrumento para ser utilizado e executado, punto por punto, con accións e indicadores claros. E é por iso que hoxe nós o que pedimos nesta iniciativa, o que reclamamos hoxe aquí é instar o Goberno galego a iniciar neste período de sesións unha nova fase de conversas sectoriais para actualizar a Estratexia da cultura galega, xa co horizonte no ano 2025, e que, unha vez posta en marcha, contemple un sistema, por suposto —e aínda que sexa unha novidade para este goberno—, de indicadores cuantitativos e cualitativos de progreso das diferentes accións para a súa avaliación anual.

Aquí non falamos de que ten que presentarse no Parlamento de Galicia un informe anual, porque xa aparece no propio documento. Dende logo, pasados xa catro anos da súa suposta elaboración, convén que o Goberno galego inicie, como digo, un período de conversas para rematar esta estratexia, adaptándoa ao novo escenario da cultura galega e aos novos tamén documentos e plans estratéxicos que a afectan directamente.

Polo de agora, nada máis, moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona Teresa Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós presentamos unha emenda matizando nalgún tema e insistindo en que esta estratexia e este plan —do que falarei máis adiante— si que ten un rumbo e ten uns obxectivos, e, de feito, o director xeral de Cultura e o propio conselleiro viñeron aquí ao Parlamento a render contas e a explicarlles aos propios deputados, tamén con datos, como evoluciona ese plan e esa estratexia. Polo tanto, nós cremos que esta cámara é o lugar onde se teñen que render contas, e nesa liña vai a nosa emenda.

Sempre din, señora Díaz, que o CGAC está abandonado, que o CGAC está esquecido por parte da Xunta de Galicia, e teño que recordarlle, que, segundo o informe da Fundación Contemporánea, Galicia é das comunidades autónomas que máis subiu e mellorou en canto á xestión cultural —son datos de 2022— e inclúe a clasificación do CGAC no mellor da cultura de España. Polo tanto, son datos dunha fundación externa, allea ao Goberno galego, allea á Xunta de Galicia, e creo que iso pois avala tamén, con datos, a xestión da Xunta de Galicia e desmente totalmente que estea abandonado ou esquecido.

Tamén en canto á lingua, vostede segue con insistencia de que por parte do Grupo Parlamentario Popular, do PP, incluso do propio señor Verea neste caso, non hai compromiso con ela, cando está máis que demostrado. E teño que dicirlle que hoxe me sorprendeu a min, mentres vostede ademais facía esas afirmacións, ler nun xornal galego tres artigos sobre o adianto electoral, do señor Pedro Puy, da señora Ana Pontón e do señor Lage Tuñas, e o de Lage Tuñas, en castelán. Creo que o primeiro que ten que facer o Partido Socialista de Galicia, e máis unha persoa responsable, é escribir en galego e dar exemplo, para que o uso da lingua sexa común e o sexa ademais na sociedade, xa que tanto o representante do Partido Popular como a do Bloque Nacionalista Galego escriben eses artigos en galego.

Vostede, dende o Partido Socialista, remata o texto da proposición non de lei dicindo: «pasados xa tres anos e coa maior parte do traballo realizado». Nós queremos agradecerlle pois ao Partido Socialista que admita que se fixo o traballo, porque vostede vén aquí dicir que non se fixo nada e no parágrafo da súa proposición non de lei di vostede que o traballo xa está realizado. Polo tanto, isto pois é unha contradición. Nós témolo por escrito e temos que dicir, ademais, que no Consello da Xunta do 2 de xuño de 2021, perdón, no último, se aprobou o Plan Xeración cultura e que en xuño de 2021 o director xeral veu aquí dar conta do plan do que vostede fala.

Polo tanto, digo que recoñecen que a maior parte do traballo está realizado. A Xunta traballa e no consello acaba de aprobar unha nova estratexia e o propio director xeral veu dar conta ao Parlamento de Galicia. Son xa tres puntos que desmenten ou polo menos contradín a súa intervención hoxe aquí.

A Estratexia da cultura galega 2021, xa ademais realizada co contacto con numerosos representantes do sector, si recollía as principais liñas de actuación e as prioridades das políticas culturais de Galicia e do investimento cultural público, cun horizonte nese momento que era o 2021. Tiña unha estrutura, estaba feita ademais con varios obxectivos, dividida en diferentes liñas: un establecemento do pacto pola cultura galega; a consolidación das industrias culturais e creativas de Galicia; o impulso da creación, difusión e innovación da cultura; o fortalecemento da función social das institucións e entidades da cultura; a valoración do

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

patrimonio cultural de Galicia como recurso vivo e accesible; e un posicionamento internacional da cultura galega.

E no ano 2021, como digo, esas principais medidas xa estaban en marcha, pero tamén, como dixo vostede creo que na súa intervención, a estratexia naceu nun momento de crecemento económico pero viuse parada, viuse totalmente entorpecida coa crise sanitaria da covid, que obrigou a repensar as prioridades de actuación do Goberno e atender ás emerxencias. Pero incluso estando en marcha esa estrutura e estando en marcha esa estratexia e todos eses plans coa covid, a Xunta de Galicia foi a primeira administración de todo o territorio español que actuou e que fixo e puxo en marcha medidas para que a cultura se vise o menos afectada posible nese contexto de pandemia, medidas de apoio excepcionais e rápidas para evitar a perda do tecido empresarial.

Foi a primeira comunidade autónoma en lanzar o Bono para a Cultura; a concreción dos protocolos das estratexias para a volta á actividade cultural presencial. Fomos os primeiros tamén en activar un plan de reactivación, a reactivación dos programas, programacións e ciclos de actividade ordinaria; a captación de fondos europeos para o investimento cultural en Galicia; a programación cultural Xacobeo 2021-2022. É dicir, en ningún momento estivo parada, en ningún momento estivo esquecida, e sempre esa estratexia, ese plan se levou adiante malia o contexto complicado que foi o da covid.

Polo tanto, a Xunta de Galicia actuou de xeito eficaz. As principais propostas da Estratexia da cultura galega cremos que están cumpridas, e, ademais —insisto—, vostede no seu texto da PNL recoñece que cumpriu co seu traballo, é dicir, que se realizou.

E a inicios de 2023 a Xunta presenta a nova folla de ruta, que é a Xeración cultura, e atende ás necesidades da cultura de hoxe. Tamén fala diso o Partido Socialista na súa proposición non de lei e do que falaba eu, de que se aprobou no Consello da Xunta un novo escenario de crecemento, no que adquiriron relevancia cuestións como a dixitalización, que sempre vai moi por diante do que nós podemos prever ou do que nós podemos incluso ter nos nosos plans de futuro.

O director xeral de Cultura compareceu, a petición propia, para explicar os puntos desta nova estratexia. Foi facilitado ademais un documento aos voceiros; parece que non lles gustou demasiado, pero foi facilitado o documento. Conta cun investimento, como xa dixemos na propia comisión, de 34 millóns de euros, estruturado en cinco eixos tractores, e inclúe unha batería de cincuenta e sete accións e seis plans sectoriais e a entrada en vigor de dúas leis.

Creo que, ademais, se temos en conta os feitos e temos en conta os acontecementos, non soamente o que dicimos aquí nesta tribuna, pois se dá conta de todo o que se expresa, e ademais creo que vai totalmente a bo ritmo, porque —insisto— non só temos unhas opinións persoais senón que temos tamén datos e incluso conclusións de diferentes informes.

En canto á regulación da cultura, a Xunta de Galicia tamén se ocupou de lexislar ao redor da cultura. Teño que falar incluso de na última década, porque foi unha lexislatura gobernada polo Partido Popular. No 2012, a Lei de bibliotecas; no 2014, a Lei de arquivos e documentos;

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no 2016, a Lei de patrimonio cultural de Galicia; no 2020, a Lei de museos e outros centros museísticos; e actualmente, a Lei de cultura accesible, xa aprobada en Consello da Xunta, unha lei totalmente pioneira en España e no resto de Europa, xa que a maioría das normas aprobadas en materia de accesibilidade e inclusión non teñen rango de lei e están orientadas desde unha perspectiva eminentemente social. É dicir, este goberno ten a vista posta permanentemente na cultura de Galicia.

E en canto a resultados, como digo, foi froito dunha xestión concreta. Hai estudos, como digo, realizados polo Consello da Cultura Galega, que miden a situación do sector cultural a partir dos seus datos, de base empírica.

E con respecto á xestión, porque é verdade que ese informe o lemos todos de arriba a abaixo, pon moitos deberes, tamén a propia presidenta do Consello da Cultura cando vén a comisión. Pero si é certo que hai datos que son froito dunha xestión correcta e responsable por parte da Xunta de Galicia.

O emprego cultural está por riba das cifras previas á pandemia. Iso, cando os datos son positivos, parece que vén da ciencia divina, e, cando son negativos, parece que todo é culpa da Xunta de Galicia. Polo tanto, imos dicir que é un dato positivo. O emprego cultural está por riba das cifras prepandemia. Nos últimos anos vénse rexistrando un incremento das afiliacións á Seguridade Social, destacando o 27,7 por cento de actividades de creación artísticas e de espectáculos; ese é un dato tamén moi positivo e un crecemento. A creación de empresas culturais tamén amosa boa saúde, con 107 empresas máis en outubro de 2021 e en setembro de 2022. É dicir, son tamén cifras para manter, para mimar, para coidar e para que dende o Goberno galego teñan todo o apoio.

E os principais puntos da proposta da que falo hoxe é que, —ben, quero dicir todo o que vostede pide, que quere datos exactos e concretos, se isto é así ou non— pois é certo que nós cremos que é necesario continuar co crecemento do sector, prepararse para afrontar novos retos, nun escenario ademais posXacobeo, celebración que apoiou dun xeito determinante a creación cultural, con atracción tamén ademais de investimento doutros lugares de Galicia e coa importancia que ten a cultura galega, froito tamén do empeño da Xunta por achegar a cultura a todas as persoas, a todo o territorio, a modernizar as estruturas empresariais e de creación, e, ademais, dirixido a seguir garantindo o acceso universal á cultura, impulsar o talento, apostar pola modernización das infraestruturas.

Esas son as liñas básicas sobre as que pilota toda a xestión e todo o traballo da Xunta de Galicia e, polo tanto, tamén apoiado dende este Grupo Parlamentario Popular.

Tamén transferir fondos ás empresas para contribuír ao seu fortalecemento como xerador de riqueza e benestar. Temos aquí que falar tamén e pedirlle unha reactivación, unha aprobación dun PERTE cultural solicitado dende Galicia ao Goberno de España, que non aparece nunca. Un PERTE tamén vencellado á lingua, con diferentes matices e tamén puntos, que o propio secretario xeral de Política Lingüística amosou na Comisión 4ª.

E, polo tanto, esas reivindicacións das peticións tamén van directamente para apoiar, desenvolver dun xeito positivo e darlle moito máis pulo á cultura galega.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Plan Xeración cultura enmárcase no traballo da Xunta por impulsar e apoiar o sector cultural en todas as vertentes. A cultura galega contará con ferramentas para continuar o seu movemento de expansión. Xa están en marcha e haberá aínda máis —xa o saben—, tamén no tema dixital. Os cidadáns terán máis facilidades de acceso á cultura independentemente do lugar no que vivan e da súa situación persoal. Demostrouse tamén nos últimos anos e está a demostrarse ao longo desta lexislatura. As industrias creativas reforzarán o seu papel na economía de Galicia e afondarase nunha cultura galega moderna e adaptada aos novos tempos.

E temos dende aquí hoxe, antes de rematar a miña intervención, que seguir reclamándolle ao Ministerio de Cultura que cumpra, porque cando chegou o señor Iceta dixo unhas cousas das que despois tivo ademais que contradicirse. Estivo en Ourense falando duns investimentos que despois nunca chegan. Estamos aínda agardando unha biblioteca do Estado, que leva anos á espera, e agora xa non aparece nos orzamentos en Vigo. É dicir, o Goberno de España ten que poñer as pilas e apoiar tamén moito a cultura galega. Por parte da Xunta de Galicia o compromiso está máis que demostrado.

Nada máis, moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Egerique.

É agora a quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidenta.

Bo día, señorías, de novo.

Trae a debate o Grupo Socialista unha proposición non de lei que está asinada en setembro do ano 2022, e iso xa é moi significativo da falta de resposta, que, non por ser habitual ou reincidente, nos imos afacer a ela.

Nós temos demandado tamén explicacións, respostas, información desa avaliación, que sempre é necesario facer unha vez que se pon en andamento calquera tipo de planificación e de estratexia, mais evidentemente tamén nunca recibimos resposta por parte do Partido Popular. Non se recibiu resposta no Parlamento, non recibimos resposta no Grupo Parlamentario do BNG ás preguntas formuladas por escrito, e, aínda o que é peor e vén ratificar algo moi importante, non recibiron resposta os sectores e os axentes culturais.

Polo tanto, a conclusión é que a estratexia é que non haxa estratexia máis alá dun papel, dun titular de prensa, dunha nota de prensa ou dun powerpoint de oito ou nove páxinas que non contan nada, suman unha serie de infinitivos pero que non conxugan nin desenvolven en accións concretas, non substantivan medidas nin accións.

E agora o que si se acaba de confirmar é o que nós supuxemos efectivamente nesa comparecencia do director xeral de Cultura, do señor Anxo Lorenzo, hai uns meses, na Comisión

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4ª, e que el non aceptou. E é que iso que se presentaba alí como o Plan Xeración cultura viña ser un pouco como o substituto desa Estratexia galega da cultura ou da cultura galega. É dicir, que non ía haber avaliación, que non ía haber continuidade e que se substituía por ese novo plan, un plan máis que saca da manga ou do peto de cando en vez o Partido Popular mais que logo non fía compromisos en absoluto.

E esa intervención foi pois unha actuación monologuista, ¿non? —así o dixen naquel momento—, foi unha comparecencia onde se presentaron alí pois cousas, ideas, sen nos ter entregado previamente aos membros da comisión ese plan para, como mínimo, podermos corresponder coa formación e co contraste, que desde logo no Grupo Parlamentario do BNG nos gusta facer; manter un diálogo correcto, completo e coherente desde a responsabilidade que entendemos que asumimos nesta cámara. Naquel momento —e agora pois tamén o reitero— nós preguntamos moitas cuestións que quedaron —insisto— sen responder: se substituía ese plan á Estratexia da cultura galega; agora queda claro, pola portavoz do Grupo do Partido Popular mais non no seu momento polo director xeral de Cultura, que si, que substitúe, que non vai haber ningún outro documento con esa base, con esa formulación e con esa estratexia de elaboración tan socializada que tivo naquel momento.

Por iso, preguntabamos: neste plan ¿onde estaba a voz do sistema cultural? Está claro que nin estaba nin vai estar, non se conta para nada cos sectores e os axentes culturais. ¿Onde estaba, polo tanto, a participación?, algo que é fundamental dentro da planificación cultural. ¿Onde estaba a inclusión? Non hai participación, non hai debate, non hai diálogo, non hai consenso, non hai inclusión.

Polo tanto, volve elaborarse aí unha serie de actuacións, inconexas, incoherentes ademais e, por suposto, descontextualizadas do que é a realidade cultural. Polo tanto, seguimos, coma sempre, sen estratexia, porque esa é a estratexia: que non haxa realmente un camiño definido polo que haxa que dar resposta.

Non nos estrañaba esa falta de participación á vista tamén do que sucedeu moitas veces e viña sucedendo ademais naqueles días —dunha forma notoria e pública estaba nos medios de comunicación—, como foi toda aquela falta de respecto cara ao sector das artes do movemento, das artes escénicas, atrevéndose a presentar xusto naqueles días no Culturgal —polo tanto, a finais de novembro— un plan integral da danza supostamente consensuado; cando saíu nos medios de comunicación, moitas das persoas que formaban parte desas supostas comisións de debate, de diálogo e de consenso dicían que en absoluto fora consensuado e non sabían qué era o documento que se estaba presentando.

Ou tamén poderiamos lembrar esa falta de comunicación, esa falta de diálogo e de respecto e mesmo incluso institucional que obrigou, por exemplo, a maior parte dos representantes do sector do libro a decidir ausentarse definitivamente do Consello Asesor do Libro pola incapacidade do Goberno para liderar realmente unha estratexia de diálogo que atendese ás necesidades do sector do libro.

Polo tanto, o que confirmamos hoxe aquí, a través da portavoz do Grupo Parlamentario Popular, é que o Partido Popular segue sen planificación, sen estratexia cultural realmente tra-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

zada cara ao horizonte do avance do sector cultural galego, sen cronograma, sen avaliación en materia de xestión cultural do camiño andado. Polo tanto, segue instalado, voluntaria e propositadamente, na descoordinación, de plan en plan sen ningún tipo de avaliacións.

E a verdade é que non será porque non teñan datos empíricos —como dicía a portavoz do Grupo Parlamentario Popular—, aos que nós sempre, sempre, en todas as nosas intervencións, apelamos. Non hai máis que mirar os datos do último Barómetro da cultura galega, que dá moitísimas claves á hora de determinar cales son eses puntos fortes e eses puntos febles que son necesarios atender para establecer unha nova, una continuada estratexia da cultura, como debilidades e fortalezas.

Entre os puntos débiles, entre as debilidades, é importante que o Goberno atenda a como se recolle, na parte alta deste cadro, a escaseza de subvencións ou doutras axudas por parte da Administración, a falta de visibilidade e promoción, a falta de apoio institucional e a falta dunha política cultural axeitada.

Tamén teño que referir aquí —xa que se referiu á lingua a portavoz do Grupo Parlamentario Popular— a escasa oferta cultural en galego; pouca programación e falta de variedade, pouco uso do galego, especialmente nas cidades e na xente nova. Por iso hoxe trouxemos aquí, na primeira parte deste pleno, unha moción encamiñada a realmente reforzar o coñecemento e o uso, o contacto coa lingua galega, sobre todo —como se di aquí nesta debilidade— nos ámbitos máis urbanos e coa xente moza.

E, curiosamente, con este panorama, onde a Administración, polo visto, está bastante nas marxes, hai puntos fortes que queremos destacar, como son o talento, a creatividade e a profesionalidade da xente que traballa no sector; a calidade, a variedade ou a amplitude da produción cultural galega; a demanda de cultura en galego, etc., etc. Hai claramente unha descontextualización entre a realidade dos sectores e da sociedade e a actitude e a actuación por parte do Partido Popular.

E tamén recomendo que volvan ler —aínda que vostede dixo que os lían intensamente, pero volva darlle un repaso—, por exemplo, algunhas anotacións, como a valoración dos sectores culturais da actuación e do papel da Administración autonómica: un 4,7 outra vez; é que non consegue aprobar ano tras ano, nunca consegue aprobar, cando é a Administración a que ten a máxima competencia en relación coa cultura.

E tamén —que vostedes sempre falan do impacto e do impulso do Xacobeo— teño que recordarlles que aquí no informe do Barómetro da cultura galega, do Consello da Cultura Galega, dise que sete de cada dez axentes culturais non percibiron ningún efecto con accións ligadas ao Xacobeo, sete de cada dez. Non sei vostedes o que entenden por éxito.

Ben, en calquera caso, o que nós preguntabamos e seguimos preguntando, porque non obtivemos resposta —aínda que é certo que, despois de volver reclamalo, si nos mandaron ese powerpoint do Plan Xeración cultura—, o que está claro é que segue todo no aire, sen avaliar e completamente sen ningún tipo de trazo, de trazabilidade e de camiño sostido en bases firmes.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós —igual que mencionaba agora aquí o Barómetro— non entendemos por que nese Plan Xeración cultura, nese esquema que nos enviaron, non se atende á multitude de chamados que están facendo nos últimos anos con estudos moi rigorosos —por suposto, non pode ser doutra maneira— e empíricos do Consello da Cultura Galega, como é o estudo sobre hábitos e prácticas culturais, que teñen que encamiñar unha estratexia que de verdade sexa seria e rigorosa desde un goberno. Ou estudos sobre as conxunturas estatísticas do ámbito cultural. Os propios barómetros que saíron antes deste último. Un estudo sobre a oferta e demanda e prácticas culturais nos menores de 16 anos, que é fundamental para crear os novos públicos en cultura. Ou por que non se incorpora o informe sobre cultura e sustentabilidade, ou sobre a situación das traballadoras dos sectores audiovisuais e das artes escénicas, que están continuamente sometidos mesmo desde a propia Administración á precariedade. Ou sobre as intervencións da enerxía eólica desmedida sobre as paisaxes culturais en Galiza; deberían darlle unha lectura para rectificar ese boom eólico depredador que seguen vostedes asinando e apoiando. Ou sobre o Foro Patrimonio e Sociedade. Ou sobre o informe sobre o teatro galego, o valor do portugués en Galiza, o necesario avance sobre a igualdade na cultura, etc., etc.

En nada disto reparan, porque a nada lles interesa a vostedes poñer atención. Como tampouco vexo que falasen de cales son as actuacións que se desenvolven a partir dese Plan estratéxico de Galiza 2022-2030, do que tamén falamos na intervención anterior, vinculado á cuestión da normalización lingüística.

A conclusión voltou ser a mesma hoxe que na comparecencia do director xeral de Cultura hai uns meses na Comisión 4ª: o Parlamento, como unha sala de prensa *bis* para anunciar unha receita que representa o fracaso da súa política cultural, baixo a súa sinatura desde o ano 2009. E, coma sempre, adobiado coa receita —se mo permiten— da roupa vella e recollendo todos os aproveitos que aparezan por un lado e por outro e engadirlle algún condimento léxico novo para que pareza que todo é un prato de cociña fusión moderna do forno da consellería; un chisco de acceso universal á cultura, outra pinga de dixitalización, unha dose de rural —que sempre queda bucólico—e todo pronto para o éxito, por exemplo, dese ultramoderno plató de Film Commission, que acabou convertida simplemente nunha páxina web, iso si, que nos custou 400.000 euros pero aínda non se sabe moi ben nin para que.

Vostedes levan catorce anos practicando unha política, un plan de aculturación...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora QUEIXAS ZAS: ...galega, e é moito momento, é un bo momento para revertelo.

Remato xa.

O que está a demandar o sistema cultural galego —e sobre todo do que xa se está a avanzar no Estado español e tamén en Europa— é unha Lei de dereitos culturais...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...e niso é no que estamos a traballar o BNG, en diálogo e consenso co sector. Unha lei, un modelo integral...,

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...planificado, ordenado, dialogado, ambicioso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo.

A señora QUEIXAS ZAS: ...e sobre todo transformador...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...que iso é o que representa... *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)*

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pecha a autora da proposición non de lei, dona Noa Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Ben, se traemos esta proposición non de lei, señora Egerique, aquí é porque neste parlamento nunca houbo unha intervención nin por parte do director xeral de Cultura nin tampouco por parte do conselleiro acerca da Estratexia de cultura de Galicia, nunca. É simplemente mentira o que vostede acaba de dicir aquí. O director xeral vén dar conta —é certo— unha vez ao ano acerca das accións culturais, acerca das accións en materia cultural, nada máis.

Como tamén é mentira, señora Egerique, que diga que eu aquí recoñecín que se fixo algo. Non. Si, recoñezo que se fixo un documento da Estratexia da cultura de Galicia, que non fixeron vostedes, que, como digo, é produto do traballo de todo o sector cultural e que meteron nun caixón. De feito —como digo—, segue a ser un borrador. Así que non minta.

E eu pídolle que a próxima vez estea vostede máis atenta, para que non entre vostede en contradicións. De feito, non me escoitou, non debeu escoitarme cando dixen que a propia estratexia contemplaba adaptarse ás novas circunstancias. Así que tampouco nos serve a nós, ao Grupo Socialista, esa escusa da pandemia da covid.

Tampouco eu, señora Egerique, na miña iniciativa escribín nin dixen en ningún momento nin falei do Plan Xeración cultura, entre outras cousas porque esa iniciativa é anterior á presentación deste plan. Así que, señora Egerique, eu rógolle, con todos os respectos, que estea máis atenta a próxima vez.

Por certo, hai unha cuestión que si dixo e a min interésame moitísimo, e é que contan vostedes con datos e informes acerca da valoración das accións culturais. Eu rógolles, por favor, que nolos faciliten, porque serían os primeiros, e, dende logo, tamén moi útiles para este grupo parlamentario, para que poidamos facer o noso traballo.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A nós realmente preocúpanos o silencio do Goberno a respecto dun plan que, como digo unha vez máis, contou co voluntarismo e as ganas de construír de todo o sector, que é constantemente ninguneado, constantemente.

Preguntámonos: ¿que razón hai para desbotar ese documento e esa estratexia, que agora na súa emenda pretenden substituír polo Plan Xeración cultura?, que non é máis que a programación de accións que o Goberno galego pretende desenvolver este ano. Chámanlle agora o plan e simplemente é iso; por certo, practicamente ese Plan Xeración cultura sen executar xusto cando vai medio ano e cun período estival de inactividade ás portas. A nós sorpréndenos que vostede e vostedes non saiban discernir entre o que son as previsións de accións dunha consellería e o que é unha estratexia plurianual traballada e consensuada co sector cultural. De aí que, por suposto, nós non aceptamos a súa emenda, precisamente porque son cuestións absolutamente distintas.

Mire, e voulle dicir ademais: ¿sabe que contempla ese documento, que, en palabras do director xeral de Cultura nunha rolda de prensa —que fixo, por suposto, non no Parlamento senón diante dos medios de comunicación—, dicía que «marcaría a acción política cultural que precisa o país para os vindeiros anos»? —isto é literal—. ¿Sabe de que se falaba?, ¿que contemplaba? Mire, unha actualización da Lei do libro e da lectura; unha actualización da Lei do audiovisual de Galicia; o comezo dos traballos para unha Lei de artes escénicas de Galicia; un Plan integral de cultura para cada unha das cidades de máis de vinte mil habitantes; un Plan estratéxico para os festivais musicais; o Plan de fotografía de Galicia; unha mesa permanente —algo que levamos moito tempo reclamando— de cooperación cultural coas administracións autonómica, provincial e local; un imprescindible, e hoxe inexistente, foro cultural periódico entre os distintos axentes e entidades, para analizar o ecosistema cultural do país; un consello sectorial de música galega; no eido do patrimonio, un equipo de expertos que estableza as prioridades e un foro periódico entre a consellaría e os diferentes axentes que traballan neste ámbito.

Logo desprezan o Foro Patrimonio, ao que fixo tamén alusión a señora Queixas, do Consello da Cultura Galega; unha comisión interadministrativa que coordine e impulse a acción cultural e lingüística fóra do noso país; o reforzo de Agadic, a quen este ano recortaron de maneira significativa os seus fondos. Máis: optimización da presenza —por favor, atentas— da música galega na programación da Radio Galega; tamén isto, que penso eu que é bastante sinxelo de facer; poñan vostedes —non sei se a escoitan— a Radio Galega e verán o que estamos contando.

E non vou seguir, señora Egerique, pero asegúrolles que podía continuar ata a tarde, dando conta de toda esta serie de incumprimentos desa estratexia. Non digan vostedes que a están desenvolvendo, porque é simplemente mentira. É que non a desenvolven precisamente porque está nun caixón.

¿Como é que ningunean así os cincocentos axentes culturais que interviñeron neste documento, rigoroso e construtivo? ¿Será que lles pareceu demasiado exixente e por iso decidiron, como digo, metelo nun caixón, sen sequera rematalo? Será que si, será que esa é a cuestión.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, señorías do Partido Popular, este é un exemplo máis de que vagan por San Caetano sen rumbo, guiados unicamente pola improvisación, o que leva finalmente a un desgoberno, neste caso en materia cultural, que dende logo o pobo galego nin merece nin debe consentir.

Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Suspendemos a sesión ata as 16 horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e nove minutos da tarde e retómase ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ovidio Rodeiro Tato e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para reiterar a necesidade de deseñar unha proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade con criterios homologables e uniformes

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra dona Marisol Díaz Mouteira.

Silencio, por favor.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Señorías, boas tardes.

¿Quen non soñou algunha vez con ser médico, profesora, policía ou bombeiro? ¿Quen non pensou no futuro, deixándose levar pola ilusión dun neno? Presentábase o peor curso da nosa vida, segundo de bacharelato. Xa oiramos falar deste último ano, pero ata que o vivimos non soubemos o que realmente era: a graduación, o peche dunha etapa escolar, a incerteza, a ilusión...

Miren, os case doce mil oitocentos alumnos de Galicia matriculados para as probas da ABAU, ao igual que os de toda España, compiten nunha carreira de fondo, intentando demostrar as súas capacidades en tres días do mes de xuño, despois de levar máis de nove meses de intenso estudo. Neses días, señorías, definirán o seu futuro. Estes alumnos compiten —como dicía— por entrar nas mesmas universidades en toda España, con dezasete exames dife-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rentes e formas de corrixir distintas. Lembremos, por exemplo, a proba de acceso á universidade do ano 2020 e 2021, a máis desigual da historia: nove comunidades permitiron a alumnos presentarse á EBAU con asignaturas suspensas, mentres que, noutras, os alumnos tiñan que aprobar para poder realizala; polo tanto, as comunidades poden clasificarse en varios niveis de exixencia, atendendo a diferentes criterios para avaliar a EBAU, a PAU, a ABAU ou a PEBAU, xa que cada comunidade a chama dunha maneira. Esta diferenza entre os alumnos de distintas comunidades rompe co principio de igualdade de oportunidades dos estudantes que compiten nun distrito universitario único. Isto demostra a inxustiza que supón atoparse, residir ou vivir nun determinado territorio que teña máis dificultades ou máis vantaxes para acceder á universidade que os estudantes doutros territorios. «¿De que serve ter distintos niveis, se logo todos competimos na mesma liga?», comentaba hai uns días un alumno de segundo de bacharelato.

O Grupo Parlamentario Popular trae esta iniciativa, unha vez máis, a esta Cámara, como unha nova oportunidade de que os grupos da oposición reconsideren a súa postura. Señorías, sumémonos unanimemente na defensa dos intereses dos nosos estudantes, por riba de intereses partidistas. Dende Galicia lévase moitos anos demandando unha ABAU única é homoxénea. Galicia leva tempo pedindo ao Goberno central que paralice a nova ABAU, dado que foi mal deseñada. Lamentablemente, o novo modelo da ABAU do PSOE non garante a igualdade entre o alumnado de toda España, dado que só se inclúen recomendacións a respecto da homoxeneidade que non serán de obrigado cumprimento para as comunidades.

Galicia, señorías, é unha comunidade que exerce a lealdade institucional, pero con aqueles asuntos que prexudican ou que poden preocupar as nosas mozas e mozos non podemos calar; e así o Goberno galego o leva facendo dende aquel 27 de xullo de 2022, día en que o ministerio presentou, sen previo aviso, a primeira proposta da nova ABAU, sendo filtrada a información a través dun medio de comunicación. Sobre ese texto a Xunta fixo unha primeira avaliación en setembro de 2022, denunciando a improvisación do ministerio e pedindo unha proba común obxectiva e sometida a criterios de corrección similares en todo o territorio. Avogábase por una reforma pausada e con calma para que se asimilasen os novos currículos e os cambios de proba. Leváronse a cabo varias reunións a partir desa data, sendo tres os textos de real decreto que se propuxeron dende o ministerio, aos que a Consellería de Educación presentou as correspondentes alegacións, propoñendo criterios de avaliación homoxéneos e niveis de exixencia similares. Ademais, en outubro de 2022 e ante unha nova proposta do ministerio, a consellería dirixiu á ministra de Educación unha carta, na que manifestaba o desacordo co procedemento posto en marcha e na que elaboraba un documento no que se incluía a proposta de Galicia, que estaba baseada en preservar o acceso á universidade e esa proba única que hai que realizar de forma simultánea en todo o territorio nacional, e que propoñía, ademais, a creación dun grupo de expertos que homologase as probas das comunidades autónomas previamente a súa realización, ademais de limitar a proba de madurez proposta polo ministerio, que avalía exclusivamente competencias lingüísticas.

Foi en marzo de 2023 cando o Ministerio de Educación realizou en cincuenta institutos, en Ceuta e Melilla, as probas do estudo piloto desta nova proba de acceso á universidade. Ante o caso omiso do ministerio en relación coas aportacións que faciamos dende Galicia, Aragón, País Vasco e o resto de comunidades gobernadas polo PP, decidiuse non participar nesas

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

probas piloto. Ao mesmo tempo, a consellería encargou a unha comisión de expertos unha análise desa proba piloto que concluíu que os exames non responden nin corresponden co que é unha proba competencial, detectando un déficit de formación no referente á confección de instrumentos de avaliación competencial, sen ter nin sequera definidos criterios de avaliación, que, en todo caso, poderiamos consideralos como abertos ou subxectivos.

Esa mensaxe de tranquilidade que, no seu momento, o ministerio pretendeu dar coa proba piloto, o único que xerou foi preocupación e incertezas. Foi en maio cando se celebrou a Conferencia Sectorial de Educación, onde Galicia volveu demandar esa proba única e homoxénea. Quedou evidenciado que, nin o Real decreto polo que se regulan estas probas de acceso nin a Orde pola que se desenvolverían, abordaban o principal problema, que era a desigualdade no nivel de exixencia dos exames e dos criterios de corrección.

Galicia estaba a pedir —e está a pedir—, polo tanto, ao ministerio que aclarase tamén o calendario de implantación da nova ABAU para dar certeza aos alumnos e ás familias, dado que no día de hoxe non se coñece a duración dese período de transición. Aínda máis, hai uns días, fontes do Ministerio de Educación incluso dicían que había tempo para organizar ese novo modelo en tempo e forma e, de feito, nesa última conferencia sectorial que acabo de referir dicíase que ningunha comunidade fixera obxeccións. E non é certo; é público e manifesto que Galicia e outras comunidades autónomas non están de acordo. A Xunta así o reiterou en distintas xuntanzas dos órganos educativos, pero seguen sen darse por enterados; incluso recentes informacións levan a pensar que o Goberno o que pretendía era atrasar a implantación da nova proba, incluso ampliando o período transitorio de 2024 a 2025, dadas as críticas unánimes de toda España. Parece que o Ministerio de Educación e o Ministerio de Universidades van a ritmos diferentes porque o Ministerio de Universidades, con Joan Subirats, dicía que podía admitirse un posible atraso, cousa que era negada polo Ministerio de Educación. E non só non se dan enterado da desconformidade das diferentes comunidades autónomas en relación coas achegas, que sempre se fixeron, señorías, dende unha perspectiva construtiva, senón que tampouco se estivo a escoitar as opinións de organismos independentes e referentes, como é a Real Academia da Lingua Española, a Rede Española de Filosofía ou os coordinadores do exame de Lingua Española e Literatura, moi críticos coa proposta ministerial.

Este grupo parlamentario, ao igual que a consellería, defende a necesidade desa proba de consenso; unha proba que naza da rigorosidade do diálogo, sempre a prol de garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Estamos no tramo final ou nos atopamos no tramo final de previa publicación do real decreto. O Goberno central, que ten a competencia para deseñar a proba para avanzar nun sistema xusto, desaproveitou ata o de agora a oportunidade de buscar solucións e entregouse á improvisación, entregouse ao descoñecemento, á falta de diálogo —con constantes idas e voltas— e, sobre todo, á ausencia de documentos de traballo. Pero a Xunta de Galicia entende que é fundamental que os cambios educativos de calado, como o que estamos a falar, partan do marco dun traballo dialogado e conxunto que permita tomar decisións con criterios obxectivos, e sobre todo, que ofreza certezas. Curiosamente, o punto actual é o mesmo que o de partida: non se coñece a duración do período de transición, non se volveu saber da proba de madurez e tampouco se sabe nada do calendario de prazos definitivos.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta está a cumprir no marco das súas competencias e, sobre todo, nese control estandarizado das probas, homoxeneizando o grao de dificultade, homologando as probas das comunidades —paso previo á súa realización— e revisando as cualificacións, para preservar a igualdade no acceso á universidade.

O Grupo Parlamentario Popular, señorías, entende que hai que redobrar as forzas, e, por iso, o que procura este grupo parlamentario, acudindo a este Parlamento, é un pronunciamento unánime; e a iso apelo, señorías, dende esta tribuna, diante, sobre todo, da incerteza que provoca o adianto electoral, e diríxome señorías, tanto ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia como ao Bloque Nacionalista Galego, sobre todo, para procurar, a expensas do que pase no futuro, ese consenso e para garantir, de cara a ese futuro, a equidade e a igualdade do alumnado galego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Dáme mágoa que non estean nin o señor Lourenzo nin o señor Rodeiro aquí hoxe, porque quería recoñecer, despois de moitos debates e discusións como voceiros de Educación, que foi todo un pracer, sen dúbida, e desexarlles moita sorte e parabenizalos por ser os vindeiros alcaldes das súas localidades. Perdemos dúas persoas cunha alta estima no político e no persoal neste Parlamento, e así quería tamén recoñecelo publicamente hoxe. *(Aplausos.)*

Para o Partido Socialista, falar de Educación é unha das súas prioridades sempre. Mañá precisamente traeremos unha interpelación ao conselleiro, o señor Román Rodríguez, para falar da situación na que se atopa o estudantado galego e moitas familias; por certo, ante as competencias da Xunta de Galicia, que tendo nos orzamentos xerais do Estado a maior contía en canto a becas e a axudas, no momento de conxuntura socioeconómica actual vemos como remata este curso e non se garante non só ese principio básico, ese mandato constitucional, de accesos e non de permanencia no ensino non só obrigatorio, senón postobrigatorio. A Xunta de Galicia segue a mirar cara ao outro lado. Estamos a piques de rematar —insistimos— este curso economicamente complicado para as familias e para o estudantado. Comezaremos no mes de setembro un novo curso e, mentres outras comunidades están avanzando no sistema de gratuidade de libros de texto e material, a Xunta de Galicia non ten mecanismos extraordinarios que complementen —insistimos— os mecanismos postos en marcha dende o Goberno do Estado nin tampouco a previsión de cara ao vindeiro curso; e isto si que é certamente preocupante.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E ben, facía a voceira do Partido Popular unha bonita introdución, falando dos soños da mocidade, do estudantado, pero eu quería pedir que esperten porque o que traen aquí é una petición que responde a un debate que vén liderando a dereita e que foi rexeitado, unha e outra vez, durante estes meses no Congreso dos Deputados. Por exemplo, como saben este debate tivo lugar no mes de marzo, mediante a iniciativa dunha toma en consideración dunha proposición non de lei de Ciudadanos, que foi aprobada por ese bloque do Partido Popular e Vox, que é un ataque contra a diversidade e as especificidades que como país temos aquí, en Galicia, e que está en contra do sistema de educación pública. Pero o máis rechamante de todo isto non é este ataque do bloque da dereita xunto coa extrema dereita á realidade e ás especificidades no ámbito da educación das comunidades autónomas con competencias, como a nosa; o máis rechamante é que o Partido Popular, sen ningún tipo de vergoña —nin se poñen vermellos—, traian a este Parlamento —insistimos— esta proposta inspirada nese ataque frontal ás competencias propias e ao noso idioma. Así que a primeira das lecturas sería que non se agochan.

O pasado mes de marzo —como saben e como dicía—, no Congreso dos Deputados quedaba absolutamente rexeitada mesmo a toma en consideración deste modelo único de EBAU —ou da ABAU, polas súas siglas en galego—. Xa daquela, tanto o Partido Socialista como o resto da maioría de forzas parlamentarias definían como una auténtica proclama electoralista o debate que chegaba a destempo —xa daquela e agora máis—, e sorprende —como dicía— a ousadía de que non o entendan, cando menos, señorías do Partido Popular, e que aquí, no Parlamento galego, nos traian este modelo de dereitas e de negación da diversidade autonómica. Así estamos.

A ABAU é unha proba de acceso á universidade que se planifica, coordina e realiza en cada comunidade autónoma en exercicio das súas competencias e segundo o modelo de descentralización educativa, que é o que permite xestionar a educación nos distintos territorios, cunha política educativa próxima, que se amolda ás diferentes circunstancias sociais, económicas, culturais e educativas da súa poboación, e isto tamén inclúe, como non pode ser doutro xeito, as probas de acceso á universidade.

O Partido Popular, desde o minuto un —¡desde o minuto un!—, boicoteou as negociacións e o diálogo que están vivos e abertos ao redor do novo modelo e da implantación da nova ABAU, que persegue adaptarse, ademais, a modelos dos países europeos, por certo, da nosa contorna, e —non esquezamos— conta cun período de transitoriedade ata estar definitivamente implantada en xuño do ano 2028; un modelo único que, ademais —o que propoñen—, non se axustaría á legalidade. E tan é así —¡tan é así!—, que esta proba única para o conxunto do Estado nunca se lles pasou pola cabeza implantala nin mencionala cando gobernaban, nin nos seus anos de Goberno, nin sequera cando modificaron a Lei de educación, nin, despois, baixo a batuta de Mariano Rajoy. Se non implantaron ese exame único que agora exixen, é porque saben que non se pode, ademais —insisto— do sen sentido que supón vir aquí, a Galicia, defender este modelo único.

En terceiro lugar, por ir máis alá e facer algo de pedagoxía entre tanto ruído, ademais de querer crear un conflito arredor dunha suposta desigualdade territorial porque —insisto— invade o marco competencial, e de non ter movido un dedo cando gobernaban e lexislaban no

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estado, tamén —como dicía— se levantaron da mesa negociadora e racharon o diálogo aberto para construír este modelo de ABAU, que pretende situar o noso modelo educativo e avanzar cara a como se aprende e a como se estuda nos países da nosa contorna e nos países da OCDE. Nesa innovación educativa de adaptación, camiñamos coa implantación, primeiro, da LOMLOE, e paralelamente cómpre adaptar agora —como é lóxico— as probas de acceso á universidade ao modelo competencial co que xa neste curso se está traballando en todas as aulas.

Para facer ese exercicio de pedagoxía e para que se entenda de xeito sinxelo, hoxe en día ninguén dubida que para aprender unha lingua estranxeira, ou calquera materia, non abonda con coller unha lista de palabras e memorizar, memorizar os verbos irregulares. Hai que aprender esa materia, esa lingua, ese idioma ou calquera contido que sexa, adaptándoo a un contexto, sexa oral ou sexa escrito. Pois ese é o exemplo que se traslada ao modelo educativo que temos nestes momentos. No século XXI, a educación non consiste na memorización dos contidos, senón en facer pensar, en crear, en pensamento abstracto, en pensamento crítico, en comprensión. O foco está aí, precisamente, nos países desenvolvidos, no ensino competencial que xa inclúe a nova lei educativa, e, polo tanto, é comprensible que as novas probas de acceso á universidade tamén vaian no camiño desta nova lei educativa, baseada no ensino competencial. A aprendizaxe memorística forma parte do pasado, e, como tal —diciamos—, a nova lei e, en consecuencia, as probas para avaliar o acceso á universidade teñen que compartir esa base. ¿Que sentido ten, por unha banda —por seguir poñendo exemplos máis básicos—, cando falamos de adaptar os novos ciclos á oferta, por exemplo, da FP, da FP dual, e de adaptalos a un mercado laboral cambiante, con novos retos, dicir que a educación hai que adaptala á realidade socioeconómica, á realidade laboral e crear con base niso novos ciclos, e, por outra banda, que estean a defender ese modelo antigo memorístico que —insistimos— xa non ten cabida en ningún país desenvolvido?

España, o noso país, é un dos que ten maior taxa de repetición e tamén de fracaso escolar. Xunto con estas reformas precisamente ambiciosas, nesta lexislatura déronse pasos firmes e camiñouse para seguir eliminando estas eivas históricas. Por tanto, o Goberno da Xunta, o Goberno do Partido Popular, que critica esta ambiciosa reforma educativa, critica, por súa vez, a forma de ensinar e de aprender noutros países, non só —como dicía— da contorna europea, senón dos principais países da OCDE. Todo vale para facer ruído —aínda que non se sosteña—e cuestionan o importante, isto é, que o sistema da ABAU actual non funciona, que está configurado como unha proba que hai que aprobar, ademais de ser unha das probas máis complexas e con máis exames de toda Europa. Teñen exemplos, como Alemaña ou Reino Unido, onde os exames finais dos estudos preuniversitarios están máis enfocados a avaliar as competencias do alumnado; teñen tamén as reformas da proba de acceso á universidade que impulsaron Italia, Reino Unido, Francia, Portugal ou Grecia, que demostran que se poden avaliar menos materias e de modo máis competencial, é dicir, con menos memorización e con máis razoamento crítico.

Pero —como diciamos— o contido do que pide, precisamente e concretamente, esta proposición é un modelo único de ABAU para o conxunto do Estado. Este discurso do Partido Popular non se sostén e menos aquí. Defender unha proba única sobre unha falacia de desigualdades entre territorios no nivel educativo, que defende obviar as competencias propias, as circunstancias propias e galegas, socioeconómicas e culturais, é un auténtico dis-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

parate. É curioso escoitar o Partido Popular pedir unha ABAU única, que —insisto— non aprobou cando gobernou, entre outras cousas, porque saben que correrían o risco de inconstitucionalidade. ¿Que é o que queren? ¿A que están dispostos? ¿Están dispostos a ceder competencias para facer un currículo único, a renunciar aos coñecementos e aos contidos propios? ¿Ou de quen nos están a falar?

Pola nosa parte, máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Daniel Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Ben, como xa se viu, volvemos escoitar unhas palabras que parece que ao Partido Popular lle gustan moito, que son esas de «meritocracia» e «equidade», e, como ademais estamos falando da ABAU, recordoume este tema a unha entrevista que se fixera moi viral hai dous anos —que era da Televisión Canaria—, na que se saía entrevistar os rapaces e rapazas que saian en directo de facer a proba, e na que lle preguntaba unha reporteira a un rapaz: «*¿Que? ¿Cómo ha ido el examen?*» E dicía o rapaz: «*Normal, pero me da igual porque voy a ir a la privada.*» Isto é no que se resume o que hai detrás de toda a súa meritocracia; isto é a esencia de cando o Partido Popular pon a palabra «meritocracia», porque detrás da meritocracia o que adoita haber é privilexio porque, ademais, a meritocracia sen igualdade é directamente privilexio. *(Aplausos.)* Ademais, creo que, ao mellor, imos concordar aquí todos e todas. Imos facer unha serie de preguntas.

Non sei se consideran que van ter as mesmas oportunidades un rapaz ou unha rapaza, que non poida pagar a universidade, e os rapaces e rapazas que van á universidade de Abanca que vostedes crearon. Ao mellor si. ¿Van ter as mesmas oportunidades o rapaz ou a rapaza, que non pode pagar a universidade, e os rapaces e rapazas das universidades do Opus Dei? Por certo, teño aquí un titular recente *(O señor Castro García levanta unha folla en que hai un recorte de prensa, da cal se pon a ler.)*: «*El Defensor del Pueblo de Navarra alerta de que el Opus Dei infla las notas de bachillerato en sus colegios.*» ¡Sorpresa, sorpresa! *(Murmurios.)* Ninguén o pensaba, ¿verdade?: a «meritocracia».

¿Vai ter un neno ou unha nena as mesmas posibilidades de alcanzar un alto nivel de aprendizaxe, cando na súa casa non hai oportunidades económicas para acceder á cultura, cando non poden ir ao teatro, cando non poden pagar o teatro, cando non poden pagar o cine, cando non poden comprar libros ou material escolar...?

¿Poden vostedes, señores e señoras do Partido Popular, falar de meritocracia, cando o primeiriño —¡o primeiriño!— que fixeron foi quitar a gratuidade dos libros do sistema educativo galego? Iso é favorecer a meritocracia, ¿verdade? Que os pague quen poida.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Poden falar de meritocracia, cando hai moitas familias que, ademais, dependen do transporte público galego para poder levar os seus fillos e fillas aos centros educativos, e o propio Goberno non é capaz de garantírllelo?

¿Pódese falar, ademais, de meritocracia e de equidade, cando crearon a Universidade de Abanca —¡e de que maneira a aprobaron!— para que os rapaces e as rapazas da elite teñan á súa universidade para poder ir despois á ABAU e dicir que os resultados dan igual, ¿verdade?

¿Pódese falar de igualdade de oportunidades, cando a Xunta de Galiza defende, e máis que defende, e dá millóns e millóns de euros a centros educativos que separan por sexo a nenos e nenas?

Pero á parte de todo isto, o que é máis sorprendente e que xa fai voar moitas cabezas, é que de repente a ABAU se transformase na nova ameaza independentista que vai destruír España. Só lles faltou, a verdade, recordar o espírito dese gran ministro e dicir directamente que hai que españolizar os nenos cataláns, os galegos e os vascos tamén, de paso, ¿non? Veñen dicirnos directamente, ademais: «*¡A EBAU una y no cincuenta y una!*» Claramente, ¿non? ¡Surrealista! E, para isto, ademais, unha cousa que me fixo moita gracia é que empregan a RAE porque cando concorda un pouco con vostedes, pois vén ben; pero cando a RAG, a Real Academia Galega, lles di que o seu ensino desgaleguiza, pois aí foxen e din que non, que é mentira porque si, porque é mentira. E, xa de paso, xa que utilizan tanto a RAE, podían dicirlle, xa que é unha academia con tantos insignes personaxes, que respecten os nosos topónimos e lean un pouco. *(Aplausos.)*

Pero volvendo ao tema, con estes discursos, ¿que queren dicir, que hai profesores e profesoras de certos territorios que corrixen mal? ¿Que a culpa de que, en teoría, non funcione a ABAU é porque nalgúns territorios os exames son máis fáciles? Entón, dígano abertamente: ¿en que comunidades autónomas é máis fácil e en que comunidades autónomas é máis difícil? ¿Onde se hai que esforzar máis?

E logo, outra pregunta: ¿que consideran vostedes que é aprender máis? ¿Consideran vostedes que aprender máis é sacar unha cifra máis alta ao final de curso? Porque se consideran iso, están no século pasado largo xa; pasado, pasado largo, ¿non?

Pero teño máis preguntas: ¿que queren facer para uniformizar a ABAU? ¿Que os rapaces e rapazas, por exemplo, galegos, non estuden, xa directamente, a historia do noso país? ¿Que os rapaces e as rapazas galegas non estuden a xeografía galega? Para uniformizar, pois que se estude só unha xeografía e só unha historia; se hai que uniformizar... Entón, vaian coa careta quitada, con tal de uniformizar pidan e digan abertamente que xa non se faga exame de lingua galega, total, hai unha soa lingua, hai que uniformizar, ¿verdade? Para vostedes que cada territorio teña a súa proba, cuns contidos específicos e cunha corrección propia, é unha ameaza, e a min gustaríame saber: ¿é unha ameaza a que; á intelixencia, ao mellor? Ao mellor é unha ameaza que o feito de que os rapaces e as rapazas que viven nun territorio teñan uns estudos e uns contidos adecuados ao territorio no que viven e que teñan relación co territorio no que viven. Non sei, ao final, ao mellor, un exame ou uns exames van ser

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha ameaza a España. ¡Moi débil debe ser España se a poden ameazar uns exames! Non sei. Entreguen entón, directamente, as competencias de Educación porque é mellor uniformizalas e que veñan desde Madrid; total, se tanto nos custa facer un exame, non sei como poden gobernar e ter as competencias en Educación, se un exame fai tanto mal. Renegan tanto das competencias —xa para rematar—, renegan tanto do Goberno do noso país, renegan tanto de exercer como Goberno que ata renegan de levar a cabo uns exames ou de que se fagan uns exames. Se é así, e se tanto lles custa facer estes exames afórrenlles uns mesiños aos galegos e galegas e marchen xa.

Graciñas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Peche da proposición non de lei, dona Marisol Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Señora Otero, señor Castro, e, sobre todo o señor Castro, a vostede, a verdade, a selectividade preocupoulle pouco porque lle dedicou un minuto. Vostede veu falar aquí de ideoloxías, do que é público, do privado..., e aquí vimos falar dunha proba que é a ABAU, *(Murmurios.)* e é máis, cando falou vostede de recortes de prensa..., mire: *(A señora Díaz Mouteira amosa un recorte de prensa ao resto da Cámara.)* «*Galicia se posiciona* —será por algo, será por algo, a pesar de todas esas cousas que dixo vostede— como *la tercera comunidad autónoma con mejor nota en educación pública*», señor Castro; en educación pública. País Vasco, Cantabria, Galicia, Estremadura obteñen a maior puntuación. Será por algo —¡será por algo!—. ¡¿Ah, *y*?! ¿Esas cousas todas que dixo...?; iso non se dá no sistema educativo galego. ¡Para nada!

Miren, despois de escoitalos, señorías, a verdade, vostedes pensan que estes datos que aparecen aquí son froito da casualidade, ou un titular dun libro, ou unha película de ciencia ficción; ao mellor pensan que é iso. Son datos do estudo de SoCiEducación 2023, levado a cabo pola Asociación Sociedade Civil pola Educación, con Comisións, con UGT e coa FAPA Giner de los Ríos. Este titular e este traballo que está detrás deste titular *(A señora Díaz Mouteira volve amosar, ao resto da Cámara, o recorte de prensa mencionado.)* son froito do traballo e do compromiso da Xunta de Galicia co sistema educativo galego, co público; co público, co privado, coa concertada e con todo porque o que nos interesa son os rapaces e as rapazas e a educación dos nosos mozos e mozas; son froito da responsabilidade do Goberno galego e do exercicio claro e responsable, señora Otero, das súas competencias. ¡Xa faltaba!

É tal a capacidade que teñen vostedes de mangonear a información —xa ía dicir «terxiversar», pero paréceme moi fina a palabra— que tratarei, no pouco tempo que teño, de explicalo. Mire, outro titular: *(A señora Díaz Mouteira mostra outro recorte de prensa ao resto da Cámara.)* «*El gasto, las ratios por profesor y alumno y el bajo abandono aúpan la educación gallega al top 3 estatal.*», ¿eh? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, non ten nada que ver, non; non ten nada que ver tampouco. O mesmo que o discurso do señor Castro.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, estes son elementos que veñen dunha investigación feita a nivel estatal e que avala a educación galega entre os sete mellores postos. *(Aplausos.)* ¡Por algo será! —¡Por algo será!—.

Galicia está por riba da media en investimento en educación pública, señor Castro. E non o digo eu, non o digo eu, senón o sindicato Comisións Obreiras de Galicia, e é un motivo de orgullo, señor Castro; e debería estar vostede ben contento, non criticar todo o rato e recoñecer o que está ben feito. E, señora Otero, vostede o mesmo. A Xunta de Galicia está a exercer, por suposto, as súas competencias, e, porque exerce as súas competencias temos estes resultados que lle acabo de ler. Basicamente por iso. *(Aplausos.)* E é máis, non falen vostedes de meritocracia cando os alumnos universitarios galegos levan trece anos estudando coas mesmas taxas conxeladas; trece anos cos mesmos prezos das matrículas universitarias.

A vostedes a selectividade non lles importa nada, porque, mire, a ministra Celáa dicía que existían dificultades diferentes, xa alá por xuño de 2019 —non o digo eu, dicíao a ministra Celaá—. A ministra Pilar Alegría dixo que quere que a ABAU sexa o máis xusta posible para os estudantes e que garanta a igualdade —e non o digo eu, díxoo a ministra Pilar Alegría—.

Mire, agora somos máis. Antes eran o País Vasco, Aragón, Galicia e as demais comunidades autónomas gobernadas polo PP, que boicoteaban o traballo feito polo ministerio, pero, dende o 28 de maio —hai uns días— xa somos uns poucos máis; xa somos uns poucos máis os que imos confiar no Goberno que saia das próximas eleccións, que estou segura que tamén será Popular e que lle dará unha volta, por suposto, á nova proba da ABAU. *(Aplausos.)*

Mire, señora Otero, non sei se lle gusta a miña argumentación; xa vexo que moito non lle gusta. Vostede di que a nosa argumentación é sempre a mesma, pero hai uns titulares que lle vou ler e que non son unha argumentación do Partido Popular, ¡¿eh?!; son argumentacións que saen nos medios de comunicación. Mire: *(A señora Díaz Mouteira mostra ao resto da Cámara un recorte de prensa que se pon a ler.) «Las cincuenta universidades públicas españolas ven inviable el próximo curso la nueva selectividad» —No lo digo yo, ¿eh?—. Dicen que se las ha ignorado y que hay inquietud en los institutos.* Mire: *(A señora Díaz Mouteira ergue un novo recorte de prensa, que mostra ao resto da Cámara, e que se pon a ler.) «La nueva selectividad es inviable —advierten examinadores de universidad de toda España—».* E podo seguir. O 12 de maio, os responsables das probas de acceso á universidade dixeron que o texto é insuficiente e que non garante nin seguridade nin rigor —non o digo eu tampouco señora, Otero; dino unanimemente os responsables dos exames de todo o país—. O propio ministro de Universidades tamén quería recuar e aumentar o período de transición pola petición que lle formularon os reitores das universidades españolas. Así que eu creo que non contaban con estas reaccións; creo que non contaban con tantos detractores para ese modelo que o señor Sánchez quería implantar dun xeito unilateral.

Compartimos coas universidades que o cambio da ABAU é apresurado e que faltan garantías. A Xunta de Galicia o único que quere, señorías, é axudar a comunidade educativa nesa transición pautada cara a eses exames competenciais.

Miren, miren se o Goberno galego cumpre coas súas competencias no exercicio responsable das mesmas, que, ante a previsión de que o ministerio non rectificase e, agora, ante o que

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

poida pasar ante o inesperado rumbo das cousas —ese adianto electoral—, está a deseñar unha formación para os inspectores e profesores de formación dos grupos de traballo da ABAU, dos premios extraordinarios da ESO e de bacharelato, para poder axudar a elaborar e a preparar exames que respondan a ese ensino competencial conforme os criterios da LOMLOE.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Remato agora. O ministerio, por tanto, non está a atender as propostas construtivas da Xunta de Galicia, do Goberno galego, pero se algo nos diferencia é o respecto, e respectamos, por suposto, a lei. E para iso pedimos o seu apoio, señorías; para que academos ese modelo que busque criterios uniformes, que busque obxectivos, que busque homoxeneidade. O futuro neste momento é incerto, dado a volta que deron as circunstancias. De todas maneiras, apelo de novo ao consenso porque é unha proba fundamental, xa que poden ser os nosos fillos, os nosos amigos, os nosos parentes; é fundamental para o futuro universitario de miles de estudantes, e, da súa boa preparación e execución dependen as súas esperanzas, dependen as súas expectativas...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...non só deles, senón das súas familias e dos seus profesores.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que garanta a cogobernanza real e efectiva coas comunidades autónomas do ecosistema industrial español, así como dos fondos Next Generation UE destinados á industria

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse a seguinte emenda, a número 53896.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Cristina Sanz Arias e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o punto 2 polo seguinte texto:

«2. Defender ante o Goberno de España as competencias exclusivas en materia de política industrial establecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, de xeito especial, no referente ao contido e alcance do anteproxecto de lei de Industria.»)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para formular a proposición ten a palabra, por dez minutos, dona Cristina Sanz Arias.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Desde o Grupo Parlamentario Popular traemos hoxe a debate unha iniciativa sobre o Anteproxecto estatal da lei de industria, texto que o Goberno de España está a tramitar na actualidade. Trátase dunha iniciativa similar á que xa debatemos na Comisión 6ª desta Cámara o pasado día 15 de marzo, pero que aborda un debate que entendemos que é necesario actualizar e recuperar. E así o entendemos, posto que estamos a falar do futuro industrial de Galicia, isto é, dunha cuestión de especial importancia para a nosa comunidade, e sobre o que a Xunta de Galicia non volveu ter ningunha noticia desde que presentou as alegacións, desde hai case máis de cinco meses. A única novidade coñeciámola lamentablemente pola prensa, na que liamos que o Goberno central está negociando o texto cos seus socios políticos habituais; negociación que, non obstante, pode quedar frustrada co precipitado adianto electoral anunciado onte por Pedro Sánchez. Sen embargo, a realidade é que en Galicia, con competencias exclusivas no ámbito industrial, non se sabe nada sobre a evolución desta negociación ou sobre a estimación ou non das alegacións presentadas en defensa da nosa industria; unha ausencia de información que consideramos grave.

Ben, con carácter previo e para situar o contexto do debate, farei un breve repaso á lexislación de aplicación á actividade industrial; temos lexislación de ámbito autonómico e temos lexislación de ámbito estatal. Respecto ao marco galego, cómpre lembrar que estamos falando dunha competencia recollida no Estatuto de autonomía de Galicia. Nel establécese que corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva no fomento e planificación da actividade económica e a competencia exclusiva en materia de industria; competencia, esta última, sobre a que se aplican determinadas excepcións, que veñen taxadas: razóns de seguridade, sanitarias e de interese militar ou as relacionadas con industrias suxeitas á regulación de minas, hidrocarburos ou enerxía nuclear. Fóra deses ámbitos, a competencia en materia industrial é exclusiva de Galicia, e vostedes non o deixan de repetir cando serve de argumento para atacar a Xunta naqueles casos nos que hai algún tipo de crise industrial, aínda que esta crise a cren vostedes, por exemplo, coa súa incapacidade para controlar o prezo da luz, que lastra moitas pequenas, medianas e grandes empresas galegas. Co fin do desenvolvemento desta competencia, nesta comunidade aprobáronse una serie de leis que, no seu conxunto, pretenden converter Galicia nun bo lugar para investir e nun bo lugar para desenvolver unha actividade industrial. Neste sentido, aprobouse, no ano 2013, a Lei de emprendemento; aprobouse, no ano 2015, o Decreto que refunde todas as disposicións legais en materia de política industrial; aprobouse, no ano 2017, a Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais; e xa, nesta lexislatura, aprobamos a Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de reactivación da actividade económica. Estamos a falar dun paquete lexislativo que ten como obxectivo común favorecer a competitividade da nosa industria e facilitar e impulsar a realización de novos proxectos de investimento.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero a competencia —como dicía— nalgúns aspectos é concorrente, e tamén existe normativa estatal. O marco vixente é a Lei 21/1992. Cando se aprobou esta lei no ano 1992, atopabámonos nun momento marcado aínda polos procesos de reconversión industrial no decenio anterior e pola necesidade da adaptación da normativa ao marco comunitario. Estabamos nos primeiros pasos cara a unha futura unión económica e monetaria en consecuencia da firma do Tratado da Unión Europea, no mes de febreiro do ano 1992.

A realidade hoxe en día é ben diferente e iso é innegable. Nese sentido, desde este grupo parlamentario estamos de acordo coa necesidade de reformar o marco estatal, pero o que non compartimos, señorías, é o xeito en que se está facendo; compartimos que é necesario abordar unha actualización da lexislación, que data do ano 1992, previa a toda a dixitalización, sostibilidade ou aproveitamento da economía circular; compartimos a importancia da actividade industrial dentro dos tecidos produtivos, pola súa acreditada maior resistencia ás crises financeira e sanitaria, así como por ser máis produtiva que outros sectores económicos; e compartimos o obxectivo de que é necesario incrementar o peso da industria dentro do conxunto da nosa economía, tanto a nacional como a galega para achegarnos aos datos que achega a economía da UE ou a outras economías que compiten no noso contorno. Ben, con eses obxectivos compartidos tamén estamos de acordo —como dixen— en que a normativa básica de carácter industrial ten que ir cos tempos e adaptarse á realidade económica actual, que nada ten que ver coa que había no ano 1992; así que reforma da lei, si, pero non compartimos nin como se está tramitando nin o contido dalgunha das propostas, como explicarei a continuación.

O 5 de decembro de 2022, o Consello de Ministros aprobou o Anteproxecto de lei de industria. O 13 de decembro de 2022, o Ministerio de Industria puxo en marcha o proceso de audiencia e de información pública do anteproxecto, dando de prazo ata o 5 de xaneiro deste ano para a presentación de alegacións. O 19 de decembro do ano 2022, é dicir, con posterioridade ao trámite que acabo de indicar, celebrouse a Conferencia Sectorial de Industria para a presentación por parte do Goberno das liñas xerais desta proposta do texto normativo. É realmente sorprendente que o Goberno elabore un texto normativo e que o someta a trámite de información pública antes de trasladalo ao Pleno da Conferencia Sectorial de Industria, Pleno no que participan con voz e voto as comunidades autónomas. ¿Por que o Goberno non convocou as comunidades antes de pechar o texto nunha materia que era da súa competencia? ¿Por que as chama seis días despois da súa exposición pública cun texto xa elaborado? ¿É ese o seu concepto de cogobernanza? Xa lles digo eu que esa vontade de cogobernanza brilla pola súa ausencia.

Non obstante, Galicia volveu facer os deberes e presentou unha serie de alegacións que espera que sexan tidas en conta, agora si, na redacción do texto do Proxecto de lei. Presentáronse alegacións, posto que a Xunta de Galicia considera que con este texto se invaden competencias atribuídas ás comunidades autónomas en materia de política industrial e se vulneran materias xa reguladas no ámbito autonómico. Estamos ante un dos aspectos que máis nos preocupa, pero non só a este grupo parlamentario, senón incluso aos socios tradicionais do Goberno do señor Sánchez, como pode ser Esquerra Republicana de Cataluña. Os nacionalistas cataláns manifestaron que o Goberno perdeu de vista que nesta materia se traspasa o ámbito competencial dalgunhas rexións con regulación propia, como é a nosa, e

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non aseguran o seu respaldo. E lembremos —e isto é moi importante— que a aprobación desta norma se trata dun fito incluído na compoñente 12 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que deberá entrar en vigor no cuarto trimestre deste ano, para así poder recibir o seguinte desembolso dos fondos europeos de recuperación.

Nun primeiro grupo de alegacións, búscase que no texto se respecten as competencias que a Comunidade Autónoma ten atribuídas a nivel de política industrial; por exemplo, considérase necesaria unha maior participación e coordinación coas comunidades autónomas en materia de política de I+D+i. En segundo lugar, no que se refire á protección da industria electrointensiva, o texto parte dunha redacción pouco ambiciosa que non garante a súa protección. En Galicia vimos insistindo a Moncloa, con pouco ou ningún éxito, na necesidade de incorporar as medidas e as modificacións necesarias no Estatuto electrointensivo para, por exemplo, garantir un marco eléctrico competitivo en Alcoa; e vostedes seguen facendo oídos xordos. En terceiro lugar, fanse propostas respecto a que se reconsidere a figura dos proxectos de interese xeral porque podería supoñer unha exclusión dos principios de competencia e de coordinación propios do Estado autonómico; nese sentido, proponse que esta declaración se limite única e exclusivamente a aqueles trámites que se correspondan con procedementos nos que o Estado ostenta competencias. En Galicia, e no marco das nosas, deseñamos, e con éxito, figuras de simplificación administrativa, como as iniciativas empresariais prioritarias, das que xa hai dezaseis declaradas como, por exemplo, o proxecto de Entrepinares, en Vilalba, o proxecto de Kern Pharma, en Monforte ou o de Novafrigsa, en Lugo; e deseñamos tamén a figura dos proxectos industriais estratéxicos, dos que xa temos catro declarados como, por exemplo, o proxecto de Altri, en Palas de Rei. Ben, a aprobación do texto, tal e como está, suporía —como dixen— a exclusión dos principios de competencia e de coordinación coas autonomías. E, xa en cuarto lugar, formúlanse alegacións que pretenden modificar a reordenación dos procesos de reindustrialización como, por exemplo, solicitamos a inclusión expresa neste ámbito dos concellos de zonas de transición xusta, como poden ser o concello de Ferrol ou o concello das Pontes.

Remato xa, señorías. Estamos falando de defender Galicia; de corenta e unha alegacións ao Anteproxecto de lei da industria, coas que se pretende defender as nosas competencias en materia industrial; competencias que se invaden en determinados artigos desta lei estatal. Queremos, en definitiva, mellorar a cogobernanza do sistema industrial español, asegurando a coherencia, a coordinación e a colaboración entre a Administración xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia. Consideramos que son unhas demandas tan necesarias para o futuro da nosa industria que esta vez si que acadaremos o apoio de todos os grupos parlamentarios nesta iniciativa.

Máis nada nesta primeira quenda e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Boa tarde a todos e todas.

Eu pensei, señora Zas, que vostedes retirarían esta iniciativa, posto que o Goberno xa está en funcións, e imos proceder a eleccións, e, polo tanto, non ten moito sentido estar falando dun anteproxecto de lei.

Vostedes presentan esta mesma iniciativa que xa presentaron e aprobaron hai dous meses en comisión. É unha proposta que non aporta nin unha soa idea para poñer en marcha dende o Goberno galego para axudar o noso maltratado sector industrial e que serve única e exclusivamente para utilizar a cortina de fume e tratar de ocultar a desastrosa política industrial que sufrimos no territorio galego, derivada da absoluta incapacidade do Goberno galego para asumir as competencias en materia industrial establecidas polo Estatuto de autonomía; unhas competencias que levan catorce anos sen utilizar e sobre as que agora din que están ameazadas.

Señorías do Partido Popular, deberían aclararse. Vostedes atacan o Goberno do Estado por un anteproxecto de lei de industria, que nin tan sequera chegou ao trámite parlamentario, dicindo que están ameazadas estas competencias en materia industrial, pero, curiosamente, cando debatemos dos malos indicadores que amosa a industria en Galicia, nestes catorce anos de Goberno do Partido Popular, sempre lles escoitamos que o Goberno galego nada ten que ver.

Vostedes saben que a actual Lei de industria data do ano 1992 —e así o din aquí vostedes—; saben que é unha lei anticuada, sen adaptar á realidade do ano 2023; e saben que dos trinta anos que pasaron dende aquela, o Partido Popular gobernou, nada máis e nada menos, que quince anos, e non fixeron absolutamente nada de nada para actualizala; saben que a industria manufactureira en España, excluíndo o sector enerxético, representa o 12,3 por cento do valor engadido bruto da economía, unha porcentaxe que é inferior aos países do noso contorno, e iso supón un elemento de vulnerabilidade, dada a maior resiliencia deste sector ante a crise, así como a unha maior produtividade que noutros sectores económicos.

A industria é un elemento esencial para vertebrar a economía e supón o principal xerador de cohesión social e territorial do noso país. Un sector industrial moderno dinamiza a nosa actividade económica, achega emprego de maior calidade e mitiga o impacto das recesións; por iso o principal desafío de calquera Goberno debe ser o incremento do peso da industria na economía nacional, para achegalo ao das economías máis competitivas do noso contorno. E para iso saben que é necesaria unha actuación pública estratéxica e coordinada que impulse a produtividade da industria e que a prepare para os retos da dixitalización, da transición ecolóxica e da eficiencia enerxética.

O anteproxecto do que falamos inclúe a Estratexia española para o impulso industrial, coas directrices xerais para os próximos anos; crea figuras, como a Reserva estratéxica baseada nas capacidades nacionais de produción industrial, para responder a posibles crises de abastecemento de produtos industriais; e para fomentar a competitividade e modernizar o sector industrial, enumera e regula varias medidas que é preciso adoptar, inclúe ferramentas, como o visualizador do chan industrial e fixa disposicións sobre a calidade e a seguridade da in-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dustria e inclúe obrigas que terán os beneficiarios das axudas públicas, que deberán manter a súa actividade produtiva durante períodos de tres a cinco anos. E, ademais, este anteproxecto está sometido aos informes pertinentes —non como fai o Partido Popular nesta Cámara que, moitas veces, o presenta como proposición de lei—, como aos do Consello Económico e Social, aos do Consello de Estado, e ata o momento ningún informe detectou unha invasión de competencias das autonomías.

Pero na argumentación do Partido Popular, decidiron facer o que fan absolutamente sempre, que é poñerse en contra. O mesmo que fixeron e fan nesta iniciativa para falar mal duns fondos europeos que están a insuflar nada máis e nada menos que 140.000 millóns de euros en España; uns fondos que o Partido Popular intentou desesperadamente bloquear en España e tamén en Europa, tratando que fracasase o esforzo do presidente do Estado español para cambiar a orientación da Unión Europea para investir en modernizar a nosa economía ante os efectos dunha crise, como a xerada por una pandemia mundial.

Todos pensabamos —eu tamén—, señores do Partido Popular, que despois dunha pandemia e dunha guerra ás portas de Europa, vostedes sacarían ese patriotismo que tanto locen para axudar o seu país e os seus cidadáns, pero atopámonos que no Partido Popular non fixeron máis que poñer paus nas rodas e votar sistematicamente en contra de todas e cada unha das medidas que tomaba o Goberno do Estado, e aínda así teñen que ver como os datos publicados da evolución do emprego e de crecemento económico indican que a economía de España ten unha forte saúde, mellor que case as de todos os países de Europa, e, ao final, teñen que falar de cuestións como ETA para poder facer oposición.

Na proposición que presentan hoxe, vostedes din que hai que demandar do Goberno de España que garanta unha cogobernanza real e efectiva coas comunidades autónomas na estrutura de gobernanza do ecosistema industrial español, pero esta cogobernanza xa existe pese a que desexen ocultala; unha cogobernanza que entendemos que sexa insuficiente para o Bloque Nacionalista Galego, que desexaría, evidentemente, que non existise unha coordinación a nivel estatal. Pero o curioso é ver o Partido Popular de Galicia nun discurso nacionalista con tal de desgastar o Goberno, cando xa están establecidos os mecanismos de coordinación entre os diferentes niveis da Administración, en materia de política industrial, e os mecanismos de coordinación da execución dos programas de promoción e modernización, no ámbito das súas competencias.

(O señor Seco García diríxese ao señor Pazos Couñago e á señora Nóvoa Iglesias.) Non sei por que lle ten graza, señor Pazos, este debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Nóvoa, señor Pazos, non é un debate gracioso, sabendo as cifras que ten Galicia en produción industrial.

O anteproxecto crea a Estratexia española para o impulso industrial, que debe incluír, adicionalmente, un Plan conxunto de cogobernanza, acordado coas comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Industria, para a realización de plans e programas conxuntos para lograr os obxectivos desta estratexia; unha cogobernanza que xa está plantexada no Real decreto lei do ano 2020, polo que se aprobaban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transforma-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción e resiliencia, que regulaba a xestión dos fondos europeos, así como os instrumentos e estruturas de gobernanza para desenvolver o Plan de recuperación.

A realidade é que no día de hoxe o noso país lidera na Unión Europea a implantación de investimentos do seu plan nacional, sendo o único país membro da Unión Europea que xa recibiu tres pagamentos do orzamento comunitario, por un total de 37.000 millóns de euros e cun pagamento de 7.000 millóns de euros que se materializará no segundo semestre deste ano 2023. Segundo recolle o III Informe de execución do Plan de recuperación, as comunidades autónomas foron as máis beneficiadas da repartición destes fondos, recibindo máis de 20.000 millóns de euros para investimentos en materias que corresponden ás súas competencias: educación, vivenda, sanidade e políticas sociais; eses mesmos investimentos que vemos como, ademais, o Goberno da Xunta vende moitas veces como propios sen ningún tipo de rubor.

Galicia recibiu directamente 1.219 millóns de euros para a súa xestión, e os concellos tamén foron beneficiados por estes fondos, cunha repartición, mediante convocatorias lanzadas polo Estado, de case 5.000 millóns de euros para a rehabilitación, eficiencia de edificios públicos, zonas de baixas emisións en centros urbanos, dixitalización da Administración ou corredores verdes. Dígollo, porque, ademais, eu vivo nun concello como Arteixo, que está gobernado polo Partido Popular, e que, no ano 2022, recibiu 2 millóns de euros e xa lle foi aprobado outro millón e medio de euros para este 2023; polo tanto, non entendo por que o Partido Popular di que estes fondos se dan a dedo para os gobernos do Partido Socialista: tres millóns e medio de euros para o Concello de Arteixo.

Ante estes datos, señores do Partido Popular, ¿porque tratan de ensuciar continuamente a imaxe do noso país no exterior, cando é o propio Goberno europeo que pon en valor a xestión que se está facendo destes fondos? ¿Hai algo máis aló das *pulseritas* e de falar de ETA no seu discurso patriótico?

Señorías do Partido Popular, vostedes tamén demandan do Goberno de España que xestione unha cogobernanza real e efectiva dos fondos Next Generation destinados á industria. Tamén saben vostedes que isto está regulado nuns fondos que corresponde, por normativa europea, xestionar aos países membros, e que están dentro dunha estratexia a nivel do Estado con mecanismos, como a celebración de conferencias sectoriais; unhas conferencias nas que participan todas as comunidades autónomas, mantendo máis de trinta e cinco reunións bilaterais coas comunidades autónomas e numerosas comunicacións por escrito.

A realidade é que a vostedes non lles importa se estes fondos serven para modernizar a economía e a industria do noso país. Só tratan de criticar, unha vez máis, o Goberno do Estado, cando levan, nada máis e nada menos, que catorce anos continuados de goberno, cuns nefastos datos industriais que sufrimos, por desgraza, todos os galegos e galegas. Gustaríame algunha vez debater algo aquí que fose algunha iniciativa do Partido Popular de Galicia para axudar o noso sector industrial e non falar simplemente do Goberno do Estado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde a todos e a todas.

Hoxe traen vostedes a debate o Anteproxecto da lei de industria, elaborado polo Goberno estatal. Quéixanse de que é un proxecto de lei que invade competencias do Goberno galego en materia de industria que, segundo a Constitución e o noso Estatuto de autonomía, corresponden á Xunta de Galiza. Propoñen vostedes na súa iniciativa que a Xunta defenda as competencias estatutarias e que presente alegacións a este anteproxecto de lei. Engaden vostedes tamén a última resolución na que trasladan esta mesma demanda ao ámbito da xestión dos fondos europeos, defendendo a cogobernanza.

En canto á presentación das alegacións, a verdade é que non me quedou claro se xa están presentadas ou non. Se non están presentadas, van vostedes un pouco tarde porque creo que o prazo para presentar as alegacións xa rematou; de feito, a Junta de Andalucía e o Colexio de Enxeñeiros presentáronas, por exemplo, no mes de xaneiro. E se están presentadas, sería bo que se trasladasen a esta Cámara, xa que, efectivamente, isto xa foi motivo de debate aquí, nunha comisión, e contou coa aprobación de todos os grupos.

Xa que vostedes mesmos fan referencia nesta iniciativa á defensa dunha cogobernanza real efectiva dos fondos europeos, temos que dicir que até o de agora a súa defensa non deu resultado ningún —vostede mesma o recoñecía—. Sobre isto temos debatido aquí, no Parlamento galego, en repetidas ocasións, e pola nosa parte sempre contaron co voto favorable para exercer esa defensa, mais tamén vimos advertindo e criticando que as actuacións do Goberno galego do Partido Popular para exercer esa defensa son simples manifestacións sen máis percorrido; manifestacións feitas estritamente para efectos de inventario. A súa defensa non é máis que simples brindes ao sol, sen efectos prácticos positivos para Galiza. E non será porque Galiza non teña tremendas e urxentes necesidades no ámbito industrial; necesidades que non deixaron de agravarse durante estes catorce anos de Goberno do Partido Popular, nos que destruíron máis de vinte mil postos de traballo no sector industrial. Ese é o gran legado destes catorce anos de Goberno do Partido Popular: vinte mil postos de traballo destruídos no sector industrial. Catorce anos nos que a Xunta de Galiza nunca, absolutamente nunca, en ningún caso, se implicou con ningún dos sectores industriais do noso país, nin sequera cos máis importantes. Non hai máis que ver e constatar a renuncia da Xunta a dotar cun proxecto propio o sector da automoción; da renuncia da Xunta a implicarse co sector naval, tanto ten que falemos do naval público da ría de Ferrol ou do naval privado da ría de Vigo; o mesmo poderiamos dicir da falta de implicación e de proxecto da Xunta de Galiza para o sector téxtil, para o sector do aluminio e siderúrxico ou para o sector da industria da alimentación. Aí están o recente acordo de Abanca para vender Nova Pescanova ao fondo canadense Cooke, sen que vostedes teñan nada que dicir, ou o incumprimento das obrigas concesionarias das centrais hidroeléctricas do Xallas para protexer o emprego na fábrica de Cee, sen que novamente a Xunta teña nada que dicir.

Son as grandes empresas as que deciden cal é a política do Goberno galego, que simplemente cala e consente; de feito, toda a súa gran preocupación e a maior parte da súa produción

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

normativa dirixida á promoción económica e industrial xira ao redor da simplificación administrativa, e esa é a súa política industrial. Renuncian vostedes a elaborar e a impulsar unha auténtica estratexia para o desenvolvemento industrial. Renuncian vostedes a contar ou a dotar con diagnoses da situación dos nosos sectores industriais estratéxicos e das súas necesidades a futuro; poño o exemplo da súa negativa reiterada a constituír unha mesa galega da automoción na que participen todos os actores implicados. Renuncian vostedes a dotar sectores industriais fundamentais do noso país co necesario soporte tecnolóxico; poño o exemplo da súa negativa reiterada a constituír un centro tecnolóxico do sector naval ou a constituír un centro de I+D+i para o almacenamento de enerxía. Esta é a marca dos seus catorce anos de goberno: falta de implicación absoluta coa industria galega e —como dicía— o resultado é 20.000 postos de traballo destruídos.

E non cambiaron vostedes nestes últimos anos; non cambiaron nin sequera cando a situación económica internacional cambiou radicalmente, poñéndose patas arriba. Vostedes non cambian, vostedes van a piñón fixo, *caiga quien caiga*. Non lles importan as crises, non lles importa que todo ao seu redor cambie; vostedes como se chovese. Tanto lles ten que a nosa economía dea sinais inequívocos de estar afogada por falta de investimento; tanto lles ten que todos os gobernos da UE acordasen poñer á disposición da reactivación económica miles de millóns de euros. A Xunta de Galiza segue na súa dinámica de renunciar a dotarse dunha política industrial e, sobre todo, segue na súa dinámica dunha defensa de mentira das súas competencias. E isto é o máis grave porque Galiza precisa deses fondos, tanto ou máis que outros países e outros territorios, e Galiza vai pagar a súa parte, cando chegue o momento, na mesma proporción que todos eses outros países e territorios. Pero ¿que cantidade de fondos estamos a conseguir? Sabemos da necesidade de captar eses fondos e temos a certeza de que pagaremos por eles, cheguen ou non. A pregunta é se Galiza está a captar eses fondos na medida en que necesitamos ou, cando menos, na mesma proporción que outros países e outros territorios. E aínda deberiamos facernos outra pregunta, isto é, se somos nós, a sociedade galega, o pobo galego, que está a decidir onde, como e en que condicións se invisten e reparten eses fondos. ¿Até que punto somos nós, os galegos e as galegas, os que estamos a planificar a nosa reactivación económica, o noso proceso de recuperación? ¿Até que punto estamos exercendo as competencias que o actual marco constitucional e estatutario reserva para o Goberno galego? A resposta é que non estamos a captar eses fondos; non, na medida das nosas necesidades; non, na mesma medida que outros países e territorios; e, non, tampouco somos nós, o pobo galego, que está a planificar a nosa recuperación económica e o noso desenvolvemento industrial; e non, a Xunta de Galiza tampouco exerce as súas competencias, senón que segue na súa defensa de mentira das súas competencias exclusivas.

Agora hai unha convocatoria de eleccións para renovar o Congreso dos Deputados e para elixir un novo Goberno central. ¿Que van facer os deputados e as deputadas do Partido Popular que saian elixidos para representar Galiza? O que lles manden en Madrid. Isto non o pon en dúbida ninguén; vén sendo así desde que se celebran eleccións. E isto significa que non podemos contar con vostedes para que este proxecto de lei deindustria —ou o que veña despois— respecte as competencias do Goberno galego; e tamouco poderemos contar con vostedes para defender outro sistema de transferencia e de xestión de fondos europeos. Se gobernan vostedes van facer o mesmo: reservarse a xestión e investir naqueles territorios onde teñan vostedes máis compromisos políticos ou maior interese electoral.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa sabemos que nin con uns nin con outros Galiza está entre as prioridades. A única garantía de que Galiza reciba os fondos que precisa é que haxa un grupo nacionalista galego numeroso no Congreso dos Deputados; *(Aplausos.)* un grupo que nos faga valer; un grupo que nos represente de verdade; un grupo que actúe de común acordo cun Goberno galego —tamén do BNG—, *(Aplausos.)*, e que actuando así, combinadamente, Galiza reciba os fondos necesarios para impulsar unha auténtica planificación industrial elaborada, contando con todas as partes implicadas: empresas, sindicatos universidades...; unha planificación que poña o noso talento e os nosos recursos ao servizo de Galiza e non ao servizo dunha ou dúas grandes empresas; unha planificación de verdade a partir dun gran pacto pola industria de toda a sociedade galega, que nos obrigue a todos e a todas e que nos beneficie tamén a todos e a todas. E a única organización política comprometida con eses obxectivos somos nós; é o BNG.

Tendémoslles a man mil veces desde o inicio desta lexislatura e mil veces nola rexeitaron; mil veces a obediencia a Madrid estivo por diante dos intereses de Galiza até o punto de que os deputados e as deputadas galegas do PP en Madrid nin sequera defenden os proxectos industriais que a Xunta dixo defender, cando menos de palabra. Dígannos, ¿como vai defender a Xunta esa cogobernanza efectiva dos fondos? ¿Cal é o plan? ¿É outra rolda de prensa do presidente Rueda ou do vicepresidente Conde? Levamos tres anos así e non conseguiron nada. ¿Non lles parece que habería que cambiar de plan? Non, xa sabemos que non; xa sabemos que o de facer política non vai con vostedes. Son vostedes o mellor exemplo da tremenda diferenza que hai entre a ocupar un Goberno e gobernar. Vostedes levan moitos anos ocupando o Goberno pero sen gobernar: vinte mil postos de traballo industriais destruídos dan boa proba disto. Galiza precisa dun cambio á altura das exixencias dos tempos; un cambio que está de camiño.

O BNG foi a forza que máis medrou nestas eleccións municipais. Agora, nas xerais temos un obxectivo claro: dotar Galiza dun grupo parlamentario numeroso no Congreso que exerza con responsabilidade e con dignidade a nosa representación, que atenda os problemas e as demandas de Galiza, ou, dito doutro xeito, que nos faga valer. Galiza elixe vinte e tres deputados e deputadas; con moito menos, os vascos levan moitos anos sacando petróleo de Madrid. Agora tócanos a nós defender os nosos dereitos, a comezar por unha repartición xusta dos fondos europeos, e un grupo parlamentario do BNG no Congreso é a mellor opción; é a mellor garantía.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonzo.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Señor Seco, quero facerlle un apuntamento. Non retiramos a iniciativa porque o Goberno estará en funcións a partir de que se celebren as eleccións, non antes. Hoxe non está en funcións. *(Aplausos.)* E iso é algo que vostede poderá seguro comprobar nos numerosos anuncios que agardamos a partir dos consellos de ministros que se celebren de aquí ás próximas semanas. *(Aplausos.)* E ao señor Alfonzo, que pide un grupo en Madrid para que defenda os in-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tereses galegos e os fondos europeos, coido que representación en Madrid xa teñen, xa que facilitaron que Pedro Sánchez fose presidente e —supoño— terán que pedirlle algunhas contas porque eses fondos non chegan e saber cal é a súa responsabilidade nesta inxusta repartición, que compartimos, ademais. *(O señor Fernández Alfonzo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Ben, señorías, *(A señora Sanz Arias leva a man esquerda á orella esquerda para indicar que non escoita.)* na miña primeira intervención puxen de manifesto os problemas que estamos observando na tramitación do Anteproxecto de lei de industria: o Goberno elabora e publica antes de escoitar as comunidades, o Goberno non establece un sistema de cogobernanza efectiva e o Goberno invade competencias que nos atribúe o Estatuto de autonomía. Pero, lamentablemente, para a nosa industria este modus operandi do Goberno de España non é novo, senón que repite os mesmos erros que no deseño da xestión dos fondos europeos; deseño para o que non contou coas comunidades autónomas, polo menos, coa galega. Cómpre lembrar que o Goberno, en contra do criterio das comunidades, decidiu unilateralmente xestionar directamente —eu diría apropiarse— o cen por cento dos fondos industriais; cómpre lembrar que o Goberno concedeu directamente —é dicir, a dedo— axudas directas a comunidades como Cataluña, Valencia, Asturias ou Estremadura; cómpre lembrar que isto está sucedendo mentres que Galicia segue esperando e desesperándose pola non chegada dos fondos europeos a través dos PERTE para financiar boa parte dos proxectos transformadores que presentou esta comunidade —como Stellantis, como Altri ou como a planta de biofertilizantes de Meirama—, ante o que vostedes seguen dando a calada por resposta; cómpre lembrar que o Goberno de España ten dispoñibles máis de 40.900 millóns de euros para financiar proxectos industriais a través dos PERTE, dos que só convocaron menos da terceira parte e só resolveron ao redor dun vinte por cento, e estamos xa a mediados do ano 2023.

Señor Seco, algúns fondos si que están chegando e se están executando, pero están dirixidos a outras finalidades, como a rehabilitación de edificios, a mobilidade ou a eficiencia enerxética, pero o que é unha realidade é que estes fondos non están chegando ás nosas industrias nin aos seus traballadores. E tamén, señor Seco, o Partido Popular nunca estivo en contra nin votou en contra, xamais, dos fondos europeos. Trátase dunha falsidade repetida polo Grupo Parlamentario Socialista cando teñen ocasión de falar dos fondos, pero —como xa se dixo outras veces e hoxe repito— iso é mentira. *(Murmurios.) (A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)* —agora explícollo, señora Gallego, agora explícollo—. O que fixo o Partido Popular foi votar en contra do Real decreto que regula o marco de execución, o marco de repartición do Plan de recuperación e que creou a figura dos PERTE; real decreto que, por certo —lémbrolle—, foi aprobado co apoio de VOX. E a realidade estanos dando a razón de non ter apoiado ese sistema de repartición que nos está levando a esta situación de só ter un vinte por cento de fondos resoltos.

As críticas sobre a baixa execución destes fondos non as fixemos só nós. Lémolas a diario nos medios, e voulles poñer catro exemplos, pero poderían ser centenas deles: *(A señora Sanz Arias le os exemplos referidos.)* Primeiro, «Misión imposible: os fondos europeos seguen sen chegar ás empresas»; segundo, «España, nin no *top ten* de transparencia en fondos europeos»; terceiro, «Conta atrás para a gran transformación industrial de Galicia, con límite no ano 2026. Dos vinte e tres proxectos de investimento que perseguen esta transformación

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

industrial, só están resoltos catro deles —catro de vinte e tres— e no ano 2026 ten que estar todo resolto e executado»; e, o último exemplo —dun periodista, non o digo eu—, «Ter diñeiro para gastar e non poder facelo a risco de ter que devolvelo é lamentable. Pero se ademais estamos falando de fondos públicos europeos vitais para recuperar as secuelas da crise sanitaria do ano 2020, cuxa execución vai con atraso por falta de dilixencia administrativa —tamén o di o periodista—, a situación é aínda máis preocupante»; ou en diversos informes, como no do Observatorio NextGen, que conclúe que «se detectan prazos moi lentos, exceso de burocracia, enorme complexidade ou falta de transparencia, que fan que, en definitiva, o diñeiro non chegue ao tecido empresarial». Nós, desde o Grupo Parlamentario Popular, non nos cansaremos de reclamar un cambio de actitude do Goberno de Sánchez, ou do que sexa, para que na xestión dos fondos, aínda pendentes de executar, non se sigan cometendo os mesmos erros que ata agora.

Remato xa, señorías. Pese ao escenario pesimista presentado polos grupos da oposición —como vén sendo habitual—, a realidade demóstrase con datos e estes son alentadores, señor Seco. Galicia xa recuperou o PIB prepandemia no ano 2022, algo que a media española aínda non acadou; de feito, a propia OCDE publicou esta mesma semana que España era un dos catro países desta organización que aínda non acadara ese PIB. E, a respecto da nosa industria, falamos de que aporta o 15,5 por cento do noso PIB; que contrata máis de 142.000 persoas en Galicia; que o índice de produción industrial rexistrou un crecemento no que vai de ano do 8 por cento, cuadriplicando, case, o crecemento de España, que foi dun 2,1 por cento; que o emprego creceu nun 1,8 por cento e que houbo 4.025 postos de traballo máis, de carácter industrial, no primeiro trimestre. En definitiva, falamos dun sector competitivo, dun sector que aporta emprego de calidade, dun sector que mitiga o impacto das recesións. Este sector, pola súa importancia, contará sempre co apoio do Partido Popular, e o que precisa é que o Goberno de Sánchez non lle poña obstáculos no camiño; precisa dun Goberno central que xestione con cogobernanza real os fondos europeos; que non vulnere as competencias que nos outorga o Estatuto de autonomía en materia de industria; e, en definitiva, precisa dun Goberno central que garanta a participación real e efectiva das comunidades na estrutura de cogobernanza do ecosistema industrial español. Pero xa sabemos que a urxencia de Pedro Sánchez é outra. A estabilidade, o respecto e a atención da industria galega non coinciden cos intereses electoralistas de Pedro Sánchez. Mentres el pensa nas urnas, mentres el abre un período de interinidade institucional que vai complicar a xa nefasta chegada dos fondos europeos ás nosas empresas, por non telos descentralizados, nós temos que pensar no mellor xeito de solucionar os problemas que ten Galicia —a súa industria— e que o actual Goberno central non resolve e —o que é aínda peor— non ten intención de resolver.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación da Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

O señor PRESIDENTE: A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir dous novos puntos na parte resolutiva, que terán o seguinte contido:

«4.º) Aumentar a dotación de recursos humanos e materiais que permitan ter o maior número de camas posible para a unidade

5.º) Establecer un plan global para dotar a todas as áreas sanitarias de Galicia de unidades de hospitalización psiquiátrica infantoxuvenil.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Antes de nada, quero saudar as persoas que nos están vendo a través da web, xa que non poden estar hoxe por cuestión laboral, pero que si que estaban moi interesadas neste debate e, sobre todo, na votación que haberá a posteriori.

Desde o BNG levamos moito tempo traballando para exixir melloras na atención á saúde mental da poboación. Son melloras que se xa levan tempo sendo urxentes, vemos como se atopan cun veto constante do Partido Popular; un Partido Popular que nin planificou, nin orzou, nin, por suposto, traballou na prevención e na preservación da saúde mental da poboación, e isto nos deixa cunha situación extremadamente preocupante e alarmante.

Antes de entrar no concreto da situación da Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil de Lugo, permítanme poñer enriba da mesa unha serie de datos para sermos conscientes da realidade que temos entre as mans. Se collemos a memoria do Imelga, no ano 2021 suicidáronse en Galiza 331 persoas. Desas 331 persoas, 23 non chegaban aos trinta anos e 9 eran menores de vinte anos. Se atendemos a Lugo, a provincia de Lugo presentou o maior número de suicidios en termos porcentuais, cunha cifra de practicamente 16 suicidios por cada 100.000 habitantes, moi por riba do 12,28 por cento que presentou Galiza e, desde logo, moi por riba da taxa estatal que se situou no 7,79 por cento, como tamén da europea, que estivo próxima ao 12 por cento.

As mortes por suicidio na mocidade son a primeira causa de morte non natural no noso país. Investigacións recentes da Organización Mundial da Saúde indican que o suicidio é a cuarta causa principal de morte entre a mocidade de 15 a 19 anos. Save The Children alerta que o 3 por cento das menores tivo pensamentos suicidas durante o ano 2021.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero non só son alarmantes as cifras de suicidio. Tamén están dándose outra serie de indicadores que nos deben facer atender á situación da saúde mental entre as mozas-mozos, adolescentes e crianzas.

Segundo os datos da Organización Mundial da Saúde, unha de cada sete mozas ten algún problema relacionado coa saúde mental.

O Foro Europeo da Mocidade constatou que, tras a pandemia, case dúas de cada tres mozas poden verse afectadas por problemas de saúde mental e benestar, e incluso puxo en relevo os fortes vínculos entre a saúde mental e a contorna socioeconómica da mocidade.

Unicef apunta a que a ansiedade e a depresión representan arredor do 40 por cento dos problemas de saúde mental na infancia e na mocidade, problemas aos que lles hai que sumar o malestar psicosocial de crianzas e adolescentes, que, se ben non chega a ser un trastorno mental, si que chega a perturbar a súa vida, a súa saúde e, sobre todo, as súas expectativas de futuro.

Estamos vendo un importante incremento nos trastornos adictivos, tanto se falamos de adiccións con substancia, incluso substancias que xa parecía que pasaran a súa mellor época, como tamén adiccións sen substancia, coa importancia cada vez maior que ten a adicción ao xogo. Estamos a ver entre nós problemas, trastornos da conduta alimentaria.

E, finalmente, ¿cal é a atención que se lle está a adicar desde o Goberno galego á saúde mental? Estamos á cola nas ratios profesional/paciente. Dá igual se falamos de psiquiatras, de psicólogas, de enfermeiras especialistas en saúde mental, terapeutas ocupacionais. Temos listas de espera que superan os catro e os seis meses para unha primeira consulta nas unidades de saúde mental. E, ao final, isto no que se traduce é nunha atención á saúde mental para as galegas que a día de hoxe depende fundamentalmente da sanidade privada, porque a pública non pode asumir esta atención, ou, mellor dito, porque hai quen non quere que a pública asuma a atención á saúde mental.

A situación da saúde mental ten sido obxecto de moitas iniciativas por parte do BNG; moitas delas toparon co voto en contra do Partido Popular, aínda que si que é certo que hai outras que se saldaron con acordos unánimes neste parlamento, pero que despois vemos como non se efectivizan e non se trasladan á práctica. Neste sentido cómpre falar outra vez da atención infantoxuvenil.

A Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil do HULA é a de referencia para as case corenta mil persoas menores de idade que viven nesta provincia. E, a pesar desta grande poboación, esta unidade conta cun cadro de persoal extremadamente reducido; unicamente conta con 2 psiquiatras, 2 psicólogas, 2 enfermeiras, 1 terapeuta ocupacional e 1 traballadora social.

E para que nos fagamos unha idea do que supoñen estas cifras, comparando por exemplo con Ourense, que conta cunha poboación de referencia lixeiramente inferior, unhas 36.300 persoas, Ourense conta con 4 psiquiatras —2 máis—, 3 psicólogas —1 máis— e 3 enfermeiras —1 máis—. Tampouco é para tirar cohetes, todo sexa dito de paso.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta dotación de persoal é tan reducida que, por exemplo, no verán pasado non puideron funcionar as consultas externas de psiquiatría, porque, sendo só 2 psiquiatras, mentres que 1 estaba de vacacións, a outra tiña que encargarse de toda a actividade que se mantiña nesta unidade.

Tampouco se conta con datos pormenorizados de cales son os procesos asistenciais que se realizan, por exemplo, para facer unha avaliación de como está a funcionar o propio servizo. Ou, aínda peor, non se conta cos datos das pacientes que a día de hoxe están a recibir asistencia no hospital de día, porque non hai nin sequera unha persoa para as tarefas administrativas.

No hospital de día desta unidade só está 1 psiquiatra, 1 enfermeira e 1 terapeuta ocupacional. E, a pesar disto, logran prestar asistencia a 20 pacientes e ás súas familias, desenvolvendo grupos de traballo de asistencia da conduta alimentaria, do risco autolesivo e de suicidio e da existencia de trastornos mentais graves.

Resulta evidente que esta asistencia se leva a cabo a custa dunha importante carga laboral para as traballadoras, e, aínda así, a pesar disto e desta importante sobrecarga, estas intervencións teñen demostrada a súa efectividade. Por exemplo, porque teñen evitado ingresos posteriores das pacientes con trastornos da conduta alimentaria que foron tratadas neste hospital de día; en todas estas pacientes evitouse unha nova recaída. Unha falta de persoal que resulta un factor limitante para incrementar o número de pacientes que reciben atención, pero tamén é limitante para a asistencia que se lles pode dar ás que si que poden estar neste hospital de día e ás súas familias.

Pero é que xa non só falamos da escaseza de persoal. Falamos de desleixo organizativo. Non existe ningún circuíto, ningunha canle para derivar pacientes a este hospital de día. Se unha pediatra nun centro de saúde, unha pediatra, unha médica de familia detecta unha paciente que se beneficiaría no seguimento no hospital de día, ten que buscar a vida, ten que buscar unha maneira de contactar coa psiquiatra, coa psicóloga ou coa enfermeira para expoñerlle o caso e a ver se conseguen facer un seguimento desta paciente.

Tampouco existe ningún protocolo de seguimento posterior ás altas. Cando unha paciente é dada de alta, tendo en conta o carácter das patoloxías de saúde mental, debería ter un seguimento para ver como evoluciona, que tal se adapta a non contar cun recurso como o hospital de día. Pero, polo contrario, as pacientes marchan para a casa sen ningún tipo de citas de revisión.

Tampouco contan neste hospital de día con ningún tipo de persoal educativo asignado. E cómpre ter presente que este apoio educativo, ademais de atender ás propias necesidades académicas, ten implicacións terapéuticas, sobre todo en menores que están períodos tan longos sen acudir ás súas aulas habituais. Teñamos presente que a atención neste hospital de día se establece cun mínimo de seis meses de intervención, aínda que se pode alongar no caso de que non se acade a melloría clínica.

Profesorado que foi solicitado en numerosas ocasións, tanto por parte do persoal da unidade como tamén polas propias pacientes e polas súas familias, sen obter ningún tipo de resposta

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por parte da Administración, o que chegou a poñer en compromiso os obxectivos terapéuticos dalgunhas destas pacientes, pacientes que abandonaron o hospital de día interrompendo a súa recuperación, porque non se vían garantidas tampouco as súas necesidades académicas.

Por contar, non conta nin sequera cun espazo físico axeitado para realizar a asistencia, o que vén dificultar máis aínda o traballo diario destas profesionais.

Desde o BNG traemos hoxe aquí esta iniciativa, ademais de polo noso compromiso co dereito á saúde, á saúde mental da poboación, tamén porque esta iniciativa parte de ser o altofalante do persoal da unidade, das familias, que están a ver como non se garanten nin os seus dereitos laborais nin, sobre todo, os dereitos máis básicos das pacientes e das súas familias.

Esta iniciativa recolle un acordo que consideramos, entendemos que é un acordo de mínimos. O único que se pide é que se poida traballar dignamente e que se mellore a asistencia que se presta. Hai moito que traballar en saúde mental, pero, como digo, esta iniciativa é de mínimos absolutos, polo que agardamos que poidamos contar co apoio dos demais grupos da Cámara.

Por agora, máis nada.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Dende o noso grupo coincidimos na importancia, na relevancia do asunto que se está a tratar. Faise algunha referencia nesta iniciativa e fíxoa a propoñente, e nós queremos lembrar que en marzo de 2021 existiu un acordo, non completo, nesta cámara, a proposta deste grupo, que trouxemos unha interpelación e unha moción consecuente, sobre saúde mental, na que se acordaron algúns puntos; non ao completo do que nós propoñiamos, o Partido Popular rebaixou algunhas das cuestións que nós propoñiamos, pero, en todo caso, intentando chegar a bos acordos, aceptamos algunhas desas rebaixas para sacar por unanimidade un acordo, que trataba, en parte, sobre a situación das unidades infantoxuvenís en termos de saúde mental.

É certo que aquel acordo, aínda sendo a priori moi interesante, constituía un punto de partida para mellorar un servizo en áreas de traballo que no Sistema sanitario galego está absolutamente desmantelada en termos de persoal e de recursos. É certo que aquela iniciativa se votou a favor, pero que o Goberno galego, sistematicamente, foi deixando de cumprir e, probablemente, non cumpriu na súa totalidade ningún dos puntos acordados.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non cumpriu a cuestión do persoal que comprometeu a convocar naquel ano: 120 prazas de todas as categorías, e non chegou nin a 100. Non cumpriu en termos do que aseguraba coas unidades de saúde mental especializadas en varias áreas, tanto no completo das áreas sanitarias, coa conformación de unidades de atención de hospitalización infantoxuvenil en todas as áreas, como incluso —aínda que non é propia desta iniciativa, pero estaba naquel acordo e por iso o menciono— a unidade de psicoxeriatría na provincia de Ourense, que segue sen existir nin sequera no recordo do Partido Popular, a pesar de que aquí chega e vota a favor, con todo o papo.

Tampouco se cumpriu o acordo que despois de moitos anos se levou conseguindo, que se acadou naquel marzo de 2021 —van alá dous anos—, sobre a absorción do Sergas dunha parte do servizo de atención sanitaria, especialmente en termos de saúde mental. Mencionaba a señora Carreira cuestións de condutas adictivas con e sen substancia, que en moitas ocasións se traballan, ademais dos servizos de saúde mental, no que se coñece como as UCA, as unidades de condutas adictivas, o tratamento de comportamentos adictivos, que agora nas cidades galegas aínda están absorbidas e xestionadas por parte dos concellos; o que é unha cuestión absolutamente enloquecida de como tratar unha unidade que ten fundamento evidentemente sanitario pero que o Sergas se nega a absorber. E, por tanto, seguimos tendo parte do sistema sanitario xestionado polos concellos, porque o Sergas resume que con el non vai a cousa.

Todo iso está incumprido dende aquel acordo. Ao principio deste ano o noso grupo trouxo unha iniciativa tamén sobre o servizo de saúde mental infantoxuvenil especificamente, concretamente coa proposta sobre as unidades de hospitalización, que o Partido Popular manoseou ata tal punto de utilizala como unha rolda de prensa, pero que ao final non aprobou nada do que se propoñía, en realidade tamén votando en contra de cousas que hai dous anos votara a favor. Co cal a realidade do Partido Popular é que os votos nesta cuestión xa empezan a ser un pouco ambiguos: vota a favor dunhas cousas unha vez, en contra outras; ao final, eu creo que o Partido Popular probablemente non saiba nin sequera a favor de que vota nesas cousas.

Por tanto, noso é tamén o interese e, por tanto, tamén adiantamos que votaremos a favor, independentemente do debate das emendas desta iniciativa, porque parécenos un tema tremendamente relevante.

Mencionou aquí a señora Carreira tamén algunhas cousas que non son para nada menores, senón que —como diría aquel— non son temas menores, senón son tema maior. Pero, en todo caso, é que son cuestións que levan traballándose na área de saúde mental dende hai tempo e que, como dicía a señora Carreira, debatemos moitas veces aquí ou especialmente na Comisión de Sanidade.

A pandemia probablemente non foi a que disparara un problema grave de saúde mental, especialmente na área infantoxuvenil, que si, pero probablemente o que existe, como apuntan os profesionais, é que existía e agora o que estamos permitindo é que se visualice. Cuestión que se conseguiu non unicamente dende a parte da política —si algunha cousa seguro que se puido facer e se fixo ben, non todo se fai mal, pero si algunha cousa se puido facer ben—,

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

senón basicamente ou fundamentalmente porque dende fóra da política conseguiuse dar maior visibilización: persoeiros coñecidos, movementos asociativos, entidades que hoxe en día poñen o foco nestas cuestións de saúde mental, especialmente en idades infantoxuvenís. E, por tanto, temos tamén que agradecer a todo ese sector da sociedade que nos está axudando niso, porque a política está indo máis lento do que debería.

Pero falouse aquí destas adiccións con ou sen substancia, falouse aquí tamén dos datos de suicidio, tremendos, especialmente en Galicia, onde en termos globais de todas as idades hai un suicidio ao día, que é un drama. Exactamente un suicidio ao día é unha cuestión horrible como sociedade e que non estamos sendo capaces de afrontar. E, por tanto, todos estes problemas que estamos tendo evidencian un problema de saúde mental.

Permítanme dar uns datos antes de ir exactamente á cuestión específica de Lugo. Galicia ten a peor ratio de profesionais por habitante de toda España en saúde mental, en todas as categorías clínicas: psicólogos, psiquiatras, enfermería de saúde mental; a peor ratio de España.

Con isto, o Goberno galego ten a oportunidade de formar anualmente profesionais a través da convocatoria MIR. Seguro que toda a xente que non está no debate do día a día de sanidade ou polo menos non é a área específica que ten, nin sequera neste parlamento, a pesar diso, escoita moitísimas veces o problema dos MIR, a convocatoria MIR e de non ter prazas. Isto probablemente algúns dos que estamos na área de sanidade ás veces temos a sensación de aburrir cos nosos temas.

Seguramente vostedes escoitaron aos que non están nesta área que hai aí un problema cos MIR. O problema é moi fácil de explicar por exemplo con este caso. Galicia ten a peor ratio de España en profesións de saúde mental pero renuncia a convocar todas as prazas que ten en saúde mental. Temos a peor ratio pero nin sequera convocamos todas as prazas para formar novos profesionais. *(Aplausos.)*

E esta é unha combinación de datos terrorífica, porque, se un ten a peor ratio de profesionais pero renuncia a convocar unha formación de novos profesionais, a única conclusión posible é que este Goberno galego decide que non ten máis profesionais porque non quere. E non hai máis posibilidades. Pode telos, non os ten. Ten a peor ratio e non a quere mellorar. Non os ten porque non quere.

Neste debate específico recentemente eu escoitei que en profesionais específicos de saúde mental infantoxuvenil en Galicia o Goberno convocou o 100 por cento das prazas MIR. E é certo: na especialidade infantoxuvenil, o 100 por cento, e é certo. Galicia convocou este ano, se nos focalizamos non todo en saúde mental, que non convoca todas, especificamente en infantoxuvenil, convoca todas as prazas que se lle ofrecen. É máis —imos dicilo—, todas as prazas que Galicia pediu fóronlle ofrecidas. O Goberno do Estado abriu convocatoria para todas. E Galicia si convocou todas, todas as prazas en infantoxuvenil. ¿Saben cantas son?, toda Galicia, ¡eh!: 1.

E si, argumentouse aquí: Galicia convocou o 100 por cento de prazas MIR en infantoxuvenil. Si, 1. Esas son as prazas que o Goberno galego demandou. En ningún caso existiu ningunha intención de habilitar máis, de pedir máis habilitacións; 1, para toda Galicia. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En Lugo existe unha unidade, como aquí se estivo contando e como aquí explica a iniciativa, que ten unha dotación que para calquera profesional sería evidentemente unha infradotación obvia. 1 praza en toda Galicia, que, por suposto, non foi para Lugo; ¿para que?

A cuestión está en que metamos máis profesionais. Pero necesitamos máis profesionais tamén para ser capaces de dar mellor servizo. En Lugo necesitamos ter unha unidade tamén de hospitalización non só de día, de hospitalización infantoxuvenil en condicións, que non existe. Existe un hospital de día funcionando con moi poucos recursos, como dixo aquí a señora Carreira, e por iso estamos a favor desta iniciativa, pero ademais necesitamos ter unha unidade de hospitalización infantoxuvenil.

Porque o que ocorre hoxe con persoas destas idades, menores de idade basicamente, que teñen un problema, que necesitan, por un episodio agudo, ser hospitalizados e que son hospitalizados, ou ben con pacientes psiquiátricos crónicos, que levan hospitalizados anos e anos e anos, ou internos anos e anos, ou que son hospitalizados en medio de pacientes que non teñen nada que ver con saúde mental. E, por tanto, prodúcese un efecto devastador na capacidade de recuperación e na capacidade —imos dicilo en termos moi vulgares— de curación, que non é así, pero para que sexa máis facilmente comprensible.

Necesitamos unha unidade de hospitalización infantoxuvenil, que non a temos. E nós demandamos, e ao principio o PP votaba a favor, pero logo xa se olvidou polo camiño, que necesitamos unha unidade en cada área sanitaria. Corenta mil menores en Lugo, en toda a área sanitaria de Lugo que non teñen unha unidade de hospitalización para un problema infantoxuvenil, nunha das provincias máis afectadas por algún dos problemas graves en termos de saúde mental de España, non de Galicia, de España. E non temos unha unidade de hospitalización. E por iso demandamos e propoñemos tamén mellorar a iniciativa a partir diso.

E propoñemos tamén, ademais, ser capaces de mellorar non só o número de camas e os recursos necesarios na área de Lugo, senón que se cumpra a idea, que nós consideramos necesaria, de que teñamos unha unidade de hospitalización infantoxuvenil en cada área de Galicia. Probablemente a partir diso teremos máis déficits que teñamos que cubrir, pero este é un déficit evidente.

E, por tanto, nós o que plantexamos é que teñamos máis recursos. Porque, ao final, palabras bonitas, todas, pero, ademais de palabras bonitas, hai que poñer capítulo I, que é o persoal, e hai que poñer recursos. Porque, se non, todas as palabras non sandan, non axudan; están moi ben pero non axudan. E estamos xa no momento de poñer recursos.

E —repito— somos a comunidade autónoma que ten o menor número de profesionais en saúde mental por habitante de toda España, pero tamén é certo que este ano podiamos formar máis e non se formaron, porque o Goberno non quixo. É dicir, o Goberno non quere cumprir coa necesidade de dotar profesionais en saúde mental; e, se non quere, debe ser porque non lle importa, e, se non, se son capaces, déanme outra explicación.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permítame, antes de abordar o tema, que creo que ten a suficiente entidade como para que nos centremos nel, facer unha corrección. Porque me pareceu escoitar unha das súas señorías do grupo nacionalista dicindo que a forza política que máis crecera nas recentes eleccións autonómicas foi o BNG. Eu creo que a matemática cómpre manexala con rigor. O grupo que máis creceu nestas eleccións era o grupo que xa tiña máis apoio por parte dos galegos e chámase Partido Popular de Galicia. Cómpre aterrar na realidade. *(Aplausos.)*

(Murmurios.) Perdón, que me parecían chegar datos erróneos por esta banda.

Centrándonos xa na cuestión que nos ocupa, eu creo que todos coincidimos no incremento de casos relacionados con problemas de saúde mental que están a sufrir a sociedade galega e o conxunto de sociedades, tanto España como o resto dos países da nosa contorna, nos últimos anos, e, de xeito moi marcado, nun agravamento desa tendencia relacionado coa traumática situación da pandemia que vimos de atravesar, que aínda continuamos atravesando.

Froito desa preocupación —creo que é compartida—, a Xunta comezou en 2020 a implantación do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024.

Polo tanto, non estamos a falar dun problema, este do agravamento, que sexa específico de Galicia, pero si dun goberno, o galego, que deseñou políticas específicas para abordalo, atendendo por certo a un acordo parlamentario. E niso estamos, no deseño e na implementación progresiva do Plan de saúde mental de Galicia poscovid 2020-2024.

Polo tanto, a Xunta toma moi en serio este problema, e por iso está despregando un plan orzado con 83 millóns de euros, dos cales hai 36 millóns de euros que van especificamente adicados a crear 241 novas prazas de persoal.

Eu sinalo isto e quero poñer de manifesto estas magnitudes, porque hai algúns anos, cando gobernaban vostedes, a solución de todos os problemas que se vivían na saúde mental de Galicia pasaba por un investimento de 43 millóns de euros e 155 profesionais. E hoxe parece que 86 millóns e 241 novas prazas non foran importantes. E quero dicirlles, porque se di tamén que comprometemos pero non executamos, que desas 241 novas prazas comprometidas nese plan 163 xa están creadas; e desas 163, 130 xa están cubertas; e neste orzamento de 2023 está prevista a creación doutras 61. Co cal estariamos falando, no prazo de tres anos, de máis de 190 prazas cubertas.

Eu creo que isto explicita a importancia que lle está outorgando o Goberno galego a este tema. Só comparar co plan que aprobou o Goberno de España, que adica 100 millóns de euros, ¿verdade?, para o conxunto dos 47 millóns de cidadáns e a mellora da abordaxe da saúde mental para eses cidadáns. Por certo, 100 millóns de euros que adica exclusivamente a obras,

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

material e compras; ningún, por suposto, para persoal. E o tema de persoal é importante, pero tamén é importante non confundir, aínda que sexa interesadamente, a formación coa necesidade de persoal para a cobertura, que son dúas cuestións totalmente distintas.

En relación coas tres cuestións que plantexa o BNG respecto á atención da saúde mental en Lugo, a saúde mental infantoxuvenil en Lugo, cómpre aclarar os tres temas.

O primeiro, que o referido ao Plan de saúde mental de Galicia xa contempla o aumento da dotación de persoal para Lugo. En concreto, nun prazo de tres anos, 1 psiquiatra, 1 psicóloga clínica, 1 traballador social e 1 enfermeira especialista en saúde mental, que se engadirían ás prazas xa existentes con 2 psiquiatras, 2 psicólogos, traballadora social e enfermeira especialista en psiquiatría.

Polo tanto, pídenos vostede algo que xa está previsto e, ademais, se está cubrindo. Outra cousa son as dificultades que xurdiron na cobertura dalgunha destas prazas por cuestións persoais do propio persoal médico. É dicir, hai xente que decidiu trasladar o seu domicilio, normalmente, por certo, para volver a comunidades das que son orixinais. E vostedes comprenderán pois que iso forma parte da liberdade do profesional e o que temos que habilitar son fórmulas para cubrir esas prazas. E tamén houbo varias reducións de xornada motivadas por un feliz acontecemento como é o de ter un fillo, ou algún caso con persoas precisamente porque tiñan ao seu cargo persoas con dependencia.

No segundo punto do que vostedes falan, aclarar que xa existen circuítos de entrada e de saída do hospital de día; circuítos, por certo, que foron deseñados polos propios profesionais da unidade. Son circuítos, polo tanto, avaliados polo servizo e pola dirección do centro, que contemplan xa a derivación e a trazabilidade dos pacientes que acoden a esta instalación. E cómpre aclarar que, ademais, xa se están habilitando ferramentas informáticas e un programa de xestión axeitado para tal fin. Polo tanto, piden vostedes outra cuestión que xa está contemplada e executándose.

E, por último, o Plan de saúde mental de Galicia xa define os espazos recomendables para desenvolver a actividade neste dispositivo. Concretamente, este xa foi un traballo previamente desenvolvido polos profesionais, que, posteriormente —e hai que dicilo tamén—, elaboraron un plan funcional que se vai adaptando progresivamente en función das necesidades asistenciais e da súa evolución. Polo tanto, nós confiamos na capacitación deses profesionais para avaliar axeitadamente cales son esas necesidades.

Actualmente existen nesa unidade tres consultorios totalmente equipados, unha sala polivalente —que, polo seu espazo, é susceptible de dividirse en dous se é necesario—, un espazo contiguo que os propios profesionais habilitaron para casos de atención separada, unha sala máis pequena que tamén permite a actividade grupal e ademais, pola súa ubicación, a posibilidade de ampliación de espazos, ademais dos espazos axardinados adxacentes nos que tamén se poden desenvolver determinadas actividades.

Polo tanto, —volvo repetir— nós confiamos no criterio dos profesionais, que determinaron cales son os espazos e cal é o uso que deben de ter, e, en todo caso, seguimos á espera das

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

súas demandas, se é que aí xorde algunha por necesidade, que permitan habilitar novos espazos para estas funcións.

Polo tanto, o Goberno galego é consciente, plenamente consciente, da necesidade de mellorar a atención á saúde mental. E por iso Galicia dotouse dunha folla de ruta que está aplicándose co máximo rigor, permitíndonos alcanzar, por certo, os obxectivos marcados dentro dos prazos previamente establecidos.

No ámbito da hospitalización a domicilio, esa folla de ruta permitiu reforzar os equipos destinados a doentes con trastorno mental severo nos hospitais de día. Están en pleno funcionamento os de Santiago, os de Pontevedra e o de Ourense e en 2023 está previsto que estea plenamente operativo o da Coruña, ademais dos avances xa relatados en Lugo, e en 2024 prevese exactamente a mesma actividade e a mesma actuación en Ferrol e en Vigo.

Polo tanto, claro que existe unha folla de ruta. E esa mesma folla de ruta permitiu tamén a convocatoria para a cobertura de 173 prazas de saúde mental por concurso de méritos, grazas a unha lei que, por certo, vostedes votaron en contra. Porque teñen unha gran facilidade para sinalar os problemas pero teñen unha absoluta incapacidade para aportar solucións a eses problemas, señorías.

En todo caso, poden vostedes comprobar esa convocatoria no DOG do 25 de maio: 173 prazas de facultativo especialista en áreas de psicoloxía e para enfermería de saúde mental e psiquiatría.

Polo tanto, señorías, non, non son promesas, non son boas palabras, son feitos, e os gobernos os feitos publícanos nos diarios oficiais, como fai o Goberno de Galicia.

É unha actitude que creo sinceramente que contrasta moito coa mantida con outros gobernos, nomeadamente polo do señor Sánchez, que acaba, por certo, de facer decaer o Proxecto de lei de saúde mental, este, entre outros moitos, basicamente porque considera prioritario e considera que lle pode beneficiar que os españois prioricen pois as chanclas, a toalla e o bañador aos votos e ás urnas, que é o único motivo polo que decaen esas iniciativas lexislativas.

Por suposto, en campaña electoral falaban aquí de palabras bonitas. Pois escoitamos moitas. Escoitamos que a saúde mental era unha prioridade para España e escoitamos, ademais, que ía ser unha prioridade durante a Presidencia europea. A realidade era ben distinta. Esa lei que hoxe decaeu xa sufriu sesenta e cinco prórrogas para emendas, sesenta e cinco, e leva máis dun ano e medio paralizada. Hoxe decae, como decaeu a da ELA, a da equidade, a da Axencia Estatal de Saúde e a da ratio de enfermeiras. Porque todas elas eran prioritarias ata que a única prioridade foi a supervivencia política do señor Sánchez despois do varapalo do 28-M.

Eu lamento que as súas señorías hoxe, en fin, veñan lanzar un pouco máis de dúbidas sobre o traballo do Goberno galego, que está sendo serio, rigoroso e que se está constatando en feitos. Lamentablemente, outros gobernos priorizan a súa supervivencia política sobre actuacións reais e realistas, como as que está levando a cabo a Xunta de Galicia. En todo caso,

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

paréceme que é sinceramente un intento van e un prezo moi alto que ten que pagar a saúde mental, porque, por todos os adiantos que fagan, ninguén vai salvar o soldado Sánchez e ninguén vai impedir que este goberno continúe a traballar por mellorar a saúde mental en Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Antes de máis nada, aceptamos a emenda formulada polo Grupo Socialista. Agradecemos o voto a favor. Aínda que entendemos que o primeiro punto da súa emenda estaría recollido xa no primeiro punto da iniciativa, non vexo mal que se explicite tamén a necesidade de unidades de hospitalización psiquiátrica infantoxuvenil.

Señor Pazos, varias cuestións. A Xunta está traballando moitísimo pola saúde mental da poboación, está facendo cantidade de recursos inxentes e un dispendio que nunca tal se viu en Galiza para que mellore a situación da saúde mental da poboación. ¿Vostede sabe cales son as listas de espera a día de hoxe —ben, a decembro de 2022, que son os datos máis recentes que publicou o Sergas— para unha consulta de psiquiatría en Galiza? ¿Sabe que hai 179 persoas que agardan en Galiza máis de seis meses para ter unha consulta en psiquiatría? ¿Sabe que en Lugo o tempo medio de espera supera os corenta e cinco días para unha consulta de psiquiatría?

Vostede fala do Plan de saúde mental 2020-2024. A última vez que mirei creo que estamos en maio de 2023. Ao mellor ese plan xa se tiña desenvolto, implementado, ou ao mellor é que ese plan era insuficiente para a realidade que temos.

Apuntaba o señor Torrado algo que temos dito en máis dunha ocasión: o problema da saúde mental en Galiza e a nivel mundial —non imos negar que hai outros territorios que están afectados tamén— non é só pola pandemia. A pandemia actuou como un disparador, como un visibilizador, pero é que previamente á pandemia a situación xa era dantesca no noso país. Despois da covid, o que temos claro é cal é a situación da que estamos falando.

A iniciativa que hoxe trouxemos aquí —recalqueino ao final da miña primeira intervención— consideramos que é unha iniciativa completamente de mínimos: incrementar a dotación de persoal, deseñar circuítos de entrada e de saída e elaborar un plan para mellorar o espazo das infraestruturas desta unidade.

A vostede eu invítoo de verdade a que se poña en contacto coas traballadoras desta unidade e que lles pregunte directamente cales son as carencias que teñen, porque non se corres-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ponden coas notas que lle enviaron desde a consellería. ¿Vostede sabe que as traballadoras desta unidade deste hospital de día non teñen garantido aínda, dentro do sistema informático do Sergas, poder acceder á historia das pacientes que seguen no hospital de día infantoxuvenil?, un hospital de día infantoxuvenil que as notas de prensa —se non recordo mal— se publicaron hai un ano agora. É dicir, activar simplemente un recurso informático ¿lévalles un ano? ¿Canto lles custará entón contratar o persoal que requiren? Persoal que require —que eu fixen mención aínda que non se recolle na iniciativa— profesorado de apoio para unha unidade onde están ingresadas, onde se seguen rapaces e rapazas que van desde os cursos máis baixos de primaria ata 2º de bacharelato.

Antes falabamos da importancia das probas da EBAU. Hai persoas que se beneficiarían do seguimento nesta unidade que por estar no curso no que estaban renunciaron a seguir no hospital de día, porque non contaban con ningún tipo de apoio docente.

Creo que falar de que xa se está facendo todo o posible e que xa se está a contratar todo o persoal que se pode contratar é cando menos unha política tan de mínimos que nin é realista.

Falaba vostede de que se contratou moitísima xente que abandonaba por cuestións persoais. Contratouse tantísima xente como que da área sanitaria de Lugo marcharon 7 psiquiatras en ano e medio. ¿Todas esas persoas respondían a unha vontade, a unha cuestión persoal, a que non lles gustaba —tanto me ten— o hospital da Mariña, o hospital de Lugo ou o hospital de Monforte? É absolutamente alucinante escoitar o que se escoita ás veces nesta cámara.

Volvo dar as cifras que dei antes: no ano 2021 suicidáronse 331 persoas, 23 delas eran persoas que non chegaban aos 30 anos. Hai estudos que apuntan que, por cada suicidio que finalmente se consuma, estímase que hai entre uns vinte e trinta intentos de suicidio previos. Estamos falando dunhas cifras que son alarmantes, estamos falando de persoas que non chegan a ter os 30 anos. Eu cumprín os 32 hai uns días. Poñámonos na realidade da que estamos falando.

E, finalmente —remato xa—, falar de autocompracencia e de conformismo con estas cifras é alucinante, pero aproveitar unha iniciativa coma esta, que fala dun tema tan sensible, tan duro como é a saúde mental da poboación infantoxuvenil, para vir aquí dar un mitin sobre a política estatal, sobre a convocatoria electoral... *(Aplausos.)* Se vostede quere de verdade analizar cal é a conxuntura despois da convocatoria electoral, faga como o presidente Rueda: paralice a axenda para mañá e convoque unha rolda de prensa ás seis da tarde, pero este non era o lugar para analizar a convocatoria electoral.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora CARREIRA PAZOS: Paréceme totalmente desafortunado esa demagoxia e ese intento por desvirtuar as iniciativas que estamos trasladando a este parlamento e por pretender xogar coa saúde mental da poboación infantoxuvenil, coa de Lugo pero coa do resto do país tamén.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de explotación da mina de San Fins, en Lousame

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se rexistrou ningunha emenda.

Para formulala, ten a palabra dona Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Moi boa tarde tamén a todas as persoas da comarca de Muros-Noia que hoxe nos acompañan, directamente ou indirectamente relacionadas co mar, coa ría de Muros e Noia.

Señorías, volvemos traer aquí outra iniciativa sobre San Fins, e xa lles advirto que traeremos todas as que fagan falta no sucesivo. E volvémolo facer, primeiro e sobre todo, porque hai miles de persoas, miles de persoas, da comarca de Muros-Noia que non son capaces de entender por que o Goberno galego —o que os debera protexer de calquera risco ambiental, o que debera poñer todos os medios para preservar os miles de postos de traballo que están en xogo e o que debera respectar escrupulosamente a lei e facela cumprir tamén escrupulosamente— non o fai.

E, segundo, volvémolo traer aquí porque, máis alá dos afectados directamente, somos moitas e moitos os que estamos verdadeiramente alarmados porque chove sobre mollado coa última autorización, a de febreiro, que a Xunta vén de conceder á empresa para verter residuos industriais ao río San Fins. Unha resolución, señorías, que non só autoriza a vertedura de máis de 600.000 metros cúbicos ao ano de augas residuais industriais acumuladas nas galerías da mina, senón que recoñece que se outorga —e leo textualmente— «tamén para a fase de explotación»; a propia resolución de Augas de Galiza.

E repito, señorías: ¿como vai entender a cidadanía unha autorización cuxo procedemento comezou no ano 2015 e se concede, máis de seis anos despois, no 2023? ¿Como cren vostedes que se interpreta o feito de que máis de 600.000 metros cúbicos ao ano de augas residuais industriais, que conteñen importantes concentracións de cadmio, de cobre e de zinc, van ir parar á ría de Muros e Noia, a bancos marisqueiros riquísimos, e incluso ao esteiro do Tambre, incluído na Rede Natura 2000?

¿Cren vostedes que se pode xustificar dalgunha maneira que se consinta todo isto, malia que o tratamento que se lle exixe á empresa se amosou ineficaz para tratar a concentración de metais pesados durante a proba piloto realizada pola empresa? Ou ¿como se pode compren-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

der que a autorización, ademais de para bombear as augas acumuladas nas galerías, está prevista tamén para unha fase de explotación, cando a mina, señorías, non ten proxecto legal para a explotación a día de hoxe?

Pois todo isto só se pode entender dende a defensa a ultranza dun negocio privado que só vai beneficiar a catro e que pode ter consecuencias fatais para a ría e para toda a comarca. E só así desta maneira se explica tamén a historia desde o principio de todo este despropósito.

Quero facerlles un resumo da historia, por se non o teñen na cabeza. En decembro de 2008, con aquel *maléfico y terrible Bipartito*, a Xunta ditou unha resolución de transmisión de dereitos mineiros da mina de San Fins que quedaba condicionada á presentación, no prazo de tres meses, de tres cousas: un proxecto de explotación, un plan de restauración e un estudo de impacto ambiental do proxecto. En febreiro de 2009 —aínda gobernando o *terrorífico* Bipartito— a empresa naquel momento presenta dous dos tres requisitos exixidos: o proxecto de explotación e o plan de restauración, pero non presenta o estudo de impacto ambiental. ¡Ah!, en marzo de 2009 cambia o Goberno da Xunta e inmediatamente despois a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas emite un informe favorábel á aprobación dos dous proxectos, sen que se cumprise a obriga de presentarse o estudo de impacto ambiental. Un feito que xa é de por si suficientemente grave como para invalidar a aprobación dos proxectos, pero que seguiu adiante e que se aprobaron só seis meses despois de tomar posesión o novo Goberno da Xunta do Partido Popular. En seis meses solventaron isto, cerraron a carpeta, San Fins a funcionar e a ría de Muros-Noia a seguir coa espada de Damocles enriba.

Ademais, todo isto cociñouse única e exclusivamente na Consellería de Industria, porque a Consellería de Medio Ambiente nunca chegou a ditaminar se se precisaba sometelos a avaliación de impacto ambiental.

Como ven, toda unha tramitación absolutamente irregular, que provocou, primeiro, que o plan de restauración excluíse do seu ámbito as presas de residuos mineiros que figuraban nos plans de labores ata o ano 2000, ¡ah!, ¿non?, que deixaron de presentarse estes plans, e que o plan de explotación ignorase por completo a contaminación por metais pesados. Catorce anos, dende que se aprobaron os dous documentos, fóra da legalidade; catorce anos nos que tanto a Consellería de Industria como a de Medio Ambiente recibiron ducias de peticións, de escritos e de denuncias para que se revisase de oficio e se declarase nula a resolución de 2009 da aprobación dos proxectos; catorce anos nos que a mina de San Fins permanece en situación de ilegalidade e poñendo en risco a integridade da ría de Muros e Noia; catorce anos durante os que se expediron distintos informes oficiais da propia Xunta de Galiza que explicitan a necesidade de someter a mina á avaliación de impacto ambiental e que advirten da perigosa situación das presas, que acumulan a día de hoxe miles de toneladas de residuos e que se encontran en total estado de abandono e de falta de conservación; catorce anos nos que a Xunta do PP vén mantendo unha situación que xa é absolutamente insostíbel e de alarmante exposición para a ría e para as persoas da comarca.

Recentemente, ou relativamente recentemente, en decembro de 2021, Valoriza Minería, que é do grupo Sacyr, acorda transferir o 100 por cento do capital de Tungsten San Finx, que é a titular da mina, a unha sociedade australiana, unha sociedade australiana que aproveito para

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dicir, porque así figura en todos os lados, que carece de todo tipo de experiencia en proxectos mineiros en calquera parte do mundo.

Ben, nos condicionantes de compravenda establécese que, no caso de que non fose concedida a autorización de verteduras, Valoriza Minería asumiría o custo completo da rehabilitación do espazo natural afectado pola actividade mineira, reverténdose a compravenda. Polo tanto, a autorización de verteduras outorgada por Augas de Galiza en febreiro deste ano só se pode entender como unha táboa de salvación para eximir de responsabilidades a empresa, sen que se teñan en conta os impactos sobre a ría, sobre a comarca, e pasando por enriba de quen faga falta. *(Aplausos.)*

Neste momento, señorías, as cousas están tal que así: as obras da planta de tratamento, comezadas; a Audiencia Provincial, estimando, volvendo estimar, un recurso da Confraría de Noia e ordenando a reapertura da causa penal contra o famosísimo exdirector xeral de Enerxía e Minas da Xunta e contra outros funcionarios dese departamento; o Xulgado de Instrución de Noia, con dilixencias abertas, penais, contra a empresa mineira e os seus administradores por un suposto delito contra o medio ambiente; e denuncia das confrarías de Noia e Portosín, solicitando tamén a cautelar sobre o tema das verteduras; tamén están presentadas ou a piques de presentarse no Tribunal Superior de Xustiza demandas precisamente contra a autorización de verteduras aprobadas en febreiro.

E diante deste panorama, diante de todo isto, a Xunta nin está nin se lle espera. A Xunta deixa que continúe todo, como deixou continuar durante catorce anos, e non se despega dunha empresa absolutamente tóxica —e digo tóxica en todos os sentidos—, unha empresa absolutamente tóxica. A Xunta continúa facendo oídos xordos, e non só facendo oídos xordos, senón permitindo que transcorra o tempo e que aumente precisamente o risco de rotura dunhas presas que son un auténtico perigo. E todo isto sen impoñerlle á empresa e aos seus administradores ningún tipo de aval ambiental.

Por iso nós volvemos traer esta iniciativa, porque esta situación non ten ningún tipo de explicación se non é explicada desde a conivencia, clara e transparente, da Xunta de Galiza do Partido Popular e a empresa mineira, que quere a toda custa volver abrir a explotación de San Fins.

E pedimos nesta iniciativa que se proceda de inmediato, porque ducias de peticións xa houbo, entón, que se proceda de oficio inmediatamente á revisión dos proxectos aprobados pola Xunta do PP no 2009 e se declare nula aquela resolución por ser contraria a dereito; que se ordene a suspensión de toda a actividade do grupo mineiro San Fins ata que se regularice a explotación, e ata que, tal e como lle exixía un informe do Servizo de Enerxía e Minas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidenta—, da Xefatura Territorial da Coruña, no ano 2020, presente un proxecto de explotación completo, a solicitude do comezo da tramitación ambiental e a revisión do plan de restauración conforme a lexislación vixente; que lle exixa o cumprimento da Lei de responsabilidade medioambiental á empresa, para que se

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

adopten e se executen medidas de prevención, de evitación e de reparación de danos medioambientais, e se non, se non o fai a empresa, que o faga a Xunta subsidiariamente pero á conta dos propietarios e dos administradores e de quen corresponda da empresa; e, por último, evidentemente, que se suspenda, mentres todo isto non está conforme a lei, a autorización de verteduras, que neste momento xa está posta en marcha.

De momento, máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Pablo Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Pois a situación da mina de San Fins é cando menos moi preocupante e no Grupo Parlamentario Socialista estamos consecuentemente preocupados. No fondo, trátase dunha cuestión de confianza.

¿Confiamos en que unha empresa, responsable de facer determinadas cousas ben, faga as cousas ben cando non ten especial interese a priori en facelas ben, se ninguén controla que as faga ben, e cando, ademais, non facelas ben resúltalle máis barato e fácil?

¿Confiamos en que a Xunta, que é a administración responsable de controlar e garantir que se fagan ben as cousas, vai exercer a súa responsabilidade e controlar e obrigar a que as cousas se fagan ben?

Pois lamento ter que dicirlles que non temos excesivos motivos para confiar particularmente no Goberno da Xunta de Galicia. De feito, as empresas que xestionaron a mina de San Fins no pasado non fixeron ben as cousas durante moitos anos e a Xunta mirou para outro lado e incumpriu as súas obrigas de velar polo interese xeral.

E por iso estamos aquí hoxe falando deste tema. Porque durante moitos anos a Xunta fixo a vista gorda ante as verteduras, constantes, procedentes da mina de San Fins e, finalmente, Augas de Galicia outorgou o 1 de febreiro esa autorización de verteduras das augas da mina que se acumularon durante tantos anos na propia mina e nas balsas que hai na zona.

E, na miña opinión, esa autorización é ilegal, por varios motivos: porque se fai sen avaliación ambiental, porque infrinxe a Directiva hábitat e a Directiva de augas da Unión Europea e porque infrinxe tamén o principio básico de precaución consagrado no dereito ambiental. E, se isto segue adiante, vaise permitir a vertedura en algo máis dun ano de 900.000 metros cúbicos de augas acumuladas na mina, que é un 50 por cento máis, como dixemos nunha ocasión anterior, do que desprazaba o maior superpetroleiro construído na historia.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E falamos de augas que conteñen elevadas concentracións de metais tóxicos, como cadmio, cobre e zinc, e que van desembocar na ría de Muros e Noia se ninguén o impide; unha vertedura cun impacto potencial sobre a ría, sobre bancos marisqueiros dos que dependen 1.500 mariscadoras e mariscadores e as súas familias e sobre un espazo da Rede Natura 2000 como é o esteiro do Tambre, que, en teoría, debería estar pois estritamente protexido, pero, como o resto da Rede Natura de Galicia, non o está.

A directora de Augas de Galicia declarou hai un par de meses que as condicións de verteduras son de parámetros de medio natural —dixo—. E dixo tamén que iso implica que a presenza de metais nalgúns casos é máis baixa que nas augas de consumo humano. Pero o problema é que dicir cousas así é gratis e que a directora de Augas de Galicia non vai beber esas augas, porque Augas de Galicia ten, como mínimo e que saibamos, analíticas dos anos 2015 e 2017 nas que se constata nun dos cauces que saen da mina un nivel de cadmio 158 veces superior ao permitido, un nivel de cobre 70 veces superior ao permitido e un nivel de zinc 17 veces superior ao permitido.

E vostedes din que o que se está autorizando non é a vertedura desas augas, senón o tratamento desas augas e posterior vertedura. Pero iso xa o sabemos. O problema é que ninguén confía en que vostedes vaian controlar que esa vertedura sexa tratada axeitadamente, xa que, especialmente, para comezar, pois hai dilixencias abertas contra cargos da Xunta por presunta falsidade documental en relación coa mina de San Fins e recentemente abríronse tamén dilixencias polo Xulgado de Noia por un presunto delito contra o medio ambiente.

E din vostedes no propio expediente de autorización pois que van facer un control semanal na fase de baleirado, pero cando eu mesmo lle preguntei nesta cámara ao vicepresidente que pasa o resto dos días da semana, porque un control semanal é un día á semana, pois non soubo contestarme. Como non soubo contestarme, tememos que ese control vai ser non control, senón descontrol. E se a unha empresa mineira non se lle controlan as súas actuacións, pois pasa o que pasou centos e centos de veces neste país: que as empresas se desfán das súas verteduras polo método máis barato e sinxelo, que é botalas polo río abaixo. Iso supoñendo que o tratamento que se lles vai dar a esas augas funcione, cousa que é, como mínimo, dubidosa.

E temos máis preguntas: ¿como é posible que a mina estivese en operación entre 2009 e 2013 e, novamente, entre 2015 e 2017 sen a avaliación de impacto ambiental, chegando a abrir novas plantas da mina non previstas no proxecto de explotación? ¿Por que a Xunta de Galicia non liquidou o canon de verteduras á empresa titular da explotación? E a estas preguntas tampouco respostou o vicepresidente primeiro da Xunta cando lle preguntamos polo tema.

E con tanta incógnita non despexada, e con tanta pregunta non respostada, a conclusión, polo menos preliminar, é clara: non son vostedes cribles para controlar esta situación, que é froito da súa deixación de funcións e do incumprimento da súa obriga de velar pola aplicación da lexislación.

Unha lexislación que di que hai que facer a avaliación dos efectos ambientais, que hai que impedir as situacións de risco para o medio, que hai que sancionar, que hai que adoptar medidas de prevención nas situacións de risco e que, se non o fan as empresas mineiras, pois pode facelo —pode e debe, de feito— a Xunta e logo reclamarlles ás empresas.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Unha lexislación que di que hai que avaliar os efectos sobre a Rede Natura daqueles proxectos que poden telos, como é este caso. Unha lexislación que di que as empresas teñen que xestionar os seus residuos. Unha lexislación que di que hai que garantir a limpeza das augas de Galicia. Unha lexislación e un ordenamento xurídico que, lamentablemente, vostedes consideran que é ornamental ou que está ao servizo dos seus intereses, que raramente, moi raramente, coinciden co interese xeral; e por iso hai sentenzas dos máximos órganos xudiciais deste país que din cousas como que montaron vostedes no seu momento unha auténtica e eficaz trama de corrupción institucional, como dicía aquela famosa sentenza da primeira parte da Gürtel.

E o presidente da Deputación de Ourense, delincuente motorizado, Baltar, *(Murmurios.)* considera que é normal ir a 215 quilómetros/hora en domingo en coche oficial —aínda non sabemos a onde—, e como o considera normal e nin dimite nin o dimiten nin ninguén o dimite, a pesar de ter cometido un delito contra a seguridade viaria de manual, e tampouco dimite a pesar de que a semana pasada apareceron informacións dicindo e que acreditan que a filla do seu chofer foi identificada como condutor en relación con outra multa, casualmente en Madrid cando el estaba en Madrid, e iso é clarisimamente indiciario dun delito de falsidade documental, por non falar dos audios que apareceron tamén a semana pasada, e que indican con moita claridade o que moitos sabemos desde hai moito tempo, que é que en Ourense a familia Baltar ten montado un auténtico sistema hereditario de latrocinio da provincia, pois pasa o que pasa: que non temos confianza en vostedes.

Digo isto non gratuitamente, senón porque é moi difícil que confiemos en vostedes cando din que van controlar que unha empresa que ten que tratar unhas augas que son unha bomba de reloxería vai facelo axeitadamente, se consideramos que un dos mandamases do PP de Galicia —isto entendo que os moleste pero é a realidade—, o señor Baltar, é un presunto delincuente múltiple.

E lembremos que o grupo Sacyr lle vendeu os dereitos da mina a unha empresa australiana coa condición de que estivese restaurada e sen augas industriais, e para iso Sacyr ten que obter esa autorización que vostedes lle dan. E por iso, claro, xérase a sospeita de se vostedes teñen algún interese, máis alá do interese xeral, que podería coincidir co da empresa. Pero, en todo caso, o interese prioritario da vendedora non é a saúde dos ríos e da ría, senón desfacerse do que ten alí e cobrar. É dicir, isto forma parte dun contrato de compravenda e, ben, isto non é o interese xeral, é o interese de determinadas empresas.

Vostedes din que está moi ben, que van ir un día á semana controlar o que fai a empresa, pero iso non é suficiente para que confiamos en vostedes, por estes motivos que lles estou explicando e por moitos outros. Porque o problema é que, en troques de velar polo interese público, protexendo o medio ambiente e o marisqueo, vostedes sempre parecen escoller o interese privado das empresas. E reclamarlles a vostedes que cumpran as leis é como reclamarlle ao señor Baltar que non delinca. Pero a nosa obriga é reclamárllelo.

E hai varias leis autonómicas —non vou reiterar aquí cales son, porque xa o dixen moitas veces— que os obrigan a vostedes a impedir, evitar calquera dano sobre os ríos e sobre as rías. E levan vostedes anos permitindo danos sobre o medio ambiente polas verteduras pro-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cedentes da mina, e permiten vostedes verteduras que non deberan permitir, e non cobran vostedes un canon de control de verteduras que ascendería a 62 millóns entre 2009 e 2021 e non impoñen sancións nin medidas cautelares.

E o que estou describindo en dereito penal pois ten un nome; non lles vou dicir nin sequera cal é, porque xa o dixen nalgunha ocasión anterior.

Falamos dunha mina que carece de proxecto de explotación válido, porque non ten nin tivo nunca a avaliación de impacto ambiental e tampouco estivo sometido a participación pública o seu plan de restauración, dúas condicións que son imprescindibles para a validez do título mineiro, a pesar do cal a mina estivo en funcionamento intermitente desde o ano 2009 e verteu o que quixo e máis. E vostedes fixeron o que fan sempre, que é mirar para outra parte, que é o que tememos todos que poidan facer agora con esta vertedura supostamente tratada e que, segundo a directora de Augas de Galicia, vai ser pois practicamente auga potable. Pois se esa auga vai ser potable, bébana vostedes, pero non a boten á ría.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona María Sol Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Boas tardes de novo.

Despois de escoitar as súas intervencións, señora Fernández e sobre todo señor Arangüena, rematou unha campaña e xa está na outra; tome un respiro, que lle vai facer falta tomar folgos *(Risos.) (Murmurios.)* —penso eu—, e entón pise o freo un pouquiño.

A única intención desta deputada e deste grupo parlamentario que represento é dirixirme tamén ás familias, á comarca da ría de Muros e Noia, ás confrarías de pescadores, ao Concello de Noia, á Plataforma en Defensa da Ría para transmitirlles tranquilidade. Somos os primeiros —e pódollelo asegurar— interesados en que se respecte a ría de Muros e de Noia.

Unha vez máis —e as que faga falta—, para tranquilidade da veciñanza desta comarca, estamos neste plenario falando da autorización de verteduras en relación coa mina de San Fins, e, unha vez máis, veciños e señorías, o discurso deste grupo parlamentario non varía, e así o quero explicar.

¿Cal é o motivo, señorías da oposición, señora Fernández e señor Arangüena, de que non lles chamen ás cousas polo nome? Estiven facendo un seguimento do caso e distorsionan vostedes continuamente a realidade. ¿Cal é o motivo de que veñan alarmar a poboación? ¿Cal

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é o motivo de que queiran xerar conflito? Nin alarmismos, nin medos, nin desastres medioambientais, nin catástrofes. Nesta situación, como noutras similares, estase a buscar as mellores solucións, as mellores solucións técnicas, non políticas, que é o que a vostedes lles interesa.

No caso que nos ocupa é verdade que a Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, autorizou en febreiro deste ano a vertedura ao río Pesqueiras de augas residuais depuradas procedentes da explotación mineira de estaño-volframio, localizada no lugar de minas de San Fins, supeditada ao cumprimento de dezaoito requisitos restritivos e á atención estrita de normas hidrolóxicas e de calidade ambiental.

Das súas intervencións, señorías, parece —ou dá a entender ou pareceume a min, non o teño moi claro— que puxeran en dúbida que a Xunta de Galicia do Partido Popular non estivera a traballar a favor dunha minería responsable e sostible, cumprindo, como cumpre, escrupulosamente coa normativa, señor Arangüena, e cos parámetros de calidade ambiental.

Vostedes saben que é así, pero, claro, tamén sabemos nós que é o papel que lles toca xogar. Fálenlles ás familias e ás persoas que nos visitan hoxe da ría de Muros e Noia de por que as utilizan para os seus intereses. ¿Cal é o motivo de que disfracen a verdade? Polos seus intereses. Digan a verdade, alto e claro, porque vostedes, cando tiveron aqueles anos de bigoberno do Partido Socialista e do BNG, non fixeron nada ao respecto, non prohibiron ningún tipo de actividade, pero iso non se lles acorda. Créanme que non é sinxelo entendelo.

Miren, Augas de Galicia é o organismo encargado de velar polo bo estado da calidade das augas e, como tal, ten o máximo interese en garantir as mellores condicións das augas das rías e dos ríos, coa obriga de tramitar todas aquelas solicitudes de vertedura que se presenten e autorizar aquelas que cumpran, evidentemente, a lexislación hidráulica ambiental vixente, como é o caso de San Fins. Porque tamén se denegaron outras —como vostede sabe—, como o caso da mina de Varilongo.

O que se autorizou, señorías, foi unha depuradora para o tratamento das augas; o que se autorizou —repito— foi unha depuradora, non a explotación dunha mina, e vostedes sábeno. Augas de Galicia autorizou unha depuradora que permitirá precisamente que a auga procedente da mina volva ao medio nas condicións axeitadas e cumprindo os parámetros establecidos. E esta autorización non implica en ningún caso a apertura da mina de San Fins, xa que a explotación mineira requiriría, si, unha autorización específica e unha tramitación ambiental.

Señora Fernández, o motivo de que en 2009 se admitise a non presentación do estudo de impacto ambiental reside precisamente en que era unha transmisión sen modificación do proxecto. Trátase, polo tanto, do mesmo proxecto, polo que non é necesaria unha avaliación ambiental. O Concello de Noia, as confrarías, as plataformas, as veciñas e as familias que se adican á pesca e ao marisqueo, todos, todos eles teñen unha gran preocupación, e, por suposto, o noso máximo respecto a que así o manifesten.

E eu quero dirixirme a eles, a todos e cada un deles, para falarlles da responsabilidade dunha administración pública como é a Administración da Xunta de Galicia, da responsabilidade

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Consellería do Mar, da responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas a través de Augas de Galicia, garantindo que esas augas que se verten terán o tratamento axeitado e por suposto que cumprirán os parámetros exixidos, e para maiores garantías farase ese estrito control e seguimento.

O procedemento seguido, señorías e as persoas que nos visitan hoxe, axustouse escrupulosamente ao procedemento establecido para as autorizacións de vertedura que recolle o Regulamento de dominio público hidráulico. Logo de completarse a solicitude de autorización, solicitáronse os informes prescritos regulamentariamente, da Consellería de Sanidade, de Medio Ambiente, do Mar, sen que en ningún deles se manifestase oposición á vertedura obxecto desta iniciativa.

Así mesmo, o informe da Área de Calidade de Augas de Galicia en relación con este proxecto tampouco formulou obxeccións e infire que a vertedura cumpre, polo que nas condicións autorizadas a vertedura dificilmente pode causar afección ningunha. E, por suposto, si que se ten sometido a información pública, ¿como non?, en dúas ocasións; e en todo momento se tivo informados e se deu traslado aos interesados das actuacións realizadas.

Cuestionan vostedes a ausencia do informe de avaliación ambiental. Miren, nin na específica normativa do dominio público, tanto no texto refundido da Lei de augas como no Regulamento do dominio público, nin no resto da normativa vixente de aplicación ao procedemento de autorización de vertedura, se recolle a obriga de dispor do resultado da avaliación ambiental do proxecto para proceder ao expediente da autorización de vertedura; avaliación de impacto ambiental que deberá referirse necesariamente á totalidade da actividade produtiva e non especificamente á instalación de tratamento de augas residuais, que en todo caso deberán ser avaliadas de forma separada do conxunto da actividade.

É certo que o informe a que se refire a Xefatura Territorial da Coruña de marzo de 2020 di que o proxecto de explotación está esgotado e que hai que presentar un novo. É lóxico, porque o recurso é inexistente nas galerías accesibles e, se se quere ampliar ás novas, as inundadas, as asolagadas, a empresa terá que presentar un novo proxecto distinto do anterior, que si terá que pasar unha avaliación ambiental que determine Medio Ambiente.

Mesmo semella que descoñeceran a resposta que dende a Comisión Europea se veu dar sobre o tema. Miren, resposta do señor Breton, en nome da Comisión Europea, recente, do 13 de abril de 2023 *(A señora Díaz Mouteira le un documento.)*: *«A la luz de la información disponible, no hay indicios de que el permiso de vertido de aguas residuais tratadas procedentes de la mina de San Fins constituya una infracción de la legislación medioambiental pertinente de la Unión, y, por lo tanto, la Comisión no tiene intención de investigar este asunto. El proyecto ha cumplido todos los requisitos éticos obligatorios, incluídos los medioambientales»*.

E, ademais, xa temos decisión xudicial ao respecto ao redor da mina de San Fins; non a mencionou vostede. Mire, *(A señora Díaz Mouteira mostra un documento.)* onte, 29 de maio, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia «rexeita suspender a autorización de vertedura de augas na mina de San Fins ao arroio de Rabaceiros». A Fundación Monteescola solicitara a adopción da medida cautelarísima consistente na suspensión da autorización en relación co re-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

curso que se interpuxo contra a resolución de febreiro e na que se denegou a suspensión da execución.

Polo tanto, señorías, miren, hai que ser claros. Punto primeiro: a vertedura cumpre coa legalidade e coas garantías medioambientais. Punto segundo: a vertedura que saia desa planta ten que cumprir —claro que ten que cumprir— cos parámetros de calidade ambiental e que sexan depuradas de acordo co tratamento aprobado. E cando se pediu autorizar o baleirado de augas sen tratamento adecuado, ¿que fixo a Xunta? Dixo que non.

En todo caso, señorías, queda garantido que a Xunta de Galicia está, por suposto, vixiante; levará a cabo ese control continuo dos parámetros que así o permitan e un varrido de metais semanal no río Pesqueiras.

E a autorización, señorías —parece mentira, señor Arangüena e señora Fernández—, claro que se pode revogar, se a Xunta de Galicia comproba en calquera momento que non se está a cumprir cos parámetros, algo que se fai, evidentemente, antes de que chegue á ría.

Isto non é unha decisión política, e vostedes sábeno, é unha decisión estritamente técnica. E ¿como vai ser nula de pleno dereito unha autorización de vertedura que se axusta escrupulosamente ao establecido na normativa vixente? A autorización da vertedura —insisto— de augas residuais —e xa para concluír— depuradas de San Fins conta con todas as garantías. E esta —e dígoo con contundencia, con rotundidade, como vostede queira, señora Fernández— non permite a actividade mineira.

Espero que lle quede claro, e non o digo pola tranquilidade deste grupo parlamentario —que confiamos no traballo dos técnicos, sólido e rigoroso, e, por suposto, no traballo transversal das diferentes consellerías—, senón que o digo pola tranquilidade das familias que cada día viven do mar, que cada día están a carón do mar, da ría de Muros e Noia. O compromiso da Xunta non é cuestionable, porque se traballa a prol da minería responsable, sostible, cumprindo escrupulosamente coa normativa vixente. E para poder levar a cabo —e dígoo tamén con rotundidade— a fase de explotación mineira da planta quinta e inferiores que están inundadas, o titular de dereitos a esa empresa a que vostede se refire debe tramitar a actualización do proxecto, e esa autorización —esta si, señora Fernández— necesitará desa tramitación e desa avaliación ambiental.

En definitiva, señorías, humildemente, pediríalles un exercicio de responsabilidade e respecto para o traballo dunha administración, da Administración galega, e da Xunta de Galicia, que está actuando escrupulosamente dentro da normativa e coas garantías debidas, señorías. Reflexionen, señorías, ao redor desta iniciativa, porque este grupo está ao carón da ría e da súa comarca, non o dubiden, e vostedes espero que tamén.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora Díaz, menos mal que comezou vostede a súa intervención solicitándolles aos asistentes tranquilidade. *(Murmurios.)*, menos mal que comezou solicitándolles tranquilidade, porque realmente, se non o di ao principio e o di ao final, non sei que pasaría. Despois de escoitala a vostede, poden estar en calquera estado menos —xa llo digo eu— nun estado de tranquilidade.

Sinto por outra parte, señora Díaz, ben, que tivese vostede que asumir a defensa deste tema e onde se ve, pola súa defensa, que vostede a teoría —é dicir, aprendeu a lección que lle mandaron da consellería ou de Vicepresidencia— aprendeuna e díxoa aquí, ¿non?; pero, efectivamente, señora Díaz, vostede non ten nin idea —de verdade, non ten nin idea— de cal é a situación neste momento.

Xa llo dixen antes: cando se solicitou a transmisión —no ano 2008, estamos a falar—, solicitábanse tres cousas: solicitábase un plan de explotación, solicitábase un plan de restauración e un estudo de impacto ambiental. Presentáronse dúas cousas, as dúas primeiras; e o Goberno do Partido Popular, que foi quen tivo responsabilidades a partir de marzo de 2009, obviou completamente a terceira e seguiu para adiante con todo un procedemento que está viciado de inicio, señora Díaz, está viciado de inicio.

Mire, vostede di, por activa e por pasiva, o mesmo que xa dixo aquí o vicepresidente, o mesmo que dixo no seu día a conselleira do Mar, que é que isto é unha autorización dunha depuradora —estamos falando da autorización de verteduras última, da de febreiro—; obvian por completo efectivamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, voulle falar diso agora. Iso non di nada, iso non di absolutamente nada. É máis, vostede manipulou o que di esa noticia de prensa de hoxe para expoñer aquí unha cousa que non é —si, si, imos lela de novo; imos relela—, señora Díaz.

Mire, vostede dicía que nesa autorización de febreiro de Augas de Galiza só estaban falando dunha autorización de verteduras tratadas por medio dunha depuradora, por medio dunha planta de tratamento. ¡Claro!, xa lle dixen na miña primeira intervención que a propia autorización de Augas de Galiza dicía que era previa á fase de explotación. ¿Que queren vostedes? ¿Queren que a xente da comarca de Muros-Noia siga con tranquilidade —como di vostede— despois de ler a resolución de Augas de Galiza onde se di isto? ¿Quere que siga con tranquilidade despois de ler isto?

Se vostede tivese a máis mínima idea de cal é a situación das presas, das balsas con miles de toneladas de residuos que están en San Fins, e da planta de tratamento que se está facendo, recoñecería aquí que esas presuntas augas depuradas, tal e como están situadas, resulta que van pasar a posteriori polas balsas, polas presas; entón, ¿de que depuración estamos a falar, señora Díaz? ¿De que depuración, de que tratamento de augas residuais estamos a falar?

Pero o máis evidente é que a señora Díaz dixo que nós viñamos aquí polos nosos intereses e non polos intereses da comarca; dixo que viñamos distorcer a realidade. Eu non sei se a Au-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

diencia Provincial tamén está distorcendo a realidade igual ca nós, ¿verdade?, porque teña supostos intereses, ¿verdade?, cando volve abrir e ordena a reapertura da causa penal contra o exdirector xeral de Enerxía e Minas do Partido Popular; *(Aplausos.)* eu non sei se o Xulgado de Instrución de Noia tamén está distorcendo a realidade e está atendendo os seus propios intereses, cando abre dilixencias penais contra a empresa mineira e os seus administradores por un suposto delito contra o medio ambiente; eu tampouco sei, señora Díaz, se os recursos ou as demandas que acaban de presentar as confrarías e mais o Concello de Outes no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza tamén é porque interpretan que se está distorcendo a realidade.

A que distorce a realidade é vostede. ¿Sabe por que? Porque vostede non sabe cal é a realidade; por iso a distorce completamente. *(Aplausos.)* Le o libro que lle mandou o vicepresidente e non sabe máis nada. Convídoa persoalmente a que me acompañe para visitar San Fins. Imos as dúas sen interferencias de ningunha clase; imos as dúas e vémolo. Eu xa o vin moitas veces en vivo e en directo. E así faise vostede unha idea, unha mínima idea, do que estamos a falar: —insisto— miles de toneladas de residuos que están nunhas presas absolutamente colmadas e unha planta de tratamento que, en teoría vai depurar auga que logo vai pasar por unhas balsas, señora Díaz Mouteira.

Pois ben, finalizo coa famosa noticia, porque xa digo que a que distorce a realidade é vostede, incluso distorce o que le, ou non sei se a leu ben, porque vostede dixo que a Xustiza xa se pronunciou. Mesmo hoxe dixo vostede que sae na prensa que a Xustiza se pronunciou para dicir que rexeita precisamente que non se continúe coas obras e coa autorización de verteduras. Non é iso o que rexeita a Xustiza; a Xustiza o que rexeita é as cautelarísimas que se pedían. ¿E sabe por que?

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Porque a Xustiza di —remato, presidente—: «Neste caso non aceptamos as cautelarísimas porque queremos dar opción a que a empresa tamén se pronuncie». Non está rexeitando ou non está dicindo que a autorización de verteduras está perfecta. Non é un pronunciamento da Xustiza dicindo: *«La Xunta de Galicia lo hace todo bien».* ¡*No*! Está rexeitando unhas cautelarísimas pedidas por un colectivo social.

Ben —remato presidente—, xa nos quedou moi claro —doutras veces tamén, pero hoxe máis que nunca—, señora Díaz, que a Xunta de Galiza está defendendo —insisto— todo isto que está xudicializado por todas as partes...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...porque é a Xunta de Galiza a que ten un interese moi particular: defender a explotación dos recursos mineiros...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...que son de todos, para prexudicar miles de persoas na comarca de Muros.

Grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Queríame dirixir ao señor Arangüena porque no transcurso do debate se fixeron unhas afirmacións sobre unha persoa que non está presente no hemiciclo e que atentan contra a súa dignidade e contra o seu honor; polo tanto, eu pídolle que as retire, por favor. *(Murmurios.)*

Si, dean voz ao escano do señor Arangüena. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Perdón?

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ¿Pode darme a palabra?

O señor PRESIDENTE: Si, si.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ¡Ah, grazas!

Pois non sei exactamente a que manifestacións se refire, pero se me di cales, eu tomareino en consideración.

O señor PRESIDENTE: ¡Home! Eu sei…,

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ¡Home! Non esperará que me acorde de todo o que dixen. *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Que non esperará que me lembre de todo o que dixen.

O señor PRESIDENTE: Non lle entendín nada.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Non agardará vostede que me lembre de todo o que dixen; entón, se vostede non me di o que quere que retire… ¿Que quere que retire exactamente?

O señor PRESIDENTE: Eu refírome exactamente a uns comentarios que vostede fai sobre unha persoa —vostede sabe ben cales son—; sobre unha persoa que non está presente no hemiciclo e que atentan contra a súa dignidade. *(Murmurios.)*

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: É que fixen…

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, eu pídolle que os retire; e sabe vostede ben cales son as palabras que dixo…

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Non, non, non…

O señor PRESIDENTE: Si, si, si…

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Vostede non pode saber o que eu sei; entón, dígame vostede que quere que retire.

O señor PRESIDENTE: Pois eu quero que retire unhas afirmacións que vostede estaba facendo, xa que lle estaba chamando delincuente a unha persoa que non está presente nesta sala. *(Murmurios.)*

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Non, imos ver. Se eu lle chamei [«*delincuente*»] *(Expresión retirada do* Diario de Sesións, *por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)* e non «presunto [*delincuente*»], estou disposto a retirar soamente a parte de [«*delincuente*»].

O señor PRESIDENTE: Queda retirada.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Non estou certo de ter dito...

O señor PRESIDENTE: Si, si..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...[«*delincuente*»] e non «presunto [delincuente»]. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE:...si, delinquir; ou sexa que, polo tanto, queda retirada esa expresión. *(Queixas.) (Murmurios.)*

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Pero, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Si, si.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor presidente, retire soamente a parte de [«*delincuente*»]. Se dixen «presunto [*delincuente*»], non o retire porque, dende logo, eu non apoio que o retire, se eu dixen «presunto [*delincuente*]».

O señor PRESIDENTE: Queda retirado o de [«*delincuente*»].

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Se vostede está en condicións de afirmar que dixen [«*delincuente*»]...

O señor PRESIDENTE: Queda retirado. *(Murmurios.)*

Por favor, calquera día lle pode pasar a algún de vostedes. Eu teño que manter... *(Queixas.) (Murmurios fortes.)* Perdón, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* eu teño que manter unha certa coherencia, e hai que respectar a dignidade e o trato de todas as persoas; polo tanto queda retirada esa expresión. Grazas. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón?

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(*Unha señora deputada:* ¡...está sen micrófono!)

Non, pero é que el xa non ten que falar, que xa falei eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, xa está. Está retirada. Se dixo que si, que a retiraba. *(Unha señora deputada:* ¡Non! Dixo só «presunto».) *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Bueno! Por favor, os membros da Mesa teñen que ser institucionais. *(Risos.) (Murmurios fortes.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Claro, correcto! Non, porque é que senón se producen turbulencias de todos os lados; e é normal que se me falan de todos os lados me equivoque, e eu non quero equivocarme. Eu teño que atender ao que di o señor Arangüena e ao que din os outros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Si, perdón! Dean voz ao escano do señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Para clarificar, mire. Se eu dixen que o señor Baltar é un [«*delincuente*»], o que quixen dicir é que é un «presunto [*delincuente*] motorizado e múltiple», señor presidente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, queda retirada...

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Mire, «presunto [*delincuente*] motorizado e múltiple».

O señor PRESIDENTE: Iso non foi o que dixo. Queda retirada a expresión de [«*delincuente*»]. *(Murmurios.)* Si, queda retirada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Queda retirado, iso queda retirado.

Continuamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Queixas.)*

Non, non, perdón... ¡Bueno! Outra bobada fóra de ton; outra tontería fóra de ton neste caso... *(Murmurios.)* Por favor, imos manter isto... ¡Home, pero por favor! Tampouco se trata de provocar a Presidencia. *(Risos.)* Trátase de manter algo normal. Provocar a Presidencia é fácil. Eu teño bastante aguante, pero non se trata diso. Así non se gaña un debate.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Gallego.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora GALLEGO SANROMÁN: (*A señora Gallego Sanrromán diríxese cara ao presidente desde a tribuna.)* Ten que parar o tempo, que estaba o anterior.

O señor PRESIDENTE: Si, si.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Cómpre dicir que se fala aquí de Pedro Sánchez, que non está presente, practicamente en todas as sesións, e chamóuselle de todo, ¡¿eh?!, pero non quero provocar a Presidencia —¡non quero provocar a Presidencia!— *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)* Chámaselle aquí de todo e non está presente precisamente, que eu saiba.

O señor PRESIDENTE: Non. Nunca consentiría... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora GALLEGO SANROMÁN: Non quero provocar...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, señora Leticia Gallego...,

A señora GALLEGO SANROMÁN: Imos ao tema...

O señor PRESIDENTE: ...nunca permitiría eu que a un presidente do goberno lle chamasen delincuente. *(Murmurios.)*

A señora GALLEGO SANROMÁN: ¡Bueno, bueno! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Imos ao tema.

O señor PRESIDENTE: Eu, no exercicio do cargo, ¡nunca!

A señora GALLEGO SANROMÁN: Xa, bueno. Imos ao tema.

O señor PRESIDENTE: E téñoo claro.

A señora GALLEGO SANROMÁN: É unha pena que non estea presente Pedro Sánchez nestes debates todos, a verdade. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non pode vir, non pode vir.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Bueno, imos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Vale. ¡Silencio!

A señora GALLEGO SANROMÁN: ¿Quere vir aquí falar? *(A señora Gallego Sanromán diríxese a un señor deputado.)* ¿Quere vir falar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* a ver, veña aquí falar; veña aquí falar. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora GALLEGO SANROMÁN: Tranquilo, tranquilo que xa...

O señor PRESIDENTE: Que xa pasaron as eleccións...

A señora GALLEGO SANROMÁN: ¡Efectivamente!, ía dicirlle eu iso: xa pasaron as eleccións. ¡Tranquilo, tranquilo..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Aínda non está contando o tempo. Empeza.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...¡tranquilo, tranquilo! *(Murmurios fortes.)* Aínda non tomou posesión. Tranquilidade.

O señor PRESIDENTE: ¡Vamos, veña!

A señora GALLEGO SANROMÁN: Bueno, imos co tema. Imos falar outra vez máis do pequeno comercio; outra vez máis porque xa é un tema que trouxemos aquí, ao Pleno, e mesmo á comisión.

Xa saben vostedes, e se non o saben vólvollo dicir eu, que o pequeno comercio está desaparecendo. Non hai máis que dar un paseo, calquera de nós, por calquera rúa, tanto nos barrios das cidades como tamén nas pequenas vilas, onde a extinción está sendo moito máis acelerada. Non hai máis que ver todos eses locais de pequenos negocios pechados.

Este sector leva moitos, moitísimos anos, con serias dificultades, baixo a competencia de grandes cadeas, baixo a competencia do correo electrónico e cun gran problema, como é que non hai relevo xeracional; este é un dos grandes problemas.

O Goberno galego ten que tomar medidas ante este grave problema da falla de relevo xeracional; por iso debería elaborar un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a nosa mocidade. Deste xeito as mozas e os mozos da nosa terra terían unha saída laboral no comercio local, e este sector non desaparecería das nosas cidades ou dos pobos. Fan falla medidas, pero medidas cun orzamento suficiente para rescatar o noso comercio local. Do contrario, nada poderá evitar o peche masivo do pequeno comercio, e isto levaría á enorme perda de postos de traballo, así como ás graves consecuencias que suporía para a economía a todos os niveis. O peche do comercio de proximidade é unha tendencia estendida que deixa moitos, moitos, moitos locais pechados, como xa dixen.

En Galicia este sector, cada vez máis, apunta para un problema estrutural. A caída no comercio minorista alcanza o 6,4 por cento, é dicir, 1.944 traballadores e traballadoras autónomas menos, segundo datos de febreiro deste ano que publicou o Instituto Galego de Estatística.

A prestación por cesación, implantada polo Goberno de España no arranque da crise sanitaria, contivo o abandono do Réxime de autónomos de pequenos comercios en Galicia, que acumulaba xa antes importantes recortes de afiliación. Concretamente o comercio perdeu 2.700 pequenos negocios nos últimos anos en Galicia, segundo a Unión de Traballadores

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Autónomos —falamos de autónomos porque a maioría deste pequeno comercio son autónomos—. Son datos moi, moi preocupantes, que son consecuencia da renuncia da Xunta de Galicia ao emprendemento.

Con estas malas cifras é preciso que a Xunta de Galicia poña en marcha verdadeiras axudas directas para este sector, porque nos preguntamos como pode ser que con máis de 14.000 millóns de orzamento que ten a Xunta de Galicia para este ano, só incremente o orzamento para o Programa de comercio en 7 millóns con respecto ao 2022. ¿Como pode ser? E, por certo, tamén nos dan a razón coa reivindicación que fixemos durante todo o ano pasado, dicindo que era incomprensible que rebaixasen en cinco millóns o orzamento do ano pasado. Por iso este ano o subiron en sete millóns, pero é ínfimo; ese orzamento que ten a Vicepresidencia para o comercio é ínfimo —e direino unha e outra vez—. Ese incremento tan ínfimo demostra que para a Xunta de Galicia o sector do pequeno comercio non é estratéxico. ¡Vamos!, que non lle importa absolutamente nada —¡nada de nada!—.

Tamén é importante cambiar o modelo de produción, mellorando, entre outros aspectos, a dixitalización dos locais e a formación dos seus propietarios. Estas dúas últimas cuestións xa as reivindicamos en diferentes ocasións. O noso grupo parlamentario vén solicitando, no que levamos de lexislatura, axudas potentes para o comercio de proximidade, e non meros parches como o bono Activa Comercio, sobre o que xa sei que agora falarán —imaxino— dende o Partido Popular. Ese é un auténtico parche —¡é un parche!—, non son axudas. Os propios comerciantes din que iso dá para o stock da mercadoría e para nada máis. É un auténtico parche. Iso si, fan anuncios do bono Activa Comercio —¡*madre mía*!, métennolo polos ollos—; todos os días practicamente hai unha páxina nos periódicos. Entón, ¡veña! bono Activa Comercio, bono Activa Comercio... ¡Non!, son precisas verdadeiras axudas, verdadeiras axudas e non parches.

A Xunta ten que elaborar políticas para o comercio de proximidade para que poida saír da crise na que leva anos e que se agravou pola crise da covid e tamén pola guerra de Ucraína, polas que están quedando polo camiño moitos pequenos comercios. O sector do comercio, do pequeno comercio, está na UCI, e non me cansarei de repetilo unha e outra vez, as veces que faga falta; e seguiremos traendo iniciativas, tanto aquí como á comisión, para ver se a Xunta de Galicia, dunha vez por todas, fai algo porque están quedando polo camiño moitos —moitísimos— pequenos comercios.

A Xunta segue na súa inacción. A Xunta é unha mera espectadora, vendo como o comercio local desaparece. Levan catorce anos gobernando, e xa vai sendo hora de que fagan algo polo pequeno comercio; xa vai sendo hora. Por iso hoxe volvemos facer unha proposta á Xunta de Galicia: que elabore un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade, dotado dunha partida orzamentaria suficiente para implementalo nun ano. Con esta iniciativa, o que pretende este grupo parlamentario é involucrar a mocidade no comercio de proximidade porque non o coñece, non merca nel, e, por suposto, non emprende neste comercio.

Os mozos e as mozas están totalmente afastados deste tipo de comercio, e temos que intentar atraelos para que así teñamos relevo xeracional neste sector, xa que este é un dos grandes

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

problemas; e temos que intentar que se implante nas cidades, pero, sobre todo, no rural galego porque nos preocupa moito esa desaparición do pequeno comercio no rural, xa que, se non temos servizos, se non temos comercio, se non temos emprego no rural, non teremos poboación; co cal eu animo o Partido Popular para que, dunha vez por todas, tome este tema en serio porque a situación se está volvendo insostible para o pequeno comercio dende o punto de vista económico. Esta situación está afectando á supervivencia dun sector de forte implantación na Galicia rural; un sector formado por pequenos negocios con poucas marxes de beneficios e que dependen da capacidade de consumo da cidadanía.

O Goberno autonómico ten que axudar os pequenos comercios e os autónomos porque necesitan respaldo para poder xerar emprego e posibilitar que as familias teñan ingresos mes a mes. O Goberno autonómico dedica escasos recursos económicos ao comercio de proximidade, tendo en conta as urxentes necesidades existentes neste sector —e non me cansarei de repetilo—. E isto o que demostra é que pouco lles importa o comercio pequeno, de proximidade, local, tanto a Rueda como, antes del, a Feijóo; pouco ou nada lles importa. O obxectivo da Xunta de Galicia tería que ser que o comercio fose un sector resiliente, competitivo e adaptado aos novos hábitos de consumo, e para iso debería apostar pola dixitalización e pola sustentabilidade. O Goberno galego ten que axudar o sector do comercio a mellorar a estratexia comercial en liña, o modelo de negocio, a experiencia de compra e a economía circular, pois como o comercio non se modernice, como non o axude a avanzar, o futuro do comercio de proximidade está en perigo.

E eu pido a unanimidade nesta proposición non de lei que traemos hoxe, porque é unha proposta para axudar este sector a saír da crise na que leva anos, moitos anos. E, ao mesmo tempo, cómpre dar emprego á mocidade e involucrar esa mocidade no comercio de proximidade. Esta é unha proposta con ánimo construtivo, simple e llanamente, por iso pido o apoio de todos os grupos parlamentarios.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Boa tarde.

Grazas, presidente.

A situación do comercio galego é crítica; é algo do que temos falado moitas veces neste Parlamento, pero que día a día se agudiza. A perda do tecido comercial vén sendo continuada dende hai catorce anos. Dende o ano 2009 pecharon na Galiza máis de sete mil cincocentos pequenos comercios. O último informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias indica que na actualidade hai case oito mil locais comerciais baleiros; unha cifra que se incrementou nun trinta e oito por cento na última década. Os últimos datos que alarman son os datos do RETA publicados este mes que amosan que no último ano na Galiza perdemos mil cincocentas doce persoas autónomas que cotizaban no sector do comercio. E a este panorama

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desolador hai que engadirlle o gran número de persoas que está á fronte dun negocio e que está a piques de xubilarse; unha xubilación que, salvo en contadas excepcións, suporá a desaparición do negocio, xa que non hai ninguén que continúe coa actividade. É un problema que precisa de medidas que contribúan para a remuda xeracional no sector, achegando xente moza que garanta o seu futuro; pero estando de acordo coa necesidade destas medidas, no Bloque Nacionalista Galego consideramos que hai que abordar a situación do comercio galego na súa totalidade.

A pregunta que lles fago é: ¿animarían vostedes as súas fillas ou os seus fillos a emprender un negocio, abrindo un pequeno comercio na situación na que se atopa o sector na actualidade? Estou segura de que non porque as persoas autónomas que están á fronte dun pequeno negocio na Galiza son auténticas heroínas e heroes, cunha resiliencia e un valor dignos de admirar. As condicións coas que teñen que lidar día a día as persoas que tentan vivir dun pequeno comercio son moi, moi difíciles. O avance das grandes superficies comerciais —a que ningún Goberno, nin estatal, nin galego, nin municipal, pon freo— é unha das ameazas que sofre o tecido comercial, xa que un pequeno comercio non pode competir en igualdade de condicións ante os xigantes comerciais.

A lexislación actual beneficia as grandes superficies, lastrando o pequeno comercio baixo a escusa da libre competencia; unha lexislación que liberalizou os horarios e os períodos de promocións e de rebaixas. Vemos agora promocións e rebaixas durante todo o ano nas grandes superficies contra as que, tal e como denuncia a Asociación de Comerciantes, o pequeno comercio non pode competir. E agora, enriba, aparecen os eventos e as feiras de oportunidades, isto é, os chamados outlet, que, en moitos casos, se celebran en recintos feirais xestionados pola Xunta de Galiza; eventos e feiras que non cumpren a lexislación, unha lexislación que o Goberno galego non fai cumprir, xa que son as propias asociacións as que teñen que denunciar a súa realización para que non se celebren. En definitiva, vemos como os centros comerciais medran sen freo ao longo de todo o país, enterrando o pequeno comercio.

E, señora Gallego, Vigo e a súa área son o exemplo desta política de apoio ás grandes superficies e de abandono do tecido comercial. As políticas do «*welcome Primark*» do Goberno do Partido Socialista, no Concello de Vigo, están desertizando as rúas de Vigo do pequeno comercio. Vostede, coma min, que paseamos por Vigo —vostede dicíao antes—, vemos a enorme cantidade de locais comerciais pechados que hai na nosa cidade; unha situación que se repite ao longo e ancho de todo o país, en todas as cidades, en todos os pobos do noso país.

Á competencia desleal das grandes superficies hai que engadirlle o avance do comercio en liña, fronte ao que o Goberno do Partido Popular rexeitou medidas propostas polo BNG, para, entre outras, poñer en marcha unha gran plataforma en liña que acolla e promocione todo o tecido comercial galego. Somos conscientes de que non vai poder competir nin con Amazon nin con ningún outro xigante de venda en liña, pero pódese facer un esforzo para poñer en marcha unha gran plataforma que axude e apoie o sector. E agora imos escoitar a portavoz do Partido Popular, dándonos cifras destinadas á dixitalización e á modernización do comercio galego —que están moi ben; xa lle anuncio que no Bloque Nacionalista Galego esta-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos de acordo con esas axudas—, pero o que nos traslada o sector é que a maioría das persoas non pode acollerse e non aproveita estas axudas adecuadamente pola falta de formación e de recursos de apoio, polo que é fundamental avanzar neste sentido. Non chega con sacar axudas para a transformación dixital.

¿Cren vostedes que a maioría das persoas que está á fronte dun pequeno comercio na Galiza sabe o que é o *smart retail*, ou o software de xestión de experiencia da clientela, as aplicacións *big data* e a análise de datos, o etiquetado electrónico para lineais de venda, a tecnoloxía de *control-stop*, a xestión de colas automatizada, os sistemas de *click and collect*, o software para xestión loxística, as solucións de ciber..., etcétera, etcétera? Estas son as actuacións subvencionables dentro do Programa de modernización do comercio: Fondo Tecnolóxico, no Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado polos Next Generation da Unión Europea.

Eu creo que a estas alturas todos estamos de acordo en que a maioría dos nosos comerciantes non sabe o que é iso; por iso son precisas medidas de apoio, de asesoramento e de seguimento para garantir a modernización e o futuro do comercio galego. Non chega con sacar axudas, que son meros anuncios e propaganda, que non van servir para axudar o comercio galego; axudarán —e estamos de acordo tamén— as empresas de software e de tecnoloxía informática, pero non —iso seguro— a tenda de roupa da señora María ou a ferraxaría do José.

A realidade do tecido comercial galego precisa dunha diagnose inicial que permita poñer en marcha medidas reais que axuden o sector, que teñan en conta o perfil das persoas que están á fronte dos negocios. Miren, eu nacín nunha tenda de pobo. Miña nai e meu pai tiñan a tenda da parroquia á que ían mercar todas as veciñas e os veciños. Cando eu nacín, miña nai abría os sábados, os domingos, e chamaban á porta pola mañá, pola noite, á hora que fose, e consideraron un avance monumental pechar os domingos e os sábados pola tarde. Na actualidade iso recuou, e agora abren máis que hai uns anos. Vense obrigados a cumprir uns horarios que son infernais. As persoas que nos atenden, cando imos mercar a un pequeno comercio, traballan de luns a sábado e dez domingos ao ano, porque non poden deixar de abrir eles cando abren as grandes superficies; non teñen vacacións; traballan das dez da mañá ata ás oito e media da tarde e con salarios que non chegan a mil douscentos euros ao mes, iso no caso de que ese mes sacasen o suficiente para cobrar o salario porque, se non venden, non cobran.

E estas son as condicións que lles ofrecemos ás mozas e aos mozos galegos que queremos que emprendan no comercio. ¿Se vostedes fosen un mozo ou unha moza desas, faríano? Eu xa lles digo que non; eu non. Por iso no Bloque Nacionalista Galego consideramos que está ben que se traia esta iniciativa, pero pensamos que, se non abordamos a situación do comercio galego en diálogo con todo o sector para adoptar medidas que permitan a viabilidade do sector comercial galego, imos animar a nosa mocidade a emprender nun negocio que non vai funcionar, que non lles vai garantir un futuro.

Por iso o Goberno galego ten que deixar a súa política de fotos, de anuncio e de propaganda e poñerse a traballar. Temos as competencias en materia de comercio interior, e o Partido

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Popular está permitindo que unha actividade, que é estratéxica en materia económica de emprego na Galiza, esmoreza ata desaparecer. Hai que tomar medidas e hai que tomalas xa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Señora Gallego, deuse conta tarde o Partido Socialista de Galicia da situación que está a atravesar o pequeno comercio e os pequenos autónomos; unha situación que, en efecto, é preocupante. É unha problemática, ademais, que, mal que lles pese —porque pretenden poñer o foco única e exclusivamente en Galicia, na Xunta de Galicia e no Partido Popular—, non é exclusiva de Galicia, senón do conxunto de España. Vostedes mesmos deron aquí algúns dos motivos: as grandes cadeas e outros motivos.

¿Onde está a clave, por tanto, da iniciativa que traen hoxe? Está en que a problemática que sofre o sector do comercio non é descoñecida nin para o Partido Popular nin é descoñecida para o Goberno galego, que leva anos traballando co sector da man dos seus representantes para apoialo nesa necesaria evolución dos seus negocios cara aos novos patróns de consumo que se están asentando na nosa sociedade hoxe e que requiren, por suposto, cambios no modelo tradicional do pequeno comercio para adaptarse ás preferencias e aos hábitos das persoas consumidoras actuais, nin máis nin menos. Polo tanto, a dificultade que descubriu hoxe o Partido Socialista está totalmente identificada e foi posta totalmente enriba da mesa, hai anos, por parte do Goberno galego.

Di, señora Gallego, que o Goberno galego ten que tomar medidas e orzalas. De verdade, eu non sei se o fan por descoñecemento ou porque lles interesa negar que esas medidas xa existen; por iso, eu vou tomar a licenza —aínda que sei que a señora González xa coñece as axudas para a modernización do comercio— de facerlles un resumo das medidas que no día de hoxe coñecen todos os cidadáns que queren emprender no noso país.

Miren, hai oito polos de emprendemento activos para avaliar as potencialidades do negocio. Eu sei que non lles gusta esta iniciativa, que leva só dez meses en marcha, pero agora voulles dar os datos acadados con ela. Como lles dicía, hai oito polos de emprendemento activos para avaliar as potencialidades de negocio vinculadas aos territorios —porque vostede falou de territorio— e poder dar así unha resposta ás mozas, aos mozos e ás persoas emprendedoras, e que teñan aí unha saída laboral. Miren, nos dez meses de funcionamento dos polos de emprendemento, cento noventa e tres mulleres e cento trinta e catro homes recibiron atención; houbo trescentos sete proxectos atendidos en dez meses, dos cales douscentos corenta e tres —é dicir, o oitenta por cento— están xa, no día de hoxe, en activo. Poderiamos falar da ferramenta SIE, un sistema de intelixencia territorial para acompañalos no desenvolvemento deses proxectos. Isto é apoiar o comercio, señora Gallego.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste mes de xuño poremos en marcha, ou porá en marcha o Goberno galego, o programa de microcréditos para apoiar os emprendedores na posta en marcha das súas iniciativas: son 2,5 millóns de euros de orzamento. Temos as dúas ordes de axuda dos Xempre Emprendemento —que vostedes nin as mencionan— para impulsar a creación desas iniciativas e consolidalas e para apoiar a inversión e a creación de emprego: son 12,9 millóns de euros de orzamento; o programa Emega, que discrimina e apoia positivamente as mulleres emprendedoras: son 4,8 millóns de euros.

Hai 60 millóns de euros dedicados aos autónomos. O programa Impacto autónomo abriu a súa convocatoria o 9 de xaneiro deste ano —a principios do mes de xaneiro— e a principios do mes de maio 21.457 autónomos xa tiñan no peto as axudas da Xunta de Galicia para minimizar os custos da suba das materias primas e os custos da suba das subministracións; o programa Xempre autónomo para apoiar o inicio da actividade por conta propia, que discrimina tamén positivamente as mulleres e os menores de trinta anos, con axudas que poden chegar ata os 10.000 euros, cun orzamento de 12 millóns de euros; o Bono para as persoas autónomas: son 8 millóns de euros; as axudas para a contratación do primeiro, do segundo e do terceiro traballador: son 1,35 millóns de euros; o programa Mentoring para acompañar e para transformar os seus negocios; o programa de apoio á conciliación: é un millón de euros; o programa Nova Oportunidade: son 1,5 millóns de euros; nestes momentos están xa iniciados os traballos para deseñar a estratexia de impulso ao emprego autónomo 2023-2026, en colaboración coa Mesa do Emprego Autónomo.

E son todas medidas da Consellería do Emprego. E podería seguir por outras consellerías: podemos sumar as medidas do Inega; podemos sumar as medidas do Igape; ou mesmo as medidas específicas da Dirección Xeral de Comercio, que, neste ano 2023, vai destinar 24 millóns de euros para esa transformación dixital do sector comercial e artesanal —sobre a que falaba a señora González— e para impulsar a formación e a capacitación dos profesionais, que é exactamente igual de importante.

A min gustaríame que me dixese a señora Gallego onde está esa renuncia da Xunta de Galicia a apoiar o emprendemento, da que fala o Partido Socialista, porque non está por ningún lado; non a ve ninguén, excepto o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. Vostedes mesmos métense en charcos sen protexerse, sen poñerse as botas de auga.

Mire, vou continuar. Onte mesmo rematou o prazo para presentar as axudas no Programa de potenciación das prazas de abasto: son 4,6 millóns de euros. ¿Dígame se iso non é comercio de proximidade e se e non é axudar o comercio de proximidade para mellorar as instalacións e para a dinamización comercial? Dicía vostede que o bono Activa Comercio era un parche. ¿Está de broma?; eu quero pensar que está de broma. Mire, nas dúas primeiras edicións mobilizou 41,3 millóns de euros e en quince días —porque se iniciou hai quince días— leva 8,8 millóns de vendas mobilizadas. ¡Se iso é un parche...!

Mire, nesta iniciativa o Partido Socialista mencionou tamén a Asociación de Traballadores Autónomos. Eu non ía nomealos, pero, xa que vostedes o fixeron, vouno facer. Mire, eu quería facerlle unha pregunta: ¿sabe vostede cal foi o peor Goberno para os autónomos e para os emprendedores do noso país? ¿Sabe cal foi? Dígollo eu: o tándem Partido Socialista-Po-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

demos axudado polo Bloque Nacionalista Galego. Nunca —e dígollo en serio—, nunca un Goberno do Estado fixo tanto dano aos autónomos do noso país. E podería ser unha frase feita por min, pero non o é; son palabras dos propios autónomos*: (A señora Pérez López le o recorte dunha noticia.) «Nunca un Gobierno hizo tanto daño a los autónomos»*. Non é unha frase feita por esta humilde deputada.

Mire, os autónomos están fartos. Eu non sei se podo nomear o señor Sánchez, porque de quen están fartos é del. Están fartos de que o señor Sánchez lles diga unha cousa hoxe e lles diga outra cousa mañá, e faga a contraria ao que lles dixo os dous días anteriores. E temos centenas de exemplos, pero poderíalle poñer un moi soado, por exemplo, a suba unilateral da base mínima de cotización, rompendo un acordo previo e sen dar ningún tipo de explicacións. E vostedes véñennos dicir aquí hoxe que somos nós os que non estamos a axudar os autónomos. ¿É un pouco de coña, non?

Mire, poderiamos falar tamén da pandemia, porque tamén o fixo vostede. Falando dos autónomos, poderiamos falar da pandemia, da diferenza entre os plans de rescate do Goberno do Estado e os plans de rescate da Xunta de Galicia. Os plans do Goberno do Estado foron restritivos —poucos foron os autónomos que se puideron acoller a eles, a pesar das sucesivas modificacións que fixo o Goberno do Estado—, ríxidos e lentos. En Galicia houbo once mil beneficiarios. ¿E os plans de rescate de autónomos da Xunta de Galicia, isto é, con fondos propios da Xunta de Galicia? Ademais de adiantarse aos plans de rescate do resto do Estado, recollían a flexibilidade que requiría o momento —aquel momento de pandemia— e beneficiaron máis de trinta mil persoas autónomas galegas; moitos foron autónomos dese comercio de proximidade do que vostede falaba hoxe.

Mire, ¿sabe canto se dispararon os custos dos autónomos nos últimos dous anos do Goberno do señor Sánchez e do Bloque Nacionalista Galego? Un trinta por cento, o mínimo, señorías. Iso é importante. ¿E sabe para que se dispararon eses custos? ¿Saben o que din os autónomos? Para pagar, para que o señor Sánchez poida seguir viaxando en Falcon e para comprar vontades previas ás citas electorais. Polo tanto, eu pediríalles que tomasen isto con seriedade, que falemos con seriedade das cousas serias.

Por moito que se empeñen en querer vender outra cousa, a realidade do apoio ao emprendemento e do apoio ao emprego autónomo por parte do Goberno galego é a que lles acabo de dar. E todos os programas son transversais, non fai falta un programa dirixido á xuventude. Todos os programas son transversais, todos os programas dan cobertura nestes momentos a todos os colectivos e a todo o sector comercial galego. Polo tanto, se todos nos facemos a pregunta de se é necesario facer un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade, a resposta é non, porque ese plan xa existe, porque ese plan é transversal, dá cobertura a todos os colectivos e está a funcionar; e está a funcionar porque o din os datos do Caderno de Indicadores de Comercio Interior, do CICI, elaborado polo Ministerio de Industria —tampouco foi elaborado por min—. E eses datos, señorías, o que din é que *(A señora Pérez López le dun documento.) «en Galicia abren más comercios de los que cierran y están a mudar tendencias»*. Non o estou a inventar eu porque son datos do ministerio.

Polo tanto, mentres o tándem Pedro Sánchez-Bloque Nacionalista Galego espreme os emprendedores e os autónomos, e compra vontades cos cartos dos contribuíntes, porque —en-

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tendo eu—non lles saen as contas, en Galicia o Goberno do Partido Popular inviste na transformación, inviste na modernización, inviste na profesionalización do sector comercial e inviste na súa dinamización.

Polo tanto, non hai ningunha dúbida de que a tenda física, esa tenda a pé de rúa de Galicia, ten futuro, e que conta nestes momentos e seguirá a contar no futuro co Goberno do Partido Popular e co Goberno galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez López.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bueno, como vexo que seguimos en campaña electoral, pois nada.

Unha aclaración, señora González, o Concello de Vigo resulta que dá axudas aos pequenos comercios, ás asociacións de comerciantes, aos mercados e ás prazas de abasto; e é máis, incluso fai campañas para que se merque no comercio local. Iso por unha banda. Por outra banda, señora Pérez: ¿sabe quen comprou o Falcon? Un señor chamado Aznar. ¡Oh! Tanto Falcon, tanto falcon... Mire, señora Pérez, ¿Aznar, en que ía; en burra? ¿E Mariano Rajoy, en que ía; en burra? ¡Non!, ían en Falcon tamén. *(Aplausos.)* A ver, é que ¡veña!, sigamos de campaña electoral; ¡veña! que agora temos outra. Imos coa campaña electoral. *(Murmurios.)*

Bueno, aquel futuro alcalde *(A señora Gallego Sanromán vírase cara ao señor presidente e diríxese cara a el.)* creo que quere falar hoxe; non sei que lle pasa. *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Igual se quere despedir.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Non sei que lle pasa. ¿Quérese despedir? *(Escóitanse palabras que non se perciben.)* Bueno, pois entón que traia aquí unha iniciativa; que o deixen falar. Deixádeo falar, ¡a ver! *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Despois, seguimos co Goberno de España porque como estamos en campaña, Pedro Sánchez... *(A señora Gallego Sanromán volve virarse cara ao señor presidente.)* ¿Cantas veces se mencionou Pedro Sánchez agora, aquí, neste momento? E non está presente.

O señor PRESIDENTE: Non o insultaron.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ¡Ah!, non insultaron. Bueno, non sei eu se non insultaron. *(Murmurios.)* Bueno, moi ben.

Mire, señora Pérez, ¿sabe canto investiu o Goberno de España en Galicia para os autónomos e para o sector do comercio? 46 millóns o ano pasado —46 millóns—; ¿sabe canto tiña de

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

orzamento a Xunta de Galicia para Comercio o ano pasado? Dezaoito millóns. Corenta e seis millóns tiña o Goberno horrible —horribilísimo— de Pedro Sánchez —46 millóns— e a Xunta de Galicia, a marabillosa Xunta de Galicia, tiña 18 millóns para Comercio. Esas son as cifras.

E despois vostede segue dicindo o mal que o fai todo o Goberno de España, e resulta que o Goberno de España mandou á Xunta de Galicia 1.219 millóns para a Comunidade Autónoma xestionar; mil douscentos dezanove millóns e 1.175 millóns para o Goberno do Estado executar. En total: 2.394 millóns deu o Goberno do Estado para Galicia, pero non pasa nada. Aquí o Goberno do Estado é malísimo e non fai nada —nada de nada—.

E mire, hai que escoitar máis *(A señora Gallego Sanromán sinala repetidamente coa man dereita a orella dereita.)* porque di vostede que eu hoxe descubrín os problemas. «Benvida» —díxome—, «benvida por ter descuberto os problemas do comercio local». Non, señora Pérez, eu levo dende o principio desta lexislatura traendo os problemas do comercio local; antes non puiden traelos porque non estaba aquí, pero levo dende o principio desta lexislatura reivindicando aquí que se fagan xa axudas verdadeiras e non a lista da compra que acaba de sacar vostede aquí. Esa lista da compra de axudas —que sacou aquí— non son suficientes. Hai que rescatar dunha vez o pequeno comercio con orzamento suficiente porque necesitan ese verdadeiro rescate, e xa llo dixen, unha e outra vez, ao seu grupo parlamentario, pero non queren escoitar —e ese é un problema que teñen vostedes, que non escoitan—.

E tamén falou vostede de moitas axudas; sacou a lista da compra, ¡vamos! Pero quero parar nunha das axudas para autónomos, que chegaron tarde, mal e a rastro; esas axudas para autónomos —hai máis de douscentos mil autónomos—, que chegaron só a 20.000 autónomos. ¿Sabe por que? Porque nestas axudas mantiveron os criterios de ingresos do ano anterior, no cal estes eran inferiores debido a que non se dera aínda a alza de prezos que afecta a economía galega, e por iso non se presentaron máis autónomos. Foi unha auténtica chapuza; iso é o que foi, unha chapuza, si.

Se todo é tan perfecto, se realmente xa están todos os pequenos comercios, se xa hai emprendemento, se é todo tan fantástico, eu non sei como pecharon dous mil setecentos pequenos comercios; non sei como pecharon nos últimos anos tantos comercios, se todo é perfecto, segundo vostede. Entón, eu diríalles que realmente, por favor, lle desen unha volta. *(A señora Gallego Sanromán estende o brazo dereito para sinalar o señor vicepresidente.)* Xa que está aquí o vicepresidente, el podía facer por rescatar o pequeno comercio porque resulta que as competencias son da Xunta de Galicia.

Señor vicepresidente, estaría ben que rescatase o pequeno comercio para que non desapareza, porque se non, de todo isto se deduce unha cousa: a ineficacia e a ineficiencia da Xunta de Galicia co pequeno comercio, co comercio de proximidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei, e comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Noa Díaz Varela.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Popular. Non sei se a aceptou ou non, señora Díaz Varela. Non a aceptou.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización da nova Estratexia da cultura galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa da señora Díaz Mouteira.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ovidio Rodeiro Tato e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para reiterar a necesidade de deseñar unha proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade con criterios homologables e uniformes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de dona Cristina Sanz.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que garanta a cogobernanza real e efectiva coas comunidades autónomas do ecosistema industrial español, así como dos fondos Next Generation UE destinados á industria.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Iria Carreira.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que se acepta.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación da Unidade de Psiquiatría Infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de explotación da mina de San Fins, en Lousame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan de emprendemento no comercio de proximidade para a mocidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
10. Cachafeiro Anta, Belén (P)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Candia López, María Elena (P)
13. Carballo Páez, Ramón (P)
14. Carreira Pazos, Iria (BNG)
15. Castro García, Daniel (BNG)
16. Castro Rey, Paloma (S)
17. Conde López, Francisco José (P)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
23. Ferro Iglesias, José Luis (P)
24. Freire Vázquez, María Begoña (P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
26. García Vidal, Ana Belén (P)
27. Gómez Salgado, Carlos (P)
28. González Albert, María (BNG)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Sánchez, Rosalía (P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
35. Ojea Arias, Eduardo (S)
36. Ortega Otero, Marina (S)
37. Otero Lago, Noelia (S)
38. Otero Rodríguez, Patricia (S)
39. Pardo López, Adrián (P)
40. Pazos Couñago, José Alberto (P)
41. Pérez Domínguez, Fernando (P)
42. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
43. Pérez López, Daniel (BNG)
44. Pérez López, Noelia (P)
45. Pomar Tojo, Carmen María (P)
46. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
47. Porro Martínez, María Corina (P)
48. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
49. Prado del Río, Paula (P)
50. Prado Patiño Jesús Miguel (P)
51. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
52. Puy Fraga, Pedro (P)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Rey Varela, José Manuel (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
58. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
59. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-nRWfwMhl6-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/